

**Escola Galega de Administración
Pública (EGAP)**

Memoria 2004





**Escola Galega de Administración
Pública (EGAP)**
Memoria 2004

XUNTA DE GALICIA

Edita

Escola Galega de Administración Pública

Supervisión lingüística

Mar González Tarrela
Antonio Sayáns Gómez

Maquetación

uqui IIIII cebra

Fotografía

Voz Noticias

Impresión

Litonor

Depósito legal: C-120-2005

Índice

<u>7</u>	PRESENTACIÓN
<u>9</u>	A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
<u>17</u>	ACTIVIDADES DA XEFATURA DE ESTUDOS
<u>19</u>	1. Conferencias
<u>21</u>	2. Xornadas, seminarios, etc.
<u>47</u>	3. Cursos
<u>50</u>	4. Publicacións non periódicas
	ACTIVIDADES DO SERVIZO DE FORMACIÓN DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA
<u>53</u>	DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA
<u>55</u>	1. Cursos
	ACTIVIDADES DO SERVIZO DE FORMACIÓN DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL E DOUTRAS ADMINISTRACIÓN
<u>131</u>	ADMINISTRACIÓN LOCAL E DOUTRAS ADMINISTRACIÓN
<u>133</u>	1. Área local
<u>133</u>	1.1. Cursos
<u>179</u>	1.2. Xornadas, seminarios, etc.
<u>190</u>	1.3. Outras actividades
	ACTIVIDADES DO SERVIZO DE ESTUDOS, INVESTIGACIÓN E PUBLICACIÓN
<u>193</u>	INVESTIGACIÓN E PUBLICACIÓN
<u>195</u>	1. Cursos
<u>205</u>	2. Seminarios, xornadas, etc.
<u>206</u>	3. Investigación
<u>210</u>	4. Publicacións
<u>212</u>	5. Biblioteca - Centro de documentación
<u>215</u>	PROFESORES COLABORADORES
	RESUMO ESTATÍSTICO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NA EGAP POR OUTRAS INSTITUCIÓN
<u>245</u>	Actividades realizadas na EGAP por outras institucións
<u>247</u>	
	RESUMO ESTATÍSTICO DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DA EGAP
<u>279</u>	DE FORMACIÓN DA EGAP
<u>281</u>	1. Actividades organizadas pola Xefatura de Estudos
<u>283</u>	2. Actividades organizadas polo Servizo de Formación do Persoal da Administración Autonómica
<u>307</u>	3. Actividades organizadas polo Servizo de Formación do Persoal da Administración Local e doutras Administracións
<u>314</u>	4. Actividades organizadas polo Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións
<u>316</u>	5. Resumo global das actividades de formación da EGAP
	REPORTAXE GRÁFICA DE ACTOS EN COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN
<u>321</u>	OUTRAS INSTITUCIÓN

Presentación



Domingo Bello Janeiro
Director da EGAP

Teño a satisfacción de presentar a *Memoria* que recolle as principais actividades da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) durante o ano 2004, dirixidas á formación profesional dos empregados públicos da nosa Comunidade autónoma, fundamentalmente da Administración autonómica e da Administración local.

Dentro do **sector de formación do persoal da Administración autonómica**, mantivéronse os programas de formación de directivos, xefes de sección e de negociado, así como os cursos característicos das áreas xurídica, económica, etc.

Na área informática fíxose un gran fincapé na descentralización dalgunhas accións formativas:

Iniciación á informática e procesador de textos, folla de cálculo.

No que se refire á lingua galega, ou máis propiamente á linguaxe administrativa galega, continuouse co programa de formación en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, coa que se realizaron quince edicións do Curso medio de linguaxe administrativa galega.

No sector da **Administración local** desenvolveuse un programa formativo a través do CELGA. As actividades formativas inclúen as áreas informática, xurídica e económica para estudar, nesta última, as novidades normativas máis importantes no ámbito local.

A EGAP fixo un grande esforzo este ano para realizar integramente en Galicia os cursos selectivos para o acceso ás escalas de secretaria-intervención e de intervención-tesouraría.

Da ampla e interesante oferta de **xornadas, seminarios, conferencias**, etc. abertas ao persoal de todas as administracións públicas galegas e interesados en xeral, cómpre subliñar as seguintes actividades:

- *A Conferencia de apertura do curso sobre unha nova Administración pública.*
- *Réxime urbanístico do solo do núcleo rural.*
- *A nova Lei tributaria.*

- *Novidades normativas sobre o réxime xurídico e xestión económico-financeira das corporacións locais de Galicia.*
- *A protección xurídica e patrimonial dos discapacitados.*
- *Dereito agrario.*
- *Función pública comunitaria.*
- Etc.

Este resumo inclúe tanto as actividades financiadas con fondos propios da Xunta de Galicia coma as financiadas con fondos estatais para a formación continua. Entre os obxectivos xerais deste Plan, cómpre destacar a extensión da formación a todos os ámbitos da Administración autonómica, con especial atención do persoal laboral.

A estrutura desta memoria permite obter a información do realizado polas seguintes unidades administrativas da EGAP: Xefatura de Estudos, Servizo de Formación do Persoal da Administración Autonómica, Servizo de Formación do Persoal da Administración Local e doutras Administracións e o Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.

Logo da descrición das accións formativas, recóllense nun resumo estatístico as cifras de actividades, horas lectivas, profesores e prazas ofrecidas aos empregados públicos das administracións galegas.

Santiago de Compostela, decembro de 2004



**A Escola Galega
de Administración Pública**

1. Introducción

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) é esencialmente un centro público de formación do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia e de estudo e divulgación de temas relacionados coa Administración e coa función pública.

Hoxe ten a consideración xurídica de organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia. Anteriormente fora configurada como órgano administrativo sen personalidade xurídica, segundo o Decreto 163/1982, do 1 de decembro.

2. Fins

Na configuración actual, pola Lei 10/1989, do 10 de xullo (de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública) a EGAP ten os seguintes fins:

- a) Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ao servizo da Administración desta Comunidade autónoma, convocadas de conformidade co disposto na Lei de función pública de Galicia, e doutras administracións públicas que logo do convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- b) Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, subseguintes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- c) Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado a).
- d) Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- e) Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con habilitación de carácter nacional, nos termos previstos no artigo 98.1 da Lei 7/1995, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- f) Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia sen habilitación de carácter nacional, de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.

- g) A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, co fin de promover a súa máxima difusión.
- h) O establecemento de convenios e a realización de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas no ámbito estatal e internacional.
- i) A difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e mais a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.
- l) Calquera outro que se lle asigne por lei.

Para o cumprimento destes fins, a EGAP poderá concertar con centros universitarios de Galicia e con outros centros ou entidades de titularidade pública ou privada a realización das actividades pertinentes.

3. Organización: especial referencia ao Consello Reitor

Os órganos superiores de goberno e administración da EGAP son:

- O Consello Reitor.
- O director.

3.1. O Consello Reitor ten atribuídas as seguintes facultades:

- a) Aprobar o Anteproxecto do orzamento anual da Escola e as súas contas.
- b) Aprobar o Plan anual de actividades, o Plan de estudos e a memoria da Escola.
- c) Darlle a conformidade aos proxectos de convenios con centros semellantes doutras administracións públicas e institucións.
- d) Propoñer a organización administrativa da escola e o seu correspondente cadro de persoal.
- e) Propoñer os programas comúns para o ingreso na Administración pública galega e emitir un informe sobre os programas específicos da selección do persoal ao servizo desta, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.
- d) Establecer as bases e condicións xerais de participación e acceso aos cursos ou actividades que convoque a EGAP.
- e) Elaborar e aprobar o regulamento interno da EGAP.
- f) Coñecer os asuntos que, pola súa relevancia, lle sometan ao presidente do Consello ou ao director da EGAP.

O Consello Reitor da EGAP está constituído do seguinte xeito:

Presidente:

■ **Excmo. Sr. D. Jaime Pita Varela**

Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Vicepresidente:

■ **Ilma. Sra. D.ª Milagros Vázquez Tenorio**

Directora xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Vogais:

■ **Ilmo. Sr. D. Domingo Bello Janeiro**

Director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

En representación da Xunta de Galicia:

■ **Ilmo. Sr. D. Jaime Bouzada Romero**

Inspector xeral de Servizos da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

■ **Ilmo. Sr. D. Pablo Figueroa Dorrego**

Secretario xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

■ **Ilmo. Sr. D. Alfonso Rueda de Valenzuela**

Director xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

■ **Ilma. Sra. D.ª María Casais Mira**

Directora xeral de Orzamentos da Consellería de Economía e Facenda.

■ **Ilmo. Sr. D. Javier Suárez García**

Director xeral xefe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Expertos en Administración pública:

■ **Ilmo. Sr. D. Gaspar Ariño Ortiz**

Catedrático de dereito administrativo da Universidade Autónoma de Madrid.

■ **Ilmo. Sr. D. Lorenzo Martín Retortillo**

Catedrático de dereito administrativo da Universidade Complutense de Madrid.

■ **Excmo. Sr. D. José Luis Meilán Gil**

Catedrático emérito de dereito administrativo da Universidade da Coruña.

■ **Ilmo. Sr. D. José Luís Carro Fernández-Valmayor**

Catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.

■ **Excmo. Sr. D. Álvaro Rodríguez Bereijo**

Conselleiro do Consello de Estado e catedrático de dereito financeiro da Universidade Autónoma de Madrid.

En representación das universidades:

■ **Ilmo. Sr. D. Ramón Máiz Suárez**

Catedrático e decano da facultade de ciencias políticas e sociais da Universidade de Santiago de Compostela.

■ **Ilmo. Sr. D. Jesús Martínez Girón**

Catedrático de dereito do traballo da Universidade da Coruña.

En representación da Administración local:

■ **Ilmo. Sr. D. Francisco Cacharro Pardo**

Presidente da Deputación provincial de Lugo.

■ **Sr. D. Jesús Villamor Calvo**

Alcalde-presidente do Concello de Padrón (A Coruña).

■ **Sr. D. Juan Jiménez Morán**

Alcalde do Concello de Verín (Ourense).

■ **Sr. D. Eduardo Ramonde Rodríguez**

En representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

Representantes sindicais:

■ **Sr. D. Pedro Luaces González**

En representación da UXT.

■ **Sr. D. Alexandre Banhos Campo**

En representación da CIG (Administración autonómica).

■ **Sr. D. Xabier Picón Picallo**

En representación da CIG (Administración local).

■ **Sra. D.ª Dolores Fernández Nantes**

En representación de CC.OO.

■ **Sr. D. Rosario Valledor Puente**

En representación da UXT.

Secretario:

■ **Ilmo. Sr. D. José Ramón Pardo Cabarcos**

Secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública.

3.2. O director da EGAP ten as seguintes competencias:

- a) Exercer a representación ordinaria da Escola.
- b) Preparar e executar os acordos do Consello Reitor.
- c) Dirixir os servizos e exercer a xefatura do persoal da Escola.
- d) Exercer a xestión orzamentaria da Escola, dispoñer os gastos e propoñer a ordenación dos pagamentos.
- e) Elaborar o Anteproxecto do orzamento anual da Escola, para sometelo á aprobación do Consello Reitor.
- f) Propoñerlle ao Consello Reitor o Plan anual de actividades.
- g) Preparar a memoria de actividades da Escola, para o seu sometemento ao Consello Reitor.
- h) Coordinar o desenvolvemento das actividades da Escola.
- i) Expedir os diplomas e os certificados acreditativos dos estudos realizados na Escola.
- l) Dirixir, impulsar e supervisar o cumprimento dos fins e das actividades da Escola.

Baixo a dependencia do director da Escola e á fronte da Área de Administración, hai un **secretario xeral** ao que lle corresponden as seguintes atribucións:

- a) Desempeñar a Secretaría do Consello Reitor.
- b) Coordinar todos os servizos da Escola.
- c) Elaborar o Anteproxecto do orzamento.
- d) Xestionar os créditos orzamentarios.
- e) Tramitar e xestionar a contratación administrativa.
- f) Dirixir a xestión do persoal da EGAP.
- g) Administrar e xestionar o patrimonio.
- h) Elaborar os anteproxectos de disposición, instrucións e circulares.
- i) Asistir ao director en asuntos xurídicos e financeiros.
- l) Réxime interior da EGAP.
- m) Substituír ao director nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.
- n) Aquelas competencias que o director lle delegue.

A **EGAP** estrutúrase nas seguintes
Unidades organizativas básicas

a) Dependentes do director

Servizo de Selección, Formación,
Perfeccionamento e Especialización
do Persoal da Administración
Autonómica

Servizo de Selección, Formación,
Perfeccionamento e Especialización
do Persoal ao Servizo da
Administración Local e doutras
Administracións Públicas

Servizo de Estudos,
Investigación e Publicacións

b) Dependentes do secretario xeral

Servizo Económico-Administrativo



Actividades



Actividades da Xefatura de Estudos

1. Conferencias

Acto de apertura do curso 2004. Conferencia inaugural: *Cara a unha nova Administración pública*

*Acto de apertura do curso
(Salón de actos da EGAP, 26 de xaneiro de 2004)*

*De esquerda a dereita: o director da EGAP,
a ex-ministra de Administracións Públicas
e o presidente da Xunta de Galicia.*

1. Obxectivos

Divulgar os obxectivos e logros da reforma administrativa da Administración xeral do Estado.

2. Destinatarios

Interesados en xeral.



3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 horas.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da EGAP.
- 3.3. Datat: 26 de xaneiro de 2004.
- 3.4. Horario: mañá.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

A modernización administrativa da Administración xeral do Estado. Obxectivos. Compromisos do Ministerio das administracións públicas. Logros da reforma. A formación continua. A colaboración do Instituto Nacional de Administración Pública coa EGAP.

1



5. Convocatoria

Mediante invitación persoal.

2

Fotografía 1

Acto de apertura do curso. Conferencia inaugural: Cara a unha nova Administración pública (Salón de actos da EGAP, 26 de xaneiro de 2004)

De esquerda a dereita: Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta de Galicia; Domingo Bello Janeiro, director da EGAP; Julia García-Valdecasas Salgado, ex-ministra de Administracións Públicas; e Arsenio Fernández de Mesa, ex-delegado do Goberno en Galicia.

Fotografía 2

Vista xeral do público asistente ao acto de apertura do curso (Salón de actos da EGAP, 26 de xaneiro de 2004).



2. Xornadas, seminarios, etc.

Xornadas sobre o réxime urbanístico do solo do núcleo rural

[en colaboración coa *Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente*]

1. Obxectivos

A nova lexislación galega do solo incorpora no seu articulado unha novidade moi importante como é a regulación do solo de núcleo rural, de extraordinaria repercusión no ámbito urbanístico, dada a especial configuración territorial da nosa Comunidade, facendo unha particular regulación deste e dotándoo dun conxunto de normas que o equipara ás xa coñecidas clasificacións de solo.

Estas xornadas veñen sintetizar as novidades introducidas e os resultados rexistrados a dous anos da promulgación da Lei do solo galega.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública na Coruña.
- 3.3. Datras: 25 e 26 de febreiro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 230.

4. Contido

■ Concepto xurídico do solo do núcleo rural na Lei 9/2002 e diferenzas coa lexislación precedente. Modalidades de aplicación do réxime do solo do núcleo rural en municipios con planeamento xeral non adaptado á vixente Lei 9/2002. Distinción do solo do núcleo rural respecto ás restantes clases. Problemas de réxime transitorio.

■ Réxime dos dereitos e deberes urbanísticos do propietario de solo de núcleo rural. Réxime de uso, obras permitidas e limitacións da demolición de construcións existentes.

■ Réxime de usos permitidos e prohibidos. Problemas de aplicación práctica.

■ Condicións de edificación no solo do núcleo rural. Análise da documentación esixida nos expedientes de autorización para edificar nos núcleos rurais.

■ Réxime xurídico dos plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural.

■ Modalidades de obtención de dotacións nos núcleos rurais. Réxime xurídico da cesión de viais e as súas conexións e urbanización.

5. Convocatoria

DOG n.º 22, do 03-02-2004

Xornadas sobre a Lei da responsabilidade penal do menor: catro anos despois

1. Obxectivos

O novo proceso de menores introducido pola LO 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal do menor, supón un cambio substancial no conxunto normativo aplicable aos menores infractores. Os seus xa catro anos de aplicación non minaron o interese social que a súa entrada en vigor espertara, producíndose na actualidade continuas referencias a esta regulamentación, de importante transcendencia na vida xurídica e social do país, o que xustifica a realización destas novas xornadas.

A través dos relatorios que se expoñerán, preténdese a análise da solución político-criminal adoptada pola Lei 5/2000 e dos principios xerais que a informan. O correspondente estudo enfocarase desde unha perspectiva múltiple e teórico-práctica, que ofrezca unha visión completa das disposicións e que analice os problemas que se veñen rexistrando na aplicación da devandita lei.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública en Ourense
- 3.3. Datas: 9 e 10 de marzo de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 275.

4. Contido

- A Lei do menor: aspectos penais e procesuais.
- O proceso de menores: a fase de instrución.
- O proceso de menores: audiencia, sentenza e recursos.
- A intervención da autoridade xudicial, o Ministerio Fiscal e os avogados no proceso de menores.
- As medidas e as regras para a súa aplicación.
- A execución das medidas e disposicións finais: aspectos penais e procesuais.
- A intervención dos equipos técnicos no novo proceso de menores.
- A responsabilidade civil dos menores.

5. Convocatoria

DOG nº. 35, do 19-02-2004

Xornadas sobre o poder xudicial e as comunidades autónomas

1. Obxectivos

Analizar as principais novidades da reforma da Lei orgánica do poder xudicial (LO 6/1985, do 1 de xullo) operada pola LO 19/2003, do 23 de decembro, relacionadas coas competencias en materia de xustiza transferidas ás comunidades autónomas.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública na Coruña.
- 3.3. Datras: 22 e 23 de marzo de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 230.

4. Contido

- Estado autonómico e poder xudicial.
- Ámbito da competencia dos tribunais superiores de xustiza en materia de dereito civil: as peculiaridades do caso galego.
- A especialización da carreira xudicial. Especial consideración dos xulgados do mercantil.
- O procurador dos tribunais: as súas funcións.
- A policía xudicial.

- Do mito de Sísifo ou da xurisdición competente para coñecer das accións de responsabilidade civil fronte a unha Administración pública, no caso de existencia dun seguro de responsabilidade civil.
- A abstención e recusación dos xuíces e maxistrados.
- O secretario xudicial e a oficina xudicial.
- O Consello xeral do Poder xudicial: as súas competencias.

5. Convocatoria

DOG n.º 43, do 02-03-2004

Xornadas sobre o poder xudicial e as comunidades autónomas (A Coruña, 22 de marzo de 2004)

De esquerda a dereita: Juan José Martín Álvarez, director xeral de Xustiza; o director da EGAP; e Enrique López López, maxistrado e vogal portavoz do Consello Xeral do Poder Xudicial.



Xornadas sobre a Lei xeral de telecomunicacións

[en colaboración coa *Revista REDETI*]

1. Obxectivos

A aprobación dunha lei sectorial como a obxecto de exame nestas xornadas non pode pasar desapercibida, non só porque as telecomunicacións xeran actividade económica e postos de traballo, senón tamén porque delas depende en boa medida a produtividade da nosa sociedade. Estudar a nova lei é, neste sentido, indispensable para calquera cidadán responsable, pero éo máis para os directivos e funcionarios das administracións públicas chamados, quérerase ou non, a aplicar día a día e a estender os novos instrumentos telemáticos na nosa sociedade.

Unhas xornadas destinadas a examinar o novo sistema de regulamentación das nosas telecomunicacións, que o lexislador español adapta das directivas comunitarias, serán un instrumento moi útil para todos os interesados na superación das barreiras que impón a distancia e en promover un maior dinamismo económico e cultural desde as administracións públicas para a sociedade que serven.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol.
- 3.3. Datas: 13 e 14 de abril de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 120.

4. Contido

- Os fundamentos europeos da Lei xeral de telecomunicacións.
- Obxectivos e principais innovacións da nova lei.
- O servizo universal de telecomunicacións.
- O novo papel do Estado.
- A nova organización da administración de telecomunicacións.
- Os condicionamentos económicos dos operadores na nova lei.
- Os dereitos dos usuarios.
- O desenvolvemento normativo da Lei xeral de telecomunicacións. Novas técnicas e novos problemas.

5. Convocatoria

DOG n.º 58, do 24-03-2004

Xornadas sobre a nova Lei xeral tributaria e os procedementos



1. Obxectivos

Analizar o texto da nova Lei xeral tributaria 58/2003, do 17 de decembro, que vén substituír a Lei 230/1963, do 28 de decembro. A norma substituída era preconstitucional –xa tivera numerosas reformas parciais– e, polo tanto, estaba necesitada dunha modificación completa que convertera a LXT nunha verdadeira norma codificadora, dotada dunha sistemática e dun contido axeitado á actual realidade de cambios tecnolóxicos nos procedementos administrativos de aplicación dos tributos.

Xornadas sobre a nova Lei xeral tributaria e os procedementos (Salón de actos da EGAP, 16 de abril de 2004)

De esquerda a dereita: César García Novoa, catedrático de dereito financeiro e tributario da Universidade de Santiago de Compostela; Eugenio Simón Acosta, catedrático de dereito financeiro da Universidade de Navarra; e o director da EGAP.

Resáltase a oportunidade da realización destas xornadas, por canto a Lei 52/2003 terá a súa entrada en vigor o 1 de xullo de 2004, e os distintos profesionais vencellados á materia tributaria, tanto da Administración coma os asesores fiscais, terán o máximo interese no estudo da reforma integral levada a cabo.

Cómpre destacar tamén que a maioría dos relatores que intervirán nestas xornadas son especialistas de dereito tributario, que no seu momento formaron parte das distintas comisións de estudo, nomeadas polo Ministerio de Facenda, para informar o anteproxecto da mencionada lei.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da EGAP.
- 3.3. Datas: 19 e 20 de abril de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

- Infraccións e sancións tributarias.
- Recadación tributaria.
- Inspección tributaria.
- Procedemento de comprobación tributaria.
- Recursos e reclamacións.
- Categorias tributarias.
- Técnicas de colaboración entre administración e o contribuínte.
- Conflito na aplicación da norma tributaria e elusión fiscal.

5. Convocatoria

DOG n.º 60, do 26-03-2004

Xornadas sobre aspectos da nova Lei concursal

1. Obxectivos

Ao estar moi próxima a entrada en vigor da nova Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, que terá lugar o vindeiro 1 de setembro do presente ano, parece conveniente analizarmos algúns dos aspectos máis relevantes da nova lei. Dende a súa publicación en xullo do pasado ano, transcorreu o tempo suficiente para que a doutrina puidese estudar e detectar algúns dos problemas que teña esta lei. As presentes xornadas tratan de suscitar tales problemas e de sometelos a debate cos interesados, así como destacar as liñas esenciais do novo decreto concursal.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública na Coruña.
- 3.3. Datas: 28 e 29 de abril de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 230.

*Xornadas sobre os aspectos da nova Lei concursal
(A Coruña, 28 de abril de 2004)*

*De esquerda a dereita: José Manuel Otero Lastres,
catedrático de dereito mercantil da Universidade
de Alcalá; e o director da EGAP.*

4. Contido

- Os principios inspiradores da Lei concursal.
- Reflexións sobre o principio de –unidade– na nova Lei concursal.
- O concurso da herdanza.
- Os créditos no concurso.
- O proceso de declaración de concurso.
- A administración concursal.
- O incidente concursal.
- Os xuíces do mercantil: xurisdición e competencia en materia concursal.

5. Convocatoria

DOG n.º 70, do 13-04-2004



Xornada sobre a necesidade de protección ante os malos tratos ás persoas maiores

1. Obxectivos

A cuestión do maltrato ás persoas maiores estase analizando na actualidade dunha maneira moi fragmentada, pero hai que ter claro o contexto xeral no que se pode enmarcar e os niveis sociolóxico e legal existentes. As situacións de maltrato teñen, en xeral, moita relación cos contextos familiares nos que se realizan ou se estimulan, pero non é o único nivel no que estes se producen. O que maltrata faino moitas veces sen ter referente fixo, pero instintivamente estimulado pola fragilidade do receptor do maltrato, constituíndo o grupo das persoas maiores un dos colectivos máis susceptibles de ser vítimas destes.

Como o maltrato lles afecta tanto aos danos físicos, psíquicos coma económicos, preténdese, coas presentes xornadas, presentar un abano de posibilidades onde os malos tratos poden producirse.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol.
- 3.3. Datas: 5 de maio de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 120.

4. Contido

- O maltrato ás persoas maiores: a tipificación do contrato de alimentos.
- A protección lexislativa das persoas maiores.
- A capacidade de obrar e o eido da saúde.
- A especial protección das persoas maiores como consumidoras.
- As persoas maiores en situación de dependencia.
- O maltrato aos maiores: unha realidade emerxente.

5. Convocatoria

DOG n.º 79, do 26-04-2004

Xornadas sobre o Tribunal de Xustiza Europeo e a protección dos dereitos particulares: unha reflexión de futuro

[en colaboración co Centro Europeo das Rexións e a Fundación Galicia-Europa]

1. Obxectivos

A maior novidade que supuxeron as comunidades europeas en relación cos anteriores proxectos de unificación de Europa reside no feito de que a Comunidade, para acadar este obxectivo, emprega exclusivamente o poder do dereito.

Como eixe deste dispositivo de protección, o Tribunal de Xustiza é competente para coñecer de litixios nos que poden ser partes os estados membros, as institucións comunitarias, as empresas e os particulares.

A recente evolución nas competencias das institucións da Unión Europea trouxo consigo unha tendencia de desequilibrio estrutural entre o número de asuntos presentados e a capacidade da institución para resolvelos. Unha mellor delimitación das competencias do Tribunal, a análise do control dos dereitos fundamentais, e o acceso dos cidadáns ao Tribunal serán cuestións –entre outras– obxecto de análise ao longo deste curso. Analizaranse os problemas aos que se enfronta o sistema xurisdiccional comunitario, como por exemplo as solucións que se están barallando na actualidade, e en qué lugar quedará finalmente a protección dos dereitos dos particulares.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública en Pontevedra.
- 3.3. Datas: 12 e 13 de maio de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 105.

4. Contido

- A reforma do sistema xurisdiccional comunitario.
- A Constitución europea e a conversión do TXCE no Tribunal Constitucional.
- O espazo de liberdade, seguridade e xustiza na Europa ampliada.
- A representación e defensa dos estados membros e das institucións perante o Tribunal de Xustiza.
- A vulneración do principio de subsidiaridade.
- A protección dos particulares na futura Constitución Europea.

5. Convocatoria

DOG n.º 78, do 23-04-2004

Xornadas sobre reforma e consolidación da Seguridade social

1. Obxectivos

A Seguridade social vén sendo obxecto dun proceso continuado de análise e seguimento, concertación social e cambio legal. Os máis recentes acontecementos formulan cuestións do interese como o artellamento dunha prestación de dependencia, a necesidade de mellorar a acción protectora no caso da viuvez ou a conveniencia de abordar un tratamento máis xeneralizado das prestacións familiares. Así mesmo, a máis recente lexislación introduciu importantes reformas na acción protectora do sistema.

2. Destinatarios


Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.
- 3.3. Datat: 25 e 26 de maio de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 300.

4. Contido

- Análise, crítica e discusión dos máis recentes desenvolvementos do Pacto de Toledo.
- Análise e coñecemento da reforma de Seguridade social introducida pola Lei 52/2003, do 10 de decembro.
- Discusión sobre o ámbito da Seguridade social non contributiva e a asistencia social e as competencias do Estado e da Comunidade autónoma.
- Exposición das liñas de tendencia relativas á prestación de xubilación no ámbito lexislativo e xurisprudencial.
- Descrición das reformas relativas á pensión de viuvez e ás prestacións familiares.
- Achegamento á materia da protección das situacións de dependencia.
- Síntese das achegas normativas recentes relativas á Seguridade social complementaria e aos fondos de pensións.



5. Convocatoria

DOG n.º 88, do 07-05-2004

Xornadas sobre as novidades da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas

[en colaboración co Centro de Estudos Xurídicos Superiores]

1. Obxectivos

Debater sobre as novidades máis sobresaíntes da nova Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, con especial atención a aspectos tan esenciais coma a adquisición, a conservación, a reivindicación, a xestión, o cambio de cualificación xurídica dos bens públicos, etc.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo
- 3.3. Datas: 3 e 4 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 165.

4. Contido

- O patrimonio das administracións públicas. Aspectos xerais, clasificación e principios legais. Ámbito de aplicación e relación coas restantes normas sobre o patrimonio estatais e autonómicas.
- Réxime xurídico da xestión patrimonial dos bens públicos.

- As técnicas de protección e defensa do patrimonio das administracións públicas. En especial, novidades introducidas na dispoñibilidade de bens e dereitos, na súa inscrición rexistral e nas prerrogativas para a defensa do patrimonio público.

- Réxime xurídico da afectación, desafectación, mutación de destino, adscrición e desadscrición dos bens e dereitos públicos.

- Novidades legislativas relativas ao solo e explotación dos bens e dos dereitos públicos.

- Novidades legislativas relativas á adquisición de bens e dereitos polas administracións públicas.

5. Convocatoria

DOG n.º 95, do 19-05-2004

Xornadas sobre claves para a mellora do goberno local

[en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)]

1. Obxectivos

Trátase de realizar unha introspección xurídica e politicolóxica da Administración local do novo século, e os seus principios informadores, así como ofrecer información sobre os recentes cambios lexislativos e os vindeiros, analizando o seu grao de incidencia na organización e funcionamento dos municipios e provincias do noso territorio. En concreto, examinaranse as modificacións introducidas por leis tan relevantes coma a 57/2003, de modernización do goberno local, a 58/2003 tributaria ou o RDL 2/2004 de facendas locais, entre outras, subliñando as consecuencias que ten o seu desenvolvemento no seo dos gobernos locais e as vantaxes que, de ser o caso, introducen na esfera local.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol.
- 3.3. Datas: 15 e 16 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 120.

4. Contido

- Máis e mellores servizos públicos locais?
- Os entes locais e a Unión Europea.
- O reto da modernización do goberno local. ¿Cara a onde camiñamos?
- Novas formas de xestión dos servizos públicos locais.
- Perspectivas para un novo financiamento local.
- Outra forma de entender a democracia local: a participación cidadá.
- Asociacionismo local: unha resposta ao déficit municipal.
- As grandes cidades: vantaxes e inconvenientes do novo réxime xurídico.

5. Convocatoria

DOG n.º 102, do 28-05-2004

Xornadas sobre a duración da propiedade intelectual e as obras en dominio público

[en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo]



Xornadas sobre a duración da propiedade intelectual e as obras en dominio público (Baiona, 22 de setembro de 2004)

De esquerda a dereita: José Mª Pena López, decano da facultade de dereito da Universidade da Coruña; Jaime Pita Varela, conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública; Carlos Rogel Vide, catedrático de dereito civil da Universidade Complutense de Madrid; o director da EGAP; Caridad Valdés Díaz, directora do Departamento de dereito civil da Universidade da Habana; e Joaquín Rams Alega, director do departamento de dereito civil da Universidade Complutense.

1. Obxectivos

Sendo hoxe a propiedade intelectual a máis sagrada das propiedades para os revolucionarios franceses, non sempre foi así, nin existe hoxe para sempre, por curioso e criticable que poida resultar. Naceu, en efecto, dun privilexio e, na actualidade, é unha propiedade temporal, cunhas facultades patrimoniais que se extinguen co paso do tempo.

O cómputo da duración e a mesma duración de tal propiedade varía en función de que esteamos en presenza de obras singulares, colectivas, en colaboración, póstumas, pseudónimas ou publicadas por partes, ao que hai que engadir cómputos e prazos diversos para os dereitos dos intérpretes ou executantes, dos produtores de fonogramas ou de gravacións audiovisuais, das entidades de radiodifusión, de certos editores ou, en fin, dos titulares de dereitos *sui generis* sobre bases de datos.

A todo este cúmulo de asuntos, de por si difíciles, cómpre engadir que as duracións, en tempos pretéritos, eran outras e non as actuais para a propiedade intelectual, os dereitos de autor e os dereitos afíns a estes –razón pola que haberá que ter moi presente o dereito transitorio sobre a materia– a retroactividade das normas e os seus graos, xunto coas disposicións contidas en tratados, acordos e convenios internacionais ao respecto, co fin de saber se unha obra segue sometida ao dereito de autor ou caeu xa no dominio público.

Extinguidas, polo transcurso do tempo, as facultades patrimoniais insertas na propiedade intelectual, as obras obxecto desta caen –dise– no dominio público, dominio cun alcance que é necesario explicar, indicando ata qué punto implica a posibilidade do uso indiscriminado destas por

todos, como tal uso debe ser responsable e adecuado, como debe respectar os dereitos morais dos autores sempre e, por maior abastanza e en bo número de casos, o que deu en chamarse dereito á personalidade pretérito dos que crearon tales obras.

Interesa destacar a existencia de supostos nos que o dominio público, por diversas razóns, pode chegar a anticiparse, a existencia do chamado «software libre» e, noutros países que nos están próximos, a presenza, pasada ou presente, de remedios tales como o «dominio público de pagamento» ou a existencia, no seo da Administración pública, de entes de control e xestión das obras do espírito, sitas no dominio ao que nos vimos referindo.

De todo o anterior ocuparanse, entre outras materias, as presentes xornadas.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de reunións do Hotel Bahía Bayona en Baiona (Pontevedra).
- 3.3. Datas: 22 e 23 de setembro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 100.

4. Contido

- A propiedade intelectual como propiedade temporal.
- A duración do dereito de autor.
- A duración dos outros dereitos de propiedade intelectual.
- O dereito transitorio sobre duración da propiedade intelectual.
- As obras en dominio público.
- O «software libre» e outros supostos de dominio público anticipado.
- Dominio público, dereitos morais e dereito á personalidade pretérita.
- Xurisprudencia, casos e cousas sobre duración e dominio público.
- En torno ao dominio de pagamento e á actividade de control da Administración na experiencia portuguesa.
- Outra perspectiva: duración e dominio público das obras do espírito no dereito cubano.

5. Convocatoria

DOG n.º 170 de 01-09-2004.

Xornadas sobre o novo dereito de seguros

[en colaboración co Colexio de Avogados da Coruña]

1. Obxectivos

As recentes reformas que sufriu a normativa de seguros ofrecen un especial interese para levar a cabo unha xornada orientada sobre esta materia, na que se analizarán estas modificacións desde unha dobre vertente. Por unha banda, e dado que o seguro é un sector profundamente intervido pola Administración pública, non só desde o acceso á actividade, senón ao longo de todo o ciclo vital das entidades aseguradoras, nestas xornadas trátanse dous temas de fundamental relevo para a

Administración pública de Galicia. Por unha parte, unha exposición xeral do dereito público do seguro e as últimas reformas en materia sancionadora e organizativa e, por outra, un tema de

Xornadas sobre o novo dereito de seguros (Colexio de Avogados da Coruña, 27 de outubro de 2004)

De esquerda a dereita: Rocío Quintáns Eiras, profesora titular de dereito mercantil da Universidade da Coruña, César Torres Díaz, decano do Colexio de Avogados da Coruña; o director da EGAP; e José Luís García Pita, catedrático de dereito mercantil da Universidade da Coruña.



especial interese como é o Estatuto profesional dos funcionarios da Administración encargados da inspección das compañías de seguros, así como da responsabilidade en que poden incurrir ao realizaren a súa función inspectora.

Abordaranse nesta acción formativa as alteracións introducidas pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, que lle incorpora ao ordenamento xurídico español varias directivas comunitarias, co fin de alcanzar a máxima converxencia nos mercados de seguros dos estados membros do espazo económico europeo.

A importancia das citadas reformas fai que o seu estudo por especialistas sexa de grande interese para os funcionarios, profesionais e estudosos de seguros, que terán a oportunidade de formular as súas dúbidas e compartir os puntos de vista sobre os efectos e o impacto da reforma.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral

3. Desenvolvemento:

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Colexio de Avogados da Coruña.
- 3.3. Datas: 27 e 28 de outubro de 2004.
- 3.4. Horarios: mañá e tarde.

4. Contido

- Dereito de seguros e dereito público.
- Estatuto xurídico dos inspectores de seguros e fondos de pensións.
- O seguro de responsabilidade patrimonial da Administración pública.
- Posición do asegurado ante o novo réxime de liquidación de entidades aseguradoras.
- A contratación a distancia do seguro e reformas en materia de contratación.
- Problemática da aplicación xudicial do baremo na Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos.

Xornadas sobre os aspectos normativos dos produtos industriais

[en colaboración coa Universidade da Coruña]

1. Obxectivos

Dar a coñecer os principais aspectos normativos en materia de calidade, seguridade, deseño e innovación que se deben ter en conta cando se fala de produtos industriais, así como as responsabilidades e garantías que se poden esixir no caso de artigos industriais defectuosos. Non hai que esquecer que todos estes aspectos son unha serie de factores clave para as empresas, nas que a súa explotación óptima lles vai permitir mellorar o seu nivel de produtividade e, polo tanto, tamén a súa posición competitiva no contorno actual no que estas desenvolven as súas actividades.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

Por acordo da Comisión do Plan de Estudos da Universidade da Coruña, en sesión que tivo lugar o día 22 de xuño de 2004, dispúxose recoñecerlles cun crédito de libre configuración aos alumnos da citada universidade que acudan asiduamente a estas xornadas.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol.
- 3.3. Datas: 10 e 11 de novembro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 100.

4. Contido

- Comentarios á Lei de industria e ao Regulamento da infraestrutura nacional para a calidade e a seguridade industrial.
- Barreiras técnicas ao comercio interior e exterior: homologación, novo enfoque, marcación CE.
- A nova regulamentación da seguridade industrial na Comunidade autónoma de Galicia.
- As certificacións voluntarias de calidade e/ou medio nos produtos industriais como algo habitual na actualidade.
- As normas UNE 166.000 EX nos proxectos de I+D+i, encamiñadas cara ao desenvolvemento dos novos produtos industriais.
- A protección da propiedade industrial: o deseño industrial, debuxos e modelos industriais; as invencións patentes e modelos de utilidade.
- Responsabilidades e garantías esixibles no caso de produtos industriais defectuosos.

5. Convocatoria

DOG n.º 199, de 13-10-2004

Xornadas sobre o dereito agrario

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Estudar a incidencia na ordenación da actividade agraria da Constitución para a Unión Europea e das Leis sectoriais nacionais e a normativa agraria autonómica galega.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo.
- 3.3. Datas: 16 e 17 de novembro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 400.



4. Contido

- O dereito agrario galego.
 - Consideracións sobre o momento actual da agricultura española e perspectivas de futuro.
 - A desmembración do dereito civil e a aparición do dereito agrario.
 - Aspectos destacados na Lei 49/2003, do 26 de novembro, de arrendamentos rústicos.
 - A concentración parcelaria privada.
 - Aproximación ao novo réxime xurídico vitivinícola español: algúns aspectos significativos da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da vide e do viño
 - A unidade mínima de cultivo e o rexistro da propiedade.
 - O contrato de cesión de augas para uso agrario na lexislación española.

5. Convocatoria

DOG n.º 206 de 22-10-2004

Xornadas sobre a función pública comunitaria

1. Obxectivos

Dar a coñecer as características e o réxime xurídico da función pública europea. En concreto, o papel do persoal nas institucións da UE, o Estatuto dos funcionarios, os dereitos e obrigas do devandito persoal, a carreira administrativa, as condicións de traballo e o réxime disciplinario.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datas: 18 e 19 de novembro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesión de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 100.

4. Contido

- Función pública e interese común europeo: unha análise de economía política.
- O Estatuto da función pública comunitaria.
- O dereito da función pública nos estados membros e a súa relación coa normativa comunitaria.
- Marco xeral da función pública internacional e europea.



5. Convocatoria

DOG n.º 215 de 04-11-2004

Xornadas sobre a protección patrimonial dos discapacitados

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Dar un coñecemento do desenvolvemento constitucional –sectorial en tanto que cinguido ás institucións civís– levado a cabo polo Goberno no pasado ano 2003 en relación ao artigo 49 da Constitución, que lle impón aos poderes públicos a realización dunha política de protección aos discapacitados.

A través destas xornadas preténdese dar a coñecer as importantes novidades que, no ámbito civil, introduciu da Lei 41/2003, do 18 de novembro. Estas novidades van ser expostas por acreditados especialistas en cada unha das materias que serán obxecto de tratamento.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Escola Galega de Administración Pública de Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: 2 e 3 de decembro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

- A non colación dos gastos feitos para cubrir as necesidades dos fillos ou descendentes discapacitados.
- O patrimonio protexido do discapacitado.
- A substitución fideicomisaria na lexítima estrita a prol do discapacitado.
- A facultade de mellorar concedida ao cónxuxe supérstite polo testado: o novo artigo 831 C.c.
- A extinción do contrato do mandato tras a Lei 41/2003, do 18 de novembro.
- A nova causa de indignidade para suceder. O artigo 756.7 C.c.
- O novo contrato aleatorio de alimentos.
- A figura do discapacitado na Constitución e na Lei 41/2003, do 18 de novembro.

5. Convocatoria

DOG n.º 217 de 08-11-2004

Xornadas sobre protección xurídica do discapacitado

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e coa Fundación Paideia]

1. Obxectivos

En 1982 promulgoouse a Lei de integración social dos minusválidos. Transcorridos máis de 20 anos da devandita norma pode afirmarse que non cubriu os obxectivos que se propuña, incumprindo o mandato constitucional. En 2003 tivo lugar o ano europeo do discapacitado, que deu como froito unha serie de disposicións no mesmo ámbito que persegue abordar de forma máis contundente este problema. A este nivel é indiscutible o papel preeminente que deben xogar as administracións públicas, ao ter que concienciarse e asumir moitas das obrigas impostas por esta nova lexislación. En

Recepción do presidente da Xunta de Galicia (San Caetano, 25 de novembro de 2004)

De esquerda a dereita: Carmen Gómez Laplaza, catedrática de dereito civil da Universidade Complutense de Madrid; Silvia Díaz Alabart, catedrática de dereito civil da Universidade Complutense de Madrid; Ramón Herrera Campos, catedrático de dereito civil e secretario xeral da Universidade de Almería; Manuel Albaladejo, catedrático de dereito civil; o presidente da Xunta de Galicia; e o director da EGAP.



suma, trátase de mellorar a formación dos asistentes neste eido, coa exposición e posterior debate, por parte de destacados especialistas, dunha serie de relatorios verbo das cuestións de maior relevo nesta materia.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Fundación Paideia.
- 3.3. Datás: 25 e 26 de novembro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 100.

4. Contido

- Principios de protección xurídica do discapacitado.
- Vivenda, traballo e discapacidade.
- O patrimonio do discapacitado.
- Aspectos sucesorios da protección do discapacitado.
- A autotutela.
- O novo contrato de alimentos
- Discapacidade e dereitos fundamentais

5. Convocatoria

DOG n.º 207 de 25-10-2004

Xornadas sobre arbitraje

1. Obxectivos

A presente xornada ten por finalidade afondar nalgunhas das cuestións esenciais da arbitraje comercial. A última reforma levada a cabo pola Lei 60/2003, do 23 de decembro, da arbitraje, aconsella a análise das principais novidades introducidas por esta lei na dita institución. Pero o obxectivo desta acción formativa non é só pórse ao día nas normas reguladoras da arbitraje, senón tamén enmarcar a arbitraje no contexto económico no que ten que desenvolverse. Por esta razón, ade-

mais do exame das cuestión procesuais máis importantes da arbitraje, como son «as actuacións procesuais» ou «a execución do laudo», prevíronse nesta xornada relatorios de carácter xeral sobre a propia significación da arbitraje, tales como «as

Xornadas sobre arbitraje (EGAP, 16 de decembro de 2004)

De esquerda a dereita: Bernardo Cremades Sanz-Pastor, presidente da Corte Española de Arbitraje, o director da EGAP e José Manuel Otero Lastres, catedrático de dereito mercantil da Universidade de Alcalá de Henares.



relacións entre o xuíz e o árbitro, como presuposto dunha cultura arbitral» e a «arbitraje e a protección das inversións». Tamén, pola súa novidade, incluíronse os temas da «arbitraje societaria», e o da «arbitraje e a propiedade industrial», cuestión esta última sobre a que previron unha regulamentación especial as recentes leis de marcas de 2001 e de deseño industrial de 2003.

Os relatores participantes na actividade que se convoca son especialistas de recoñecido prestixio no sector da arbitraje, tanto polos cargos que ocupan coma polas súas publicacións sobre as citadas materias.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Delegación da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública na Coruña.
- 3.3. Data: 16 de decembro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 150.

4. Contido

- As relacións entre o xuíz e o árbitro como presuposto dunha cultura arbitral.
- As actuacións arbitrais.
- Arbitraje e propiedade intelectual.
- Arbitraje societaria.
- A execución do laudo.
- Perspectivas de futuro na arbitraje internacional de inversión.

5. Convocatoria

DOG n.º 222 de 15-11-2004

Xornada sobre a xestión de novos desenvolvementos urbanísticos

1. Obxectivos

A realidade urbanística vai mudando paulatinamente e a mostra é que os modelos existentes (hai poucos anos tendentes á obtención do solo destinado principalmente a vivendas), están sendo superados por novas actuacións urbanísticas influenciadas por diferentes sectores. O turismo é, na actualidade, o primeiro motor do urbanismo tradicional, pero este leva, á súa vez, aparelado o comercio a grande escala, lecer, deporte e, necesariamente, a infraestruturas que fagan viable o anterior. Xa non só se pretende propoñer vivendas, senón que estas se atopan dentro dun amplo conxunto que oferta outras propostas complementarias.

Esta xornada pretende dar un repaso a cada un destes sectores e despertar o latente ánimo existente, tocante a concebir os novos desenvolvementos urbanísticos.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

Xornadas sobre xestión de novos desenvolvementos urbanísticos (Salón de Actos do Centro Cultural Xuvenil de Oleiros, 21 de decembro de 2004).

Vista xeral do público asistente.



3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: Salón de actos do Centro Cultural Xuvenil A Fábrica en Perillo (Oleiros).
- 3.3. Data: 21 de decembro de 2004.
- 3.4. Horarios: sesión de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 170.

4. Contido

- Urbanismo e turismo residencial e de aloxamento. Implicacións urbanísticas da nova lexislación autonómica en materia turística.
- Urbanismo e grandes centros comerciais e de lecer. Implicacións urbanísticas da normativa en materia comercial. A obtención e xestión de solo destinado a centros comerciais e de lecer.
- Urbanismo e grandes infraestruturas: o exemplo da remodelación das zonas de servizo dos portos de interese xeral. Réxime xurídico dos portos deportivos.
- Obras públicas e urbanismo: estradas e ferrocarrís. Especial referencia ao réxime xurídico dos aeroportos.

■ Xestión de campos de golf desde unha perspectiva urbanística e ambiental. Obtención e xestión do solo. Avaliación do impacto ambiental. O problema da auga.

■ Réxime xurídico dos proxectos de interese supramunicipal: «o urbanismo autonómico». Implantación de proxectos no solo non urbanizable na lexislación galega. Avaliación estratéxica dos planos e avaliación do impacto ambiental dos proxectos.

5. Convocatoria

DOG n.º 233, do 30-11-2004

3. Cursos

I curso de verán sobre a xestión urbanística de bens públicos

1. Obxectivos

Os bens de titularidade das administracións públicas non se atopan na marxe do urbanismo, senón que participan na xestión urbanística, ao igual ca os bens dos cidadáns, pero baixo regras xurídicas en ocasións diferentes.

Neste curso, preténdese analizar as singularidades que presenta a achega de bens de titularidade das distintas administracións públicas, xa sexan de dominio público xa patrimoniais, no proceso de xestión urbanística. Analizarase desde como afecta a existencia dos bens públicos ao cálculo do aproveitamento tipo e á delimitación das áreas de repartición, ata a delimitación do réxime actual do

dereito de reversión, pasando pola definición do réxime xurídico do subsolo na lexislación urbanística de Galicia.

Este curso non só está deseñado para os responsables das administracións públicas titulares dos bens públicos, senón tamén para os promotores privados que, habitualmente, se atopan con bens públicos no proceso da xestión urbanística.

Vista xeral do público asistente ao I Curso de verán sobre a xestión urbanística de bens públicos (Sada, 14 de xullo de 2004).



2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 2 días.
- 3.2. Lugar: Salón de actos da Casa da Cultura de Sada.
- 3.3. Datas: 14 e 15 de xullo de 2004.
- 3.4. Horarios: sesións de mañá e tarde
- 3.5. Prazas: 175.

4. Contido

- Réxime xurídico básico dos bens de titularidade da Administración pública. Características do dominio público dos bens patrimoniais. Significado actual dos patrimonios públicos do solo.
- Especialidade dos bens públicos na xestión urbanística. Efectos no cálculo do aproveitamento tipo e da delimitación de áreas de repartición. A participación dos bens públicos na equidistribución.
- Réxime xurídico das dotacións e equipamento urbanístico. Modalidades da obtención e réxime de utilización. A reversión de terreos expropiados e a modificación de usos por alteración do planeamento.

- Réxime xurídico dos patrimonios municipais do solo: constitución, bens integrantes e réxime de alleamento. Especialidades da lexislación galega.

- A construción de obras públicas: procedemento de autorización e a incidencia no territorio. Obras públicas e iniciativa privada.

- Réxime xurídico da utilización urbanística do subsolo.

5. Convocatoria

DOG n.º 123 do 28-06-2004

II curso de verán sobre o réxime do planeamento urbanístico no dereito español e comunitario

1. Obxectivos

A través de especialistas de primeira liña ilustrarase aos asistentes verbo dos sistemas de execución do planeamento urbanístico nos países máis importantes de Europa; tema hoxe en día atractivo e polémico a un mesmo tempo. A quen debe corresponderlle o protagonismo na execución dos plans: propietarios, promotores, concellos, comunidades autonómicas? Confrontaranse neste curso os distintos sistemas nacionais neste ámbito, con obxecto de alcanzar conclusións de utilidade e interese. Na actualidade existe unha especial confusión sobre o modo idóneo de realizar un plan urbanístico e esta xornada propónse achegar solucións sobre esta controvertida cuestión.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 1 día.
- 3.2. Lugar: Salón de Actos do Castelo de Santa Cruz. Oleiros (A Coruña).
- 3.3. Data: 29 de xullo de 2004.
- 3.4. Horario: mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 200.

4. Contido

- O planeamento urbanístico no ordenamento español.
- O planeamento urbanístico no ordenamento alemán.
- O planeamento urbanístico no ordenamento francés.
- A repercusión de Europa sobre o planeamento urbanístico dos estados membros.

5. Convocatoria

DOG n.º 130 de 07-07-2004



Vista xeral do público asistente ao II Curso de verán sobre o réxime do planeamento urbanístico no dereito español e comunitario (Oleiros, 29 de xullo de 2004).

4. Publicacións non periódicas

4.1. Colección «Xornadas e Seminarios»

N.º 29

Título:

La divulgación del conocimiento en la sociedad de la información

Autor: varios.

Páxinas: 405.

Formato: 24 x 17.

Tiraxe: 500.

Resumo do índice:

Esta obra contén os relatorios expostos con ocasión das xornadas do mesmo nome, celebradas na EGAP os días 10, 11 e 12 de marzo de 2003, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.



N.º 30

Título:

La tutela de las personas maiores

Autor: varios.

Páxinas: 300.

Formato: 24 x 17.

Tiraxe: 500.

Resumo do índice:

Autotutela e incapacitación voluntaria. Personas mayores: la normalidad del presente. Consideraciones básicas de la normativa autonómica sobre tutela de las personas mayores. El llamado testamento vital. Incapacitación e internamiento o ingreso de personas mayores en centros geriátricos. Contrato asistencial y derecho de consumo: personas mayores usuarias de servicios de responsabilidad pública. Las situaciones convivenciales de ayuda mutua. La autotutela: una institución a regular por nuestro Código civil.

La implicación de las personas mayores en la protección de la familia: la relación entre abuelos y nietos. La tipificación del contrato de alimentos.

Acto de presentación do libro «La divulgación del conocimiento en la sociedad de la información» (Sala de Xuntas da EGAP, 30 de marzo de 2004)

De esquerda a dereita: Xosé López García, ex-decano da facultade de ciencias da información e profesor titular de ciencias da comunicación (área de xornalismo) da Universidade de Santiago de Compostela; e o director da EGAP.



4.2.

Título:

La calidad en los servicios públicos administrativos

Autor: varios.

Páxinas: 530.

Formato: 24 x 17.

Tirada: 300.

Resumo do índice:

O libro, encadrado en INTERREG-III, contén os relatorios desenvolvidos nun seminario internacional da mesma denominación que esta obra, celebrado en Pontevedra os días 14 e 15 de maio de 2003.

Ao longo das dúas xornadas de referencia presentáronse as experiencias, en materia de xestión de calidade, de diferentes administracións europeas (Francia, Bélxica, España e Suecia), así como a portuguesa e a galega neste terreo. Como mostra destacada, presentouse o Marco Común de avaliación (CAF), nova ferramenta para que as administracións públicas da Unión Europea comprendan e utilicen as técnicas de xestión de calidade.



Acto de presentación do libro «La calidad en los servicios públicos administrativos» (EGAP, 27 de xullo de 2004)

De esquerda a dereita: Margarida Couto, directora do Instituto de Xestión e Administración Pública do Porto (Portugal); e o director da EGAP.

4.3. Outras publicacións que contaron coa colaboración da EGAP

Título:

Leyes, actos, sentencias y propiedad intelectual.

Autor: varios.

Páxinas: 206.

Editan: Editorial Reus, Fundación AISGE.

Formato: 17 x 24.

Resumo:

O libro recolle os relatorios das xornadas do mesmo título organizadas pola EGAP o 22 de setembro de 2003 en Tui (Pontevedra).



Título:

A Reforma da Administração Pública: apostas e casos de sucesso.

Autor: varios.

Páxinas: 103.

Edita: Instituto de Gestão e Administração Pública (IGAP).

Formato: 24 x 17

Resumo:

Contén as *Actas do seminario internacional luso-galaico sobre a reforma da Administración pública* que tivo lugar en Braga o 17 e 18 de maio de 2004.



Acto de presentación do libro «Leyes, actos, sentencias y propiedad intelectual» (EGAP, 3 de agosto de 2004)

De esquerda a dereita: Carlos Rogel Vide, catedrático de dereito civil da Universidade Complutense de Madrid; e o director da EGAP.

Actividades



**Actividades do Servizo de Formación
do Persoal da Administración
Autonómica**

XXXVII Curso para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia

1. Obxectivos

A capacitación dos funcionarios da Xunta que aspiren a postos para os que se esixa o diploma de directivo, para desenvolver as súas aptitudes directivas ou modificar as actitudes para optimizar a eficacia e eficiencia da súa xestión e das unidades administrativas baixo a súa dependencia.

2. Destinatarios

Dous terzos do total das prazas convocadas (20 prazas) quedarán reservadas para o persoal da Administración autonómica que estea comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, así como para o persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, que estea ocupando postos de traballo de xestión sanitaria que non teñan carácter asistencial.

Ás prazas do terzo restante poderá optar o seguinte persoal: o persoal restante comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro; o persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde; o persoal docente ao servizo da Comunidade autónoma de Galicia; o persoal funcionario de calquera outra das restantes administracións públicas existentes en Galicia.

1. Cursos



3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 150 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP. Santiago de Compostela; do 30 de abril ao 13 de xullo.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 18.30 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

A función directiva na Administración pública. Mando e liderado. A xestión de recursos humanos. Políticas de igualdade. Direccións de reunións. Dirección por obxectivos e control de xestión. Deseño organizativo. Márketing público. Calidade de servizo. Xestión do cambio.

5. Convocatoria

DOG n.º 244, do 17-12-2003

Perfeccionamento de xefes de sección (4 edicións)

1. Obxectivos

Contribuír a unha maior capacitación dos funcionarios da Xunta de Galicia que estean ocupando postos de xefes de sección na Administración autonómica, co fin de optimizar as súas aptitudes e actitudes profesionais para a mellora da xestión e da prestación dos servizos públicos.

2. Destinatarios

Van dirixidos a funcionarios de carreira da Xunta de Galicia dos grupos A, B e C, que estean ocupando actualmente xefaturas de sección.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 120 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (2 edicións), A Coruña e Ourense; do 5 de febreiro ao 7 de maio.
- 3.3. Horarios: con carácter xeral, xoves e venres, en horario de mañá e tarde, agás a segunda edición de Santiago de Compostela (martes e mércores).
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Funcións e roles dos mandos intermedios e dirección de reunións. Políticas de igualdade. Xestión de persoal. Procedemento administrativo. Xestión orzamentaria. Aplicacións da informática na Administración pública. A contratación administrativa.

5. Convocatoria

DOG n.º 233, do 1-12-2003

Perfeccionamento de xefes de negociado (5 edicións)

1. Obxectivos

Contribuír a unha maior capacitación dos funcionarios da Xunta que estean ocupando xefaturas de negociado na Administración autonómica co fin de optimizar as súas aptitudes e actitudes profesionais para a mellora da xestión e da prestación dos servizos públicos.

2. Destinatarios

Van dirixidos a funcionarios de carreira da Xunta de Galicia dos grupos B, C e D que estean ocupando actualmente xefaturas de negociado.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 80 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (2 edicións), A Coruña, Ourense e Pontevedra; do 5 de febreiro ao 2 de abril de 2004.
- 3.3. Horarios: con carácter xeral, xoves e venres, en horario de mañá e tarde, agás a segunda edición de Santiago de Compostela (martes e mércores).
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido

Linguaxe administrativa galega. Obxectivos e liñas estratéxicas da Xunta de Galicia. Funcións e roles dos mandos intermedios. Políticas de igualdade. Procedemento administrativo. Aplicacións da informática na Administración pública.

5. Convocatoria

DOG n.º 232, do 28-11-2003

A nova Lei xeral de subvencións: incidencia no marco autonómico

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Estudo das disposicións básicas para posibilitar unha mellor adaptación das bases reguladoras e convocatorias anónimas. Falcitar a harmonización de criterios de acordo coa nova ordenación da acción de fomento. Axudas a programar o cambio de réximes aproveitando a doutrina xurisprudencial dos aspectos previamente recollidos en diferentes disposicións. Delimitar o ámbito propio da xestión autonómica na materia.

2. Destinatarios

Persoal autonómico interviniente na elaboración de bases reguladoras e convocatorias de subvencións ou na súa instrución ordinaria.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21, 22, 26 e 27 de abril.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Evolución legal da figura da subvención. A influencia do dereito comparado no marco xurídico interno. Dereitos subxectivos do petionario e do beneficiario. Doutrina constitucional no ámbito das subvencións: resolucións de conflitos competenciais. Antecedentes normativos da Lei xeral de subvencións. Ámbito de aplicación da Lei. Incidencia nas bases reguladoras. Procedementos de concesión. Xestión e xustificación. Reintegros e réxime sancionador. A responsabilidade penal.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Procedemento administrativo, intimidade e informática

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Estudar os problemas que se presentan no actuar da Administración pública en relación coas materias que están cubertas pola garantía constitucional da intimidade persoal e familiar, tanto no aspecto teórico coma no práctico, examinando a normativa de acceso a arquivos e rexistros no que afecta a este dereito constitucional as cuestións que se presentan polo uso da informática na Administración pública e o réxime legal de protección de datos de carácter persoal.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia que desenvolvan tarefas relacionadas coas materias que constitúen o contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 5, 6, 12, 13, 14, 15 e 19 de abril.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Introdución. Administración pública e intimidade persoal e familiar dos cidadáns. Dereitos constitucionais en presenza e a súa regulamentación legal. Procedemento administrativo e intimidade. Dereito de acceso a arquivos e rexistros. Problemática nos distintos sectores da actividade administrativa. Casos prácticos. Administración pública e informática. A seguridade nas comunicacións electrónicas. O documento electrónico, a firma electrónica e as relacións coa Administración pública por medios electrónicos e informáticos. A protección de datos de carácter persoal: regulamentación legal. Principios da protección de datos e dereitos das persoas. Ficheiros de titularidade pública e privada. A Axencia de Protección de Datos. Infraccións e sancións.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

O deber de actuar e o control da inactividade da Administración

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Estudar o deber xurídico de actuar da Administración, analizando as súas dificultades e obstáculos, tanto no eido teórico coma no práctico, examinándose os supostos de inactividade consagrados nas normas, como o caso do silencio administrativo e a perención, e intentando reparar as consecuencias da inactividade administrativa no seu sentido amplo, valorando as súas consecuencias e a responsabilidade patrimonial da Administración nestes casos.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 3, 4, 5, 6, 10, 11 e 12 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

O deber de actuar. Inactividade regulamentaria e execución das leis. O deber de incoacción e a discrecionalidade nos procedementos iniciados de oficio. O silencio da Administración en materia sancionadora. A inactividade na instrución dos procedementos administrativos. O deber de resolver. A perención administrativa. O silencio administrativo. A inexecución dos actos administrativos. A inactividade dos concesionarios. Inactividade administrativa e responsabilidade patrimonial.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

A execución, modificación e extinción dos contratos administrativos

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Profundar no estudo dos preceptos legais e das novidades regulamentarias na materia de execución, modificación e extinción dos contratos administrativos. En particular, estudaranse os dereitos e obrigas do contratista, as consecuencias do incumprimento da Administración. A transmisión dos dereitos de cobro, o principio de risco e ventura nos contratos administrativos, así como as normas legais sobre cumprimento dos distintos contratos e a súa modificación e prórroga.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 20, 21, 22, 23, 27, 28 e 29 de setembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Introdución. Execución dos contratos administrativos. Efectos dos contratos. Dereitos e obrigas do contratista. Demora na execución e prórroga dos contratos. Incumprimento da Administración. Transmisión dos dereitos de cobro. Producción de danos e perdas a terceiros. Cesión do contrato e subcontratación. O principio de risco e ventura. Forza maior. A execución do contrato de obras: a comprobación da reformulación. Regulación regulamentaria. Modificación do contrato de obras. Recepción e prazo de garantía. Ocupación efectiva das obras e recepcións tácitas. Resolución do contrato de obras. Execución, modificación e extinción do contrato de xestión de servizos públicos, contrato de abastecemento e contratos de consultoría e asistencia dos servizos públicos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

O novo regulamento da Lei de contratos das administracións públicas e o expediente de contratación.

Os pregos de cláusulas

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Analizar o novo regulamento da Lei de contratos das administracións públicas, estudando a súa incidencia práctica nas actuacións procedementais preparatorias dos contratos e nos expedientes de contratación.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II con destino na Administración da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coa materia obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 19, 20, 21, 22, 26, 27 e 28 de abril.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

O novo regulamento da Lei de contratos das administracións públicas. Órganos de contratación. Determinación do obxecto dos contratos: pluralidade do obxecto e prestacións condicionadas. Variantes e melloras. Capacidade e solvencia das empresas. Determinación dos criterios de selección das empresas nos pregos. Unións temporais de empresarios. Actuacións relativas á contratación: pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Práctica administrativa en modelos-tipo de prego de cláusulas administrativas particulares. Formalización dos contratos. Contratos menores. Anteproxectos, proxectos e expedientes de contratación no contrato de obras. Proxectos de explotación no contrato de xestión de servizos públicos. Disposicións relativas a contratos de abastecemento, consultoría e asistencia e servizos. A actuación da mesa de contratación no novo regulamento.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Técnicas de redacción de informes, propostas e resolucións (7 edicións) (Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Dominar as técnicas de redacción dos documentos administrativos complexos.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coa materia obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, os días 8, 9, 10, 15, 16, 17 e 18 de novembro. Santiago de Compostela (2 edicións) e Vigo, os días 22, 23, 24, 25, 29 e 30 de novembro e 1 de decembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

A linguaxe administrativa como linguaxe de especialidade. Criterios xerais de estilo na redacción administrativa. Os informes. As resolucións. Os recursos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

A normativa laboral. O convenio colectivo único para o persoal da Xunta de Galicia. A negociación colectiva (Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Profundar no coñecemento da normativa laboral vixente, con especial atención á normativa autonómica.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que desempeñen postos de traballo nos que leven a cabo funcións relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 13, 14, 18, 19, 20, 21, 25, 26, 27 e 28 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

A normativa laboral. Políticas de igualdade. As modificacións producidas na contratación laboral. O réxime da Seguridade social e o cálculo das pensións. As empresas de traballo temporal e a súa relación coa Administración pública. O convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O Servizo Galego de Colocación. A negociación colectiva.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Xestión de procedementos administrativos afectados por disposicións comunitarias

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Familiarizar o persoal autonómico coas disposicións de dereito derivado europeo que priman sobre as normas do ordenamento español nos procedementos administrativos máis comúns. Interpretar e integrar correctamente as disposicións substantivas comunitarias. Resolver os conflitos que poida xerar a aplicabilidade directa pola Administración autonómica.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, que desenvolvan tarefas relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 8, 9, 10, 11, 15, 16, 17, 18, 22 e 23 de novembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Introdución: marco de relacións entre os diversos ordenamentos. Procedemento administrativo común e dereito comunitario. Xestión da actividade administrativa de fomento nun contorno comunitario. Elaboración de disposicións administrativas e controis da Comisión europea. As directivas de contratación administrativa como normas de integración.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Xeral de xestión orzamentaria

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Proporcionar coñecementos específicos en materia de xestión orzamentaria.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III con destino na Administración da Xunta de Galicia, interesados na materia obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 6, 7, 8, 9, 13, 14, 15 e 16 de setembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Introdución aos orzamentos da Comunidade autónoma galega. A execución dos diferentes capítulos orzamentarios. Modificacións orzamentarias. Liquidación e peche do orzamento.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

A xestión dos tributos da Comunidade autónoma galega

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

O estudo, dende un punto de vista eminentemente práctico, dos problemas específicos que presenta a aplicación do conxunto dos tributos da Comunidade autónoma galega, tanto os xestionados directamente pola propia Comunidade coma os xestionados por delegación ou colaboración con outras entidades públicas para profundar na cuestión do financiamento autonómico desde a perspectiva do dereito procedemental.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 18, 19, 24, 25, 26, 27 e 31 de maio e o 1, 2 e 3 de xuño.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Os tributos da Comunidade autónoma galega. Tributos propios. Impostos e taxas. Impostos cedidos. Réxime xeral. Cesión parcial do IRPF. Imposto sobre o patrimonio. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Imposto sobre sucesións e doazóns. Xestión de tributos sobre o xogo.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004.

Xeral de contabilidade pública

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos en materia de contabilidade pública.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 28 e 29 de abril e o 3, 4, 5, 6, 10, 11, 12 e 13 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Plan xeral de contabilidade pública. Orzamento de gastos. Orzamento de ingresos. Endebedamento. Transferencias e subvencións. Inmobilizado non financeiro. Tesouraría. Contas anuais.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Xestión de persoal

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos en materia de xestión do persoal das administracións públicas.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III destinados en unidades de recursos humanos da Administración da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 13, 18, 19, 24, 25, 26 e 27 de maio.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Introdución ao tema. O persoal ao servizo das administracións públicas. Réxime xurídico e características de xestión dos diferentes tipos de persoal.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Xestión de operacións de pagamento

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Proporcionar os coñecementos teóricos e prácticos que permitan mellorar os procedementos de xestión de operacións de pagamento.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Xunta de Galicia, relacionados coa materia obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 4, 5, 6, 7, 11, 13 e 14 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

O orzamento e a xestión orzamentaria. Operacións especiais de pagamento: pagamentos en firme. Pagamentos a xustificar. Fondo de manobra/anticipos de caixa fixa. Organización e funcionamento das caixas pagadoras: a habilitación. Xestión de pagamentos de bens e servizos. Xestión de pagamentos de retribucións de persoal.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Xestión informática das unidades administrativas

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Proporcionar os coñecementos básicos para a xestión informática das unidades administrativas, con especial atención ás posibilidades que ofrece coa internet.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e persoal laboral dos grupos I e II da Xunta de Galicia, que no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionados co contido do curso, preferentemente responsables de unidades administrativas con nivel de subdirección xeral ou xefatura de servizo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 27, 28, 29 e 30 de setembro e o 4, 5, 6 e 7 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Coñecementos básicos: manexo da información. Partes fundamentais dun ordenador persoal. Sistema operativo: concepto. Manexos básicos iniciais. Conceptos de arquivo, carpeta e directorio. Organización das unidades de almacenamento. Traballo cun programa e intercambio de información entre distintos programas. Procesador de textos e demais programas de uso habitual nas unidades administrativas. Internet: conceptos básicos. *World wide web*.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Perfeccionamento de aptitudes e habilidades docentes

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Desenvolver habilidades de deseño ou programación e impartición de sesións formativas para conseguir resultados eficaces e un clima satisfactorio no grupo.

2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia que impartisen cursos ou actividades formativas de EGAP.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas (15 horas presenciais e 9 de preparación de materiais didácticos e traballo individual).
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os 1, 2, 3, 8 e 9 de marzo.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 10.

4. Contido

Deseño dunha sesión ou unidade didáctica. Aspectos a ter en conta: impartición dunha sesión: análise do comportamento do profesor, metodoloxía docente empregada, resultados conseguidos nos asistentes. Busca de actitudes adecuadas na relación profesor/asistente. Cómo afrontar situacións «delicadas» debido a actitudes e/ou comportamentos «negativos» por parte dalgún asistente.

Procedemento administrativo na modalidade de teleformación (5 edicións)

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Perfeccionar e actualizar os coñecementos sobre a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Destinatarios

Destinatarios dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV da Xunta de Galicia, con coñecemento de acceso á internet.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas (20 de autoestudo con titorías telemáticas e 4 horas presenciais).
A realización do autoestudo complementárase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que os alumnos poidan formularlle ao profesor todas as dúbidas relacionadas coa materia do curso.
Sesións presenciais: realizaranse dúas sesións presenciais de 2 horas, a primeira ao comezo do curso co fin de explicar o seguimento e a estrutura deste, e a segunda ao remate para a realización da proba de avaliación para poder obter o diploma.
- 3.2. Datas: do 14 de maio ao 25 de xuño.
- 3.3. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Principios xerais e ámbito de aplicación da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Procedemento administrativo: concepto e fins do procedemento. Características e fases do procedemento administrativo. Principais trazos do procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral. O procedemento sancionador. Procedementos de reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais. Procedementos especiais á marxe da Lei 30/1992.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

A protección de datos de carácter persoal

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Dar a coñecer a normativa sobre protección de datos de carácter persoal. Concienciar ao persoal que ten acceso a estes datos para que realice un uso adecuado deles. Axustándose en todo momento aos límites, prohibicións e esixencias contidas na normativa. Divulgar a normativa interna da Xunta de Galicia en relación coa protección de datos de carácter persoal.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV da Xunta de Galicia que no desenvolvemento da súa actividade realicen funcións relacionadas cos obxectivos do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 2, 3, 4, 8, 9, 10 e 11 de novembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Introdución. Principios fundamentais da protección de datos. O exercicio de dereitos por parte dos titulares dos datos. Ficheiros de titularidade pública. Transferencia internacional de datos. Regulamento de medidas de seguridade. Recomendacións e instrucións do director da Axencia de Protección de Datos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

O expediente administrativo e os documentos administrativos (7 edicións)

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Indicar os aspectos teóricos e prácticos involucrados na tramitación dos expedientes administrativos, así como estudar o documento administrativo desde o punto de vista xurídico e as principais formas documentais, todo iso relacionado cos dereitos dos cidadáns en relación cos expedientes administrativos e abordando a problemática xurídica dos rexistros, certificacións e compulsas.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela (2 edicións), A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, os días 22, 23, 24, 25, 29 e 30 de novembro e 1 de decembro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

Custodia, formación e ordenación do expediente. Clases de documentos. Formalidades documentais. Dereitos dos cidadáns en relación cos expedientes administrativos. Rexistros, certificacións e compulsas. Acceso ao expediente administrativo e aos arquivos e rexistros.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Xeral de contratación administrativa

(2 edicións)

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Profundar nos coñecementos xerais na materia e capacitar aos participantes no manexo do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV da Xunta de Galicia que no desempeño do seu posto de traballo realicen funcións relacionadas cos obxectivos do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP (2 edicións), os días 21, 22, 23, 24, 28, 29 e 30 de xuño.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido

Principios xerais. Actuacións previas. O contrato de obras. O contrato de xestión de servizos públicos. Outros tipos de contratos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Achegamento á Constitución Europea

(6 edicións)

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Divulgar o contido da Constitución Europea e o seu valor de norma primaria. Coñecer os dereitos básicos que asisten aos cidadáns na súa relación coa Administración pública. Axudar a integrar os contidos da Constitución Europea cos da Constitución Española e os do Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos C e D e persoal laboral dos grupos III e IV da Xunta de Galicia, que teñan relación directa cos cidadáns na súa relación coa Administración pública. Axudar e integrar os contidos da Constitución Europea cos da Constitución Española e os do Estatuto de Autonomía de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña: 24, 25, 26, 27, 31 de maio eo 1 e 2 de xuño; Santiago de Compostela: 3, 7, 8, 9, 10, 14 e 15 de xuño; Lugo: 16, 17, 21, 22, 23, 24 e 28 de xuño; Ourense, os días 1, 2, 6, 7, 8, 9 e 13 de setembro; Vigo, os días 14, 15, 16, 20, 21, 22 e 23 de setembro; Pontevedra, os días 27, 28, 29, 30 de setembro e o 4, 5 e 6 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

Introdución ao constitucionalismo europeo: marco comparado. Fundamentos económicos da construción europea. Evolución histórica. Contexto da constitucionalización europea. Estrutura da Constitución. Contido dogmático e contido orgánico. Disección e estudo da Carta de Dereitos Fundamentais. Integración entre Constitución Europea, a Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Básico de arquivo (7 edicións)

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

A iniciación ao tratamento documental e as técnicas de arquivo na Administración pública.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia pertencente aos grupos funcionariais C, D e E e laborais III, IV e V, que no desempeño do seu posto de traballo leven a cabo tarefas de arquivo de documentación administrativa.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (2 edicións), A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, os días 18, 19, 20, 21, 25, 26 e 27 de outubro.
- 3.3. Horario: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido

Información e documentación. O proceso documental. Os documentos das administracións públicas. As técnicas de arquivo.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Información e atención ao cidadán

(6 edicións)

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Comprensión dos modos de conduta e das diferentes situacións que se poden presentar no desenvolvemento dun posto de traballo de atención ao público.

2. Destinatarios

Persoal pertencente aos grupos funcionariais C, D e E e laborais III, IV e V da Xunta de Galicia, que ocupen postos de traballo que comporten tarefas de atención ao público e información ao cidadán.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Ourense: 31 de maio, 1, 2, 10, 11, 14 e 15 de xuño; Vigo: 3, 4, 7, 8, 9, 15 e 16 de xuño; Pontevedra: 16, 17, 18, 21, 22, 23 e 24 de xuño; A Coruña, os días 6, 7, 8, 16, 17, 20 e 21 de setembro. Lugo, os días 9, 10, 13, 14, 15, 21 e 22 de setembro; Santiago de Compostela, os días 22, 23, 4, 27, 28, 29 e 30 de setembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20.30 horas.
- 3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido

A relación interpersoal. Políticas de igualdade. Elementos básicos da comunicación. Técnicas de información ao público. Resolución de situacións. A información e atención ao público na Xunta de Galicia.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Iniciación á informática. O procesador de textos, na modalidade de teleformación (10 edicións)

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos de informática, con especial atención ás posibilidades que ofrecen os tratamentos de textos na realización das tarefas administrativas.

2. Destinatarios

O persoal de Administración da Xunta de Galicia, con coñecemento do acceso á internet.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas (26 de autoestudo con titorías telemáticas e 4 horas presenciais).
A realización do autoestudo complementárase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que os alumnos poidan formularlle ao profesor todas as dúbidas relacionadas coa materia do curso.
Sesións presenciais: realizarase dúas sesións presenciais de 2 horas, a primeira ao comezo do curso co fin de explicar o seguimento e a estrutura deste e a segunda ao remate para a realización da proba de avaliación para poder obter o diploma.
- 3.2. Datas: do 14 de maio ao 25 de xuño.
- 3.3. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Coñecementos básicos. Sistema operativo. Procesador de textos: introdución e garda de texto. Labores de edición. Labores de automatización.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Xestor de bases de datos relacionais na modalidade de teleformación (10 edicións)

(Plan de Formación Continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos introductorios no manexo do xestor de bases de datos relacionais.

2. Destinatarios

O persoal de Administración da Xunta de Galicia que no seu posto de traballo utilice bases de datos, con coñecemento do acceso á internet.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas (20 horas de autoestudo con titorías telemáticas e 4 horas presenciais).
A realización do autoestudo complementárase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que os alumnos poidan formularlle ao profesor todas as dúbidas relacionadas coa materia do curso.
Sesións presenciais: realizarase dúas sesións presenciais de 2 horas, a primeira ao comezo do curso co fin de explicar o seguimento e a estrutura deste e a segunda ao remate para a realización da proba de avaliación para poder obter o diploma.
- 3.2. Datas: 15 de outubro ao 26 de novembro.
- 3.3. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Contidos básicos. Xestión de táboas. Consultas. Formularios. Informes.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Folla de cálculo na modalidade de teleformación (10 edicións)

(Plan de formación continua)

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos introdutorios para o manexo da folla de cálculo.

2. Destinatarios

Persoal de Administración da Xunta de Galicia, que no seu posto utilice folla de cálculo, con coñecemento do acceso á Internet.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 22 horas (18 de autoestudo con titorías telemáticas e 4 horas presenciais)
A realización do autoestudo complementárase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que os alumnos poidan formularlle ao profesor todas as dúbidas relacionadas coa materia do curso.
Sesións presenciais: realizarase dúas sesións presenciais de 2 horas, a primeira ao comezo do curso co fin de explicar o seguimento e a estrutura deste e a segunda ao remate para a realización da proba de avaliación para poder obter o diploma.
- 3.2. Datás: do 15 de outubro ao 26 de novembro.
- 3.3. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Introdución e modificacións de valores. Utilización e deseño de fórmulas. Funcións. Gráficos. Xestión de datos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

As redes informáticas: a rede Internet (11 edicións)

Veterinarios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 32 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP: 1ª edición: os días 14, 15, 16, 17, 21, 22, 23 e 24 de xuño. 2ª edición: 18, 19, 20, 21, 25, 26, 27 e 28 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 50 por edición.

4. Contido

Epidemioloxía e estatística veterinaria, estudos epidemiolóxicos. Rede de Alerta Sanitaria Veterinaria de Galicia. Plans de alerta. Enfermidades da lista A da OIE. Actuacións en focos. Enquisas epidemiolóxicas. Programas de erradicación de enfermidades.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de iniciación á documentación fotográfica do patrimonio histórico (Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo]

1. Obxectivos

Informar os asistentes sobre o labor que exerce a fotografía como elemento creador da imaxe do patrimonio histórico e cómo aquela pode ser utilizada para os traballos de investigación, documentación e divulgación dos bens patrimoniais. Descrición do proceso analóxico e a súa transición á fotografía dixital, practicando todo o percorrido ata o seu almacenamento nos distintos formatos dixitais.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia relacionado co patrimonio cultural, técnicos, restauradores, conservadores de museos, xestores do patrimonio que utilizan a fotografía como complemento do seu labor.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 3, 7, 8, 9, 10 e 11 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 16:30 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 24.

4. Contido

Introdución e antecedentes: principios xerais. A cámara. Elementos. Fundamentos da fotografía dixital. A imaxe dixital, definicións, equipamentos, formatos. Estándares, soportes, calidade e conservación. Analóxico fronte a dixital: vantaxes e inconvenientes de cada un, intercambio de soportes. A preservación do patrimonio fotográfico en formato dixital. Mecanismos para o control da calidade da imaxe dixital. Programa de tratamento da imaxe: *photoshop*.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre o turismo e territorio do litoral

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo]

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos sobre o turismo e a súa relación co territorio. Analizar as principais competencias e medidas de intervención administrativa sobre o litoral. Compartir experiencias e proxectos de desenvolvemento do litoral a partir de actividades turísticas sostibles.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e persoal laboral con competencias en materias vinculadas ao turismo, pesca e, en xeral, o desenvolvemento do espazo litoral da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 19, 20, 21 e 22 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas e das 16 ás 18 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Tendencias actuais da oferta e demanda turística. Novos produtos. Conceptos de desenvolvemento turístico sostible e interpretación do territorio. Normativa e principais medidas de intervención das administracións públicas sobre o litoral nas materias de turismo, costas, pesca e ambiente. Programas de dinamización sobre zonas do litoral. Instrumentos de cooperación interadministrativa e interrexional.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre as actividades de difusión en museos e arquivos

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo]

1. Obxectivos

Establecer unhas pautas de programación, preparación e desenvolvemento das actividades de difusión levadas a cabo nos arquivos e museos dependentes da Xunta de Galicia. Compartir experiencias entre distintos centros e coñecer exemplos concretos deste tipo de actividades. Avaliar e comparar os resultados segundo os destinatarios destas actividades coa finalidade de dinamizar os museos e arquivos da Comunidade autónoma de Galicia.

2. Destinatarios

Persoal técnico, funcionario ou laboral, dos arquivos e museos xestionados pola Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Centro Galego de Arte Contemporánea (Santiago de Compostela), os días 10, 11, 12 e 13 de maio.
- 3.3. Horarios: día 10: das 10 ás 14 horas e das 16.30 a 18:30 horas; día 11: das 10 a 14 horas; día 12: das 10 ás 14 horas e das 16.30 a 18:30 horas; día 13: das 10 ás 14 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Programación de actividades didácticas. Tipoloxía de actividades didácticas. Análise das distintas actividades. Criterios de avaliación das actividades.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de anatomía patolóxica aplicada ao diagnóstico de matadoiros

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Sanidade]

1. Obxectivos

Recicla-se repaso das lesións anatomopatolóxicas principais, sobre todo aquelas que se presentan esporadicamente, dada a toma de decisións inmediata que hai que realizar ao respecto.

2. Destinatarios

Veterinarios funcionarios e interinos da Consellería de Sanidade.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Lugo, os días 10, 11 e 12 de maio.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 15 horas as dúas primeiras xornadas e das 10 ás 13 horas a terceira.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Diagnóstico diferencial das lesións aparentemente semellantes. Patoloxías máis frecuentes e as súas lesións anatomopatolóxicas. Remisión de mostras ao laboratorio: cando é necesario, que mostra recoller e cómo e onde enviála.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de identificación e inspección sanitaria de cogomelos (3 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Sanidade]

1. Obxectivos

Distinguir entre a gran diversidade de especies de cogomelos, que hoxe existen no mercado debido ao aumento de importacións, co fin de realizar unha correcta inspección dos establecementos onde se comercializan estes produtos á hora de levar a cabo alertas alimentarias, intervención de produtos, etc. Distinguir diferentes especies de cogomelos que se atopan habitualmente nos mercados, prazas de abastos e froiterías en concepto de venda a granel. Normativas legais aplicables ao respecto.

2. Destinatarios

Veterinarios funcionarios e interinos da Consellería de Sanidade.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Lugo, os días 18, 19, 20, 21 e 22 de outubro (1ª edición) e 25, 26, 27, 28 e 29 de outubro (2ª edición). A Coruña, os días 27, 28, 29 e 30 de setembro; 1 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 11 ás 14 horas.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

Relación das principais especies de cogomelos e a súa diferenciación. Ditame organoléptico de salubridade. Normativa aplicable.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de etiquetaxe de produtos alimenticios (2 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Sanidade]

1. Obxectivos

Recicla-se-repaso das normas aplicables á etiquetaxe das distintas clases de produtos alimenticios.

2. Destinatarios

Veterinarios funcionarios e interinos e laborais da Consellería de Sanidade.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Lugo, os días 18, 19, 20 e 21 de maio (1ª edición) e os días 7, 8, 9 e 10 de xuño (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 11 ás 14 horas.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido básico

Etiquetaxe obrigatoria e facultativa. Etiquetaxe de carnes e produtos cárnicos. Etiquetado de peixes e derivados. Etiquetaxe de leites e produtos lácteos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

VI curso para o recoñecemento de especies, artes e instalacións obxecto de procedementos administrativos por instancia de parte

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos]

1. Obxectivos

Formación do persoal da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos no recoñecemento das especies, artes e instalacións do mundo da pesca e da acuicultura que son obxecto do seu traballo.

2. Destinatarios

Persoal do Centro de Control de Medio Mariño (CCMM). Outro persoal da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Centro de Control do Medio Mariño. Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa), os días 24, 25, 26, 27 e 28 de maio.
- 3.3. Horarios: das 16:30 ás 20:30 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Coñecemento das especies obxecto de explotación na pesca, no marisqueo e na acuicultura, con especial referencia ás vedas e tamaños mínimos de comercialización. Artes e aparellos autorizados en Galicia. As embarcacións de pesca e auxiliares na acuicultura: límites do exercicio na actividade da pesca. Permisos de explotación. Plans de explotación. Alternancia de artes. A acuicultura. As súas instalacións. A lexislación aplicable. Os procedementos administrativos por instancia de parte en materia de acuicultura.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre os aspectos xurídicos e administrativos dos títulos habilitantes para o exercicio da pesca, o marisqueo e os cultivos mariños

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos]

1. Obxectivos

Formar o persoal da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en aspectos xurídicos e administrativos habilitantes para o exercicio da pesca, o marisqueo e os cultivos mariños.

2. Destinatarios

Funcionarios e persoal laboral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 10, 11, 12 e 13 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Títulos administrativos habilitantes para o exercicio da pesca, o marisqueo ou os cultivos mariños, autorización, concesión, permiso de actividade, permiso de explotación. Dominio público, utilización e réxime de protección, competencias no dominio público, utilización e réxime de protección, competencias no dominio público. Réxime mercantil, titularidade, rexistros, hipotecas, seguros, escrituras notariais, réxime tributario, canono, taxas, fianzas.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a lexislación pesqueira autonómica (2 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos]

1. Obxectivos

Dar a coñecer aos funcionarios de confrarías a lexislación pesqueira que se está aplicando día a día no seu ámbito de traballo.

2. Destinatarios

Funcionarios das confrarías de pescadores.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Pontevedra, os días 19, 20, 21, 22 e 23 de abril; A Coruña, os días 3, 4, 5 e 6 e 7 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Lexislación de confrarías. Planos de explotación. PERMEX de marisqueo a pé. PERMEX de embarcacións. Planos de portos. Axudas á pesca costeira artesanal. Organización sectorial.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre os establecementos e espectáculos públicos: procedemento sancionador e licenzas

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Profundar nos aspectos máis problemáticos do outorgamento de licenzas e do procedemento sancionador a establecementos e espectáculos públicos.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 19, 21, 22, 26 e 28 de abril.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Licenzas. A instrución do procedemento sancionador. Resolucións e recursos. Análise da xurisprudencia máis recente. A execución das sancións: cláusulas e multas.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre o portal eido local

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Dotar o persoal destinatario dos cursos de formación necesaria para o manexo e coñecemento do novo instrumento de traballo, que permitirá mellorar a xestión diaria da actuación administrativa propia do traballo que deben desenvolver.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 8, 11, 13, 14 e 15 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 15.

4. Contido

Utilización do portal eido local.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de informática aplicada á medicina forense

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Formación na moderna tecnoloxía informática posta ao servizo da información do médico forense.

2. Destinatarios

Médicos forenses en activo destinados na Comunidade autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 21 e 22 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Informática aplicada á medicina forense. Manexo de *Medline*. Busca de datos médicos. Internet e a medicina forense.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre as habilidades de relación e atención ao público (7 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Desenvolver pautas eficaces e satisfactorias de comportamento ante o público, tanto en presenza coma por teléfono.

2. Destinatarios

Funcionarios dos corpos de persoal ao servizo da Administración de xustiza destinados na Comunidade autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña: 27, 28 e 29 de abril (1ª edición); 21, 22 e 23 de xuño (2ª edición). Ferrol: 18, 19 e 20 de maio. Santiago de Compostela: 13, 14 e 15 de abril. Lugo: 6, 7 e 10 de maio. Ourense: 18, 19 e 20 de maio. Pontevedra: 14, 15 e 16 de xuño. Vigo: 10, 11 e 12 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

O momento da acollida. Os espazos na relación. Importancia do clima na atención. Suposto básico que dificulta as relacións. A imaxe e os seus condicionamentos. Os esquemas mentais que dificultan as relacións e a solución dos problemas. A comunicación e a escoita, especialmente en situacións «difíciles».

5. Convocatoria

DOG n.º , do 24-02-2004

Curso de xestión administrativa (9 edicións) (Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza,
Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Proporcionar os coñecementos xerais sobre xestión orzamentaria e contabilidade pública, así como sobre contratación administrativa.

2. Destinatarios

Funcionarios dos corpos de persoal ao servizo da Administración de xustiza destinados na Comunidade autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 20 horas.

3.2. Lugares e datas:

A Coruña: 19 ao 23 de abril (1ª edición) de
10 ao 14 de maio (2ª edición).

Ferrol: do 24 ao 28 de maio.

Santiago de Compostela: do 14 ao 18 de xuño.

Lugo: do 26 ao 30 de abril.

Ourense: do 3 ao 7 de maio.

Pontevedra: do 7 ao 11 de xuño.

Vigo: do 19 a 23 de abril (1ª edición); do 24
ao 28 de maio (2ª edición).

3.3. Horarios: das 17 ás 21 horas.

3.4. Prazas: 30 por edición.

Básico de información, orientación e asesoramento á xuventude

(Plan de Formación Continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia,
Xuventude, Deporte e Voluntariado]

4. Contido

Módulo I. Orzamentos xerais: concepto, contido e estrutura; elaboración dos orzamentos xerais; os créditos e as súas modificacións, execución e liquidación do orzamento.

Módulo II. A contratación administrativa: regulación da contratación nas administracións públicas, o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas; o contrato administrativo; o expediente de contratación; a execución do contrato; os contratos de obras, de xestión de servizos públicos, de subministración, de consultoría e asistencia de servizos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de xestión de recursos humanos (8 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza,
Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Proporcionar os coñecementos precisos para a xestión dos recursos humanos ao servizo da Administración de xustiza e afondar nos coñecementos sobre o seu estatuto xurídico.

2. Destinatarios

Funcionarios dos corpos de persoal ao servizo da Administración de xustiza destinados na Comunidade autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 12 horas.

3.2. Lugares e datas:

A Coruña: 18, 19, 20 e 21 de maio (1ª edición);
15, 16, 17 e 18 de novembro (2ª edición).

Ferrol: 7, 8, 9 e 10 de xuño.

Santiago de Compostela: 26, 27, 28 e 29
de abril.

Lugo: 24, 25, 26 e 27 de maio.

Ourense: 14, 15, 19 e 20 de abril.

Pontevedra: 3, 4, 5 e 6 de maio.

Vigo: 14, 15, 16 e 17 de xuño.

3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas

3.4. Prazas: 30 por edición.

4. Contido

A regulación do procedemento administrativo. O Estatuto xurídico do persoal ao servizo da Administración de xustiza e procedementos en materia de xestión de persoal. Modernización das administracións públicas.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de valoración do dano nos traumatismos cranoencefálicos

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza,
Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Proporcionar coñecementos sobre traumatismos cranoencefálicos e avaliación das secuelas que se poidan producir, con criterios científicos.

2. Destinatarios

Médicos forenses en acivo destinados na Comunidade autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 12 horas.

3.2. Lugar e datas. Santiago de Compostela os
días 10 e 11 de xuño.

3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.

3.4. Prazas 30.

4. Contido básico

Traumatismos cranoencefálicos e as súas causas. Secuelas máis frecuentes. Valoración dos traumatismos. Reparación xusta e equitativa.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de prevención de riscos laborais (3 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Xustiza,
Interior e Administración Local]

1. Obxectivos

Facilitar coñecementos básicos de prevención de riscos laborais ao persoal da Administración de xustiza.

2. Destinatarios

Funcionarios dos corpos de persoal ao servizo da Administración de xustiza destinados na Comunidade autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Lugo os días 7, 8, 9, 10, 14, 15 e 16 de xuño. Ourense os días 24, 25, 26, 27 e 31 de maio e 1 e 2 de xuño. Pontevedra os días 10, 11, 12, 13, 18, 19 e 20 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas 30 por edición.

4. Contido

Módulo I. Conceptos básicos sobre a seguridade e saúde no traballo. Traballo e saúde; danos derivados do traballo; marco normativo básico.

Módulo II. Riscos xerais e a súa prevención: riscos ligados ás condicións de seguridade, riscos ligados ao ambiente do traballo; carga de traballo, fatiga e insatisfacción laboral; sistemas elementais de control de riscos e protección colectiva e individual, plans de emerxencia e evacuación; control da saúde dos traballadores.

Módulo III. Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade de empresa.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso básico de información, orientación e asesoramento á xuventude

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia,
Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Formar o persoal dos servizos de información xuvenil a nivel teórico-práctico sobre a información e as distintas asesorías que se poden levar a cabo nas oficinas de información xuvenil.

2. Destinatarios

Persoal da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 34 horas.
- 3.2. Lugar e datas. Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, praza do Matadoiro, Santiago de Compostela, os días 20, 21, 22, 27, 28, 29 e 30 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 15 horas.
- 3.4. Prazas: 20

4. Contido

Estrutura e deseño dun Servizo de Información Xuvenil. Xestión dunha Oficina de Información Xuvenil. Servizos de orientación e asesoramento nunha Oficina de Información Xuvenil. Habilidades sociais na información xuvenil. A comunicación na información xuvenil.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a educación e adolescencia en centros de menores

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Examinar, cuestionar e consensuar os valores e contravalores que retratan a adolescencia en España e en Galicia. Estudar e valorar como profesionais da educación a veracidade dos binomios mediáticos «adolescencia e violencia» e «adolescencia e consumismo». Coñecer e recoñecer as limitacións da institución de menores como contextos educativos. Aprender as prácticas técnicas de traballo en grupos que favorecen e reforzan a adquisición de valores. Presentar programas europeos alternativos á convivencia institucional. Reforzar o rol da familia como catalizadora da intervención educativa na institución. E obxectivar a interdependencia entre roles e xénero na profesión de educador en institucións de menores.

2. Destinatarios

Persoal que traballe en centros de menores da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 12, 13 e 14 de maio.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 14 horas e das 16 ás 19 horas os días 12 e 13, e das 9 ás 13 horas o día 14.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Adolescencia e educación nas institucións de menores. Valores e contravalores na educación non formal. Dinámica de actuación con grupos e con menores en institucións de menores. Os espazos/contextos como marcas para a intervención. Proxectos e programas europeos alternativos ás institucións o/a educador/a de menores: roles e xénero.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre o marco teórico-legal en materia de igualdade de oportunidades

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Achegar ao traballo cotián os contidos referentes á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como contidos transversais.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 3, 4, 5, 6, 7, 10, 11 e 12 de maio.
- 3.3. Horarios: os días 3 e 4 das 10 ás 14 horas e das 16 ás 20 horas. Os días 5, 6, 7, 10, 11 e 12 das 16 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Ámbito internacional: a declaración universal dos dereitos humanos das Nacións Unidas. Ámbito europeo: estratexia marco-comunitaria sobre a igualdade entre mulleres e homes 2001-2005. Ámbito nacional: plans de igualdade. Ámbito autonómico: IV Plan de igualdade de Oportunidades das Mulleres Galegas. Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a calidade na atención á xuventude desde os servizos de información xuvenil

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Aumentar a calidade na prestación de información nas oficinas de información á xuventude.

2. Destinatarios

Persoal da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, praza do Matadoiro, Santiago de Compostela, os días 25, 26, 27 e 28 de maio.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 15 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

A calidade na prestación da información nas OMIX e SIX. Características básicas da xuventude. Indicadores de calidade en información xuvenil. Técnicas de investigación social no ámbito da información xuvenil. Dinámica de grupos. Asociación xuvenil. As novas tecnoloxías na información xuvenil. A documentación.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre os colectivos de difícil inserción e o efecto diferencial por xénero

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Incorporar a perspectiva de xénero á atención ao público, en particular a colectivos en situación de exclusión social

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia con funcións de atención ao público.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 7, 8, 9, 10 e 11 de xuño
- 3.3. Horarios: das 16 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Colectivos en situación de dificultade. Atención ás mulleres e homes en exclusión. A exclusión e o seu efecto segundo o xénero. Recursos: acceso e funcións. Casos prácticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a adopción, vinculación afectiva e transtornos da vinculación

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Dotar os equipos psicosociais de adopcións dunha formación básica en vinculación afectiva e transtornos da vinculación. Proporcionar ferramentas para a avaliación da vinculación afectiva entre pais e fillos na construción familiar a través da adopción, como instrumento de detección precoz de risco social e/ou crise familiar.

2. Destinatarios

Daráselle prioridade ao persoal que ocupe postos de traballo relacionado co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días, 2, 3 e 4 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 14 horas e das 16 ás 19 horas, os días 2 e 3, das 9 ás 13 horas o día 4 de xuño.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Apego, vinculación afectiva, adopción. Estilo de apego tipoloxía e avaliación. Transtornos da vinculación. A avaliación da vinculación afectiva entre pais e fillos adoptivos. Apego adulto e adopción. Análise da intervención dos técnicos e profesionais que interveñen nos procesos de adopción.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de programación e elaboración de proxectos desde os servizos de información xuvenil

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Proporcionarlles ás persoas que traballan na Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, así como os interesados nesta temática, uns coñecementos teórico-prácticos para organizar, programar ou deseñar xornadas informativas dirixidas á mocidade do seu ámbito de actuación.

2. Destinatarios

Persoal da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, praza do Matadoiro, Santiago de Compostela, os días 15, 16, 17 e 18 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 15 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

A programación: obxectivos, contados, métodos, actividades, recursos materiais e medios didácticos e a avaliación no ámbito da xuventude.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de especialización en defensa contra incendios forestais

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Estudo da estrutura organizativa e funcionamento dos distritos forestais. Plan Infoga e procedemento operativo. Planificación, organización, control e xestión de medios tanto aéreos coma terrestres situados nun distrito forestal. Afondar no coñecemento na loita contra os incendios forestais, referido ás particularidades da Comunidade autónoma galega.

2. Destinatarios

Xefes de garda dos centros de coordinación central, provincial e de distrito.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 19, 20, 21 e 22 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14.30 horas e das 16.30 ás 19.30 horas.
- 3.4. Prazas: 40.

4. Contido

O Servizo de Defensa contra Incendios Forestais. O Plan Infoga e o procedemento administrativo. Análise, comportamento do lume nun incendio forestal. Métodos de extinción. Operacións con motobombas e maquinaria pesada. Operacións con medios aéreos. Planificación, organización, control e xestión de medios tanto aéreos coma terrestres. Aplicación informática para a supervisión de medios tanto aéreos coma terrestres. Aplicación informática para a supervisión de medios aéreos. Vixilancia preventiva. Rede de vixilancia. A utilización de satélites para a detección e monitorización de incendios forestais.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de xestión de proxectos.

Control e dirección de obra

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Programación e control de proxectos. Avaliación dos contidos dun proxecto.

2. Destinatarios

Técnicos da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente dos servizos provinciais e servizos centrais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 10, 11, 12, 13, 14, 18 e 19 de maio.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 13 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Utilizando o programa informático PRESTO: estimación de custos, seguridade e saúde; crear unha obra a partir dunha obra modelo. Estrutura. Capítulos dunha obra. Informes. Axuste de prezos. Modificación de prezos. Control de obra.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de xestión de residuos industriais

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Analizar a lexislación aplicable á xestión de residuos industriais, as súas características tanto xurídicas como técnicas, así como os procedementos administrativos que soporta, as modificacións que introduce en relación coa lexislación existente, o seu cumprimento, vixilancia e control por parte da Inspección Ambiental, así como as responsabilidades e o réxime sancionador.

2. Destinatarios

Técnicos do ámbito da inspección ambiental da Consellería de Medio Ambiente, así como persoal con funcións de inspección ambiental sectorial.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 10, 11 e 12 de maio.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas.e das 16 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 50.

4. Contido

Lexislación aplicable: autonómica, estatal e comunitaria. Ámbito de aplicación. Residuos industriais: clasificación. Tipos de residuos industriais xerados en Galicia e principais actividades industriais xeradoras destes residuos. Xestión dos residuos industriais segundo o tipo de residuo: a súa aplicación na Comunidade autónoma de Galicia. Plan de xestión de residuos industriais e solos contaminados de Galicia. Caso práctico: visita a unhas instalacións de xestión de residuos industriais. A experiencia doutras comunidades autónomas e outros países na xestión e control dos residuos industriais.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de desenvolvemento sostible e integración ambiental

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Dar a coñecer o concepto de desenvolvemento sostible e o reto que representa para unha administración autonómica a súa aplicación práctica. Formar a persoal no seguimento que se fará da Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible, en particular na integración da variable nas diferentes políticas sectoriais. Explicar o papel da autoridade e a súa participación na avaliación dos criterios ambientais dos fondos europeos. Dar a coñecer a futura aplicación ambiental estratéxica a que deberán someterse os plans e programas elaborados polas consellerías.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A e B e laborais fixos dos grupos I e II, preferiblemente dos servizos centrais da Xunta de Galicia das diferentes consellerías.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 14 e 15 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas e das 16 ás 19 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

O concepto de desenvolvemento sostible: antecedentes e situación actual. As estratexias de desenvolvemento sostible: administración europea, estatal, autonómica e local. A Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible e integración da variable ambiental nas políticas sectoriais. A autoridade ambiental de Galicia e a avaliación do programa operativo. A estratexia de cambio climático e a implicación das políticas sectoriais. A autoridade ambiental de Galicia e a avaliación do programa operativo. A estratexia do cambio climático e a implicación das políticas sectoriais. O proceso de transposición da avaliación ambiental estratéxica e as súas implicacións prácticas.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de explotación de EDAR en Galicia (Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Difundir o coñecemento actualizado da explotación das estacións de tratamento de augas residuais desde o punto de vista normativo e técnico-práctico, ademais de explicar os criterios de deseño dos diferentes tipos de plantas de tratamento.

2. Destinatarios

Enxeñeiros de camiños, canais e portos e enxeñeiros técnicos de obras públicas da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 18 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 16, 18, 23, 25 e 30 de marzo e o 1 de abril.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 19 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Plan de saneamento. Normativa, control e problemática das EDAR. Deseño de construción de EDAR. Dimensionamento e anteprojectos. Construción. Instalacións. Bombeos e tanques de tormenta. EDAR biolóxicas. Deseño, construción e explotación. Biodiscos e desinfección. EDAR físico-químicas e compactas. Xestión e lamas.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de perfeccionamento en defensa contra incendios forestais

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Estudo da estrutura organizativa e funcionamento dos distritos forestais. Plan Infoga e procedemento operativo. Planificación, organización e control dos medios tanto aéreos coma terrestres situados nun distrito forestal. Afonda no coñecemento na loita contra os incendios forestais, referido ás particularidades da Comunidade autónoma galega.

2. Destinatarios

Técnicos dos servizos centrais e provinciais de defensa contra incendios forestais, e técnicos dos distritos forestais da Consellería de Medio Ambiente.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 3, 4, 5 e 6 de maio.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14:30 horas e das 16:30 ás 19:30 horas.
- 3.4. Prazas: 40.

4. Contido

O Servizo de Defensa contra Incendios Forestais. O Plan Infoga e o procedemento administrativo. Análise e comportamento do lume nun incendio forestal. Método de extinción. Operacións con motobombas e maquinaria pesada. Operacións con medios aéreos. Planificación, organización e control de medios.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a atención ao cidadán en espazos protexidos (2 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Coñecer os métodos e medios para dar a coñecer os valores dos espazos protexidos aos visitantes e a poboación nativa destes espazos. Métodos de colaboración entre os xestores dos espazos protexidos e a poboación que reside no espazo protexido ou no seu contorno.

2. Destinatarios

Técnicos que realicen o seu traballo en parques naturais. Axentes forestais destinados en parques naturais. Resto do persoal de parques naturais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 4, 5 e 6 de outubro (1ª edición) e os días 18, 19 e 20 de outubro (2ª edición).
- 3.3. Horarios: das 17 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 40 por edición.

4. Contido

Métodos e medios para dar a coñecer os valores dos parques. Métodos de colaboración entre os xestores e a poboación dos parques.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a emisión e inmisión atmosférica

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Analizar a lexislación comunitaria e a súa transposición á lexislación estatal, así como os procedementos administrativos que soporta, as modificacións que introduce en relación coa lexislación existente, o seu cumprimento, vixilancia e control por parte da Inspección Ambiental, así como as responsabilidades e o réxime sancionador.

2. Destinatarios

Técnicos do ámbito da inspección ambiental da Consellería de Medio Ambiente, así como persoal con funcións de inspección ambiental sectorial.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 25, 26 e 27 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14.30 horas e das 16 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 50.

4. Contido

Lexislación aplicable: autonómica, estatal e comunitaria. Ámbito de aplicación.

Emisión: puntos de mostraxe. Exemplo de instrución técnica do modelo catalán. Verificación e calibración de monitores en continuo.

Inmisión: norma EN 12341 para partículas. A súa trazabilidade. Modelos de dispersión.

Emisión-Inmisión: exemplo de adaptación dunha grande instalación galega á lexislación de atmosfera. Mesa redonda cos organismos de control da administración que realizan autocontrois de atmosfera. A experiencia doutras comunidades autónomas e doutros países.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de iniciación á meteoroloxía

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Dar a coñecer os fundamentos básicos en climatoloxía e meteoroloxía coa finalidade de interpretar os fenómenos que teñen lugar na atmosfera.

2. Destinatarios

Técnicos da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 16 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 5 e 6 de maio.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas e das 16 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Fundamentos de meteoroloxía. Análises de sistemas meteorolóxicos. Meteoroloxía observacional. Predición meteorolóxica. Clima e cambio climático.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre o Sistema de Información Xeográfica (SIX). Manexo e aplicación

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente]

1. Obxectivos

Introdución ao manexo dun SIX e a súa aplicación á xestión de recursos naturais.

2. Destinatarios

Técnicos da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente dos servizos provinciais e servizos centrais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 24, 25, 26, 27, 31 de maio e 1, 2, 3, 7, 8, 9 e 10 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 19:30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Introdución aos SIX de conceptos xerais, creación de mapas e bases de datos, consulta da información. Impresión e deseño de mapas.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre as políticas activas de emprego. Incentivos á promoción de emprego

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Afondar no coñecemento das medidas de políticas activas de emprego, en especial dos programas de incendios dirixidos á promoción do emprego.

2. Destinatarios

Persoal funcionario e laboral da Administración autonómica, preferentemente destinados en unidades relacionadas coa xestión das políticas activas de emprego.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 20 de abril ao 5 de maio.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Módulo I: o Servizo Público de Emprego de Galicia: normativa, competencias e planificación.

Módulo II: programas de cooperación-programas de mellora da empregabilidade: programas mixtos de formación-emprego e programas experienciais. Programas de cooperación: concepto, finalidade e liñas de axuda. Programas mixtos de formación-emprego: escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego. Programas experienciais: tipoloxía, beneficiarios e principais características. Rede de técnicos de emprego: finalidade, funcións e composición da rede. Programa «Labora: Xuventude con experiencia». Programa de fomento da integración laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica.

Módulo III: incentivos á contratación por conta allea. Breve análise das modalidades de contratación laboral. Incentivos á contratación temporal. Incentivos á contratación indefinida. Incentivos á integración laboral das persoas con discapacidade.

Módulo IV: incentivos ao autoemprego e á economía social. Características das principais formas xurídicas das empresas. Incentivos ao autoemprego: autónomos - S.L.N.E. Incentivos á economía social: cooperativas e sociedades laborais. Incentivos á promoción da iniciativa empresarial no ámbito local e rural. Iniciativa empresariais de base tecnolóxica: IEBT. Incentivos á integración laboral das persoas con discapacidade.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre as prestacións e a inclusión social: modificación da Lei da renda de integración social de Galicia. O Plan Galego de Inclusión Social. Iniciativas comunitarias

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Estudo da nova regulación da Renda de Integración Social de Galicia e das axudas para situacións de emerxencia social. O plan de inclusión social de Galicia: medidas de coordinación horizontal e vertical. A iniciativa comunitaria Equal: o novo período de acción 2004-2006. O proxecto Stella: a igualdade no acceso ao mercado de traballo.

2. Destinatarios

Profesionais dos centros e delegacións provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais con funcións relacionadas co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 18 ao 21 e do 25 ao 7 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas, excepto o 27 que rematará ás 19 horas
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Modificación da Lei da renda de integración social de Galicia (RISGA). O Plan galego de inclusión social. Iniciativas Comunitarias.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre os estranxeiros, contratos, prestacións por desemprego

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Facilitar un coñecemento xeral e integrado ao persoal que traballa no ámbito da formación e a colocación sobre as materias obxecto do programa.

2. Destinatarios

Persoal das oficinas de emprego e das unidades que teñan relación coa promoción do emprego e a formación e colocación.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 8 ao 12 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Módulo I. Estranxeiros. Permisos de traballo: concepto e tipoloxía. Continxente de estranxeiros. Emigrante retornado. Inscripción no Servizo Público de Emprego.

Módulo II. Contratos. Concepto e requisitos de formalización. Modalidades de contratación. Contratos bonificados.

Módulo III. Prestacións por desemprego. Tipos de prestacións: contributivas e asistenciais. Situacións protexidas, requisitos, contido e duración. Exportación das prestacións.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a intervención práctica coas persoas con discapacidade

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Capacitar os profesionais dos centros para realizar plans de coidados individualizados ás persoas con discapacidade. Motivar os profesionais dos centros para mellorar os coñecementos sobre a implementación dos plans de coidados individualizados.

2. Destinatarios

Educadores/as fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, ETAR, coidadores/as de residencias e auxiliares coidadores/as e centros dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: CAPD de Sarria, do 25 ao 29 de outubro, CAPD de Redondela, do 4 ao 8 de outubro e Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstol, A Coruña, do 28 de xuño ao 2 de xullo.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 horas.
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

Mobilización de persoas con discapacidade física/psíquica. Habilidades de prevención de lesións na manipulación de persoas con discapacidade. Habilidades na implantación de condutas (AVD). Habilidades na modificación de condutas. Primeiros auxilios. Técnicas de animación sociocultural. Hábitos hixiénicos/prevenición de contaxios. Nutrición e hábitos alimenticios. Lexislación: responsabilidades civil/penal da Administración e do coidador de persoas.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a capacitación no uso da clasificación internacional do funcionamento da discapacidade e da saúde

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Facilitar a formación e capacitación dos membros dos equipos técnicos de valoración de minusvalía para unha correcta utilización da nova clasificación internacional do funcionamento da discapacidade e da saúde.

2. Destinatarios

Membros dos equipos técnicos de valoración de minusvalías.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 13 ao 17 de decembro.
- 3.3. Horarios: das 16:30 ás 20:30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

A familia de clasificacións internacionais da OMS. Antecedentes da CIF. O proceso de revisión. Modelo da CIF e contidos xerais. Estrutura da CIF e áreas. Cuestións taxonómicas e terminolóxicas achegadas pola CIF. Aplicacións da CIF na valoración psicolóxica e laboral. Aplicación da CIF para a determinación das actividades laborais. Aplicacións da CIF para a determinación da necesidade do concurso de terceira persoa.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso práctico de valoración en neuroloxía, neoplasias, oftalmoloxía

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Formación e capacitación dos profesionais das valoracións de minusvalía.

2. Destinatarios

Profesionais médicos e psicólogos dos equipos de valoración e dos centros públicos de atención a persoas maiores e con discapacidade.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 3 ao 6 e o 10 de maio.
- 3.3. Horarios: das 16:30 ás 20:30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Exploración neurolóxica. Nocións básicas de neuroimaxe. Exploración oftalmolóxica. Criterios de valoración das neoplasias.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre as estratexias ergonómicas para os usuarios das pantallas de visualización de datos

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Coñecer a normativa e elementos necesarios para o traballo con pantallas de PVD.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia que poida considerarse usuario de PVD.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar e datas: A Coruña, os días 21, 23, 18 e 30 de setembro.
- 3.3. Horarios: das 16:30 ás 19:30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Lexislación ao redor das PVD. Nocións de biomecánica. Deseño do posto con PVD. Avaliación do posto con PVD.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre as sociedades cooperativas galegas e outras formas de economía social

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Formar o persoal da Administración autonómica nas características e regulación legal das sociedades cooperativas galegas e nas posibilidades de promoción e fomento das fórmulas empresariais de economía social.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 25 ao 27 de maio e do 1 ao 3 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas, excepto o día 3 que será das 16 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Regulación legal da sociedade cooperativa galega. Aspectos económicos e sociais. Vantaxes competitivas. Outras formas de economía social. As sociedades laborais. Medidas de apoio. Análise de experiencias galegas.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre os procedementos en materia de relacións laborais

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Formar o persoal adscrito aos órganos con competencia en procedementos en materias de relacións laborais.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B, C e D e persoal laboral dos grupos I, II, III e IV da Xunta de Galicia, adscritos aos departamentos con competencia de actuación en procedementos en materias de relacións laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 24 ao 27 e 31 de maio e do 1 ao 3 e 7 e 8 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 25.

4. Contido

Regulación de emprego. Expedientes de infraccións e sancións na orde social. Negociación colectiva. Folgas e peches patronais. Conflitos colectivos e individuais. Empresas de traballo temporal. Sindicatos e asociacións empresariais. Eleccións sindicais.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a violencia e maltrato contra as persoas maiores

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Crear un foro de reflexión sobre unha problemática social case oculta, pero grave coa finalidade de reducila.

2. Destinatarios

Profesionais dependentes da Xunta de Galicia que traballen na xestión e intervención de programas de persoas maiores.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 24 ao 28 de maio.
- 3.3. Horarios: das 16:30 ás 20:30 horas
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Concepto e tipoloxía. Indicadores e factores de risco. Xestión dun caso de presunta situación de maltrato detección e protocolo. Prevención primaria e secundaria. Alternativas de intervención do plan de actuación integral.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre as necesidades das persoas maiores dependentes: carteira de servizos

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Promover a análise e a adecuación das políticas sociais actuais, para unha correcta atención do fenómeno da dependencia. Capacitar os profesionais da servizos sociais de base e das delegacións provinciais no diagnóstico, valoración social e busca de recursos na atención dos maiores dependentes.

2. Destinatarios

Persoal que desempeña funcións relacionadas coa atención das persoas maiores.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, do 4 ao 8 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16.30 ás 20.30 horas
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Estudo e diagnóstico da situación sociodemográfica da poboación de maiores dependentes na Comunidade autónoma galega. Definición. Conceptos: independencia versus dependencia. Tipoloxía das persoas dependentes. Perfís. Marco legal. A incapacidade e tutela dos maiores. Bioética.

Valoración xerontolóxica integral. Intervención multidisciplinar (equipo de valoración xerontolóxica). Comprende: factores físicos, factores psíquicos, factores sociais, factores funcionais. A valoración social a cargo do traballador social. Sistemas de información e valoración social. Programas de apoio familiar. Atención ao cuidador.

Carteira de servizos: rede de recursos e programas de prevención e atención á dependencia na Comunidade autónoma galega. Plan galego das persoas maiores 2001-2006: servizos e programas comunitarios. Servizos e programas especializados. Unha aposta por afrontar a dependencia. Programa de Atención Sociosanitario: Plan galego de atención ao enfermo de Alzheimer e outras demencias. Programa de interconsulta especializada en psiquiatría.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre coidar ao coidador: técnicas para o tratamento do estrés nos coidadores (2 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Análise da comunicación humana e da relación interpersoal desde diferentes paradigmas. Técnicas de afrontamento do estrés. Análises sistemática de conflitos de grupo.

2. Destinatarios

Auxiliares de enfermaría, ATS/DUE e coidadores de residencias e centros dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Lugo (Residencia das Gándaras), do 31 de maio ao 4 de xuño e Ourense (Residencia da Terceira Idade Nosa Sra. dos Milagres), do 14 ao 18 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 16:30 ás 20:30 horas (Lugo) e das 16 ás 20 horas (Ourense).
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

O manexo do paciente cunha deterioración importante e progresiva: cómo manter a ilusión. Aprender a vivir coa morte e coas perdas repetidas. As relacións cos familiares. As dificultades do traballo en grupo e a relación cos compañeiros. Traballar na marxinalidade: a vivencia do illamento.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre actualización de coñecementos e orientación do rol profesional para auxiliares de enfermaría (4 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Mellorar o desempeño profesional do auxiliar de enfermaría mediante a súa capacitación e perfeccionamento. Establecer orientacións respecto do rol e función do auxiliar de enfermaría dentro do equipo interdisciplinario. Humanizar as relacións interpersoais, favorecendo o crecemento e o desenvolvemento persoal. Achegar recursos e habilidades de manexo de problemas e síndromes orgánicas e psicopatolóxicas nas persoas.

2. Destinatarios

Auxiliares de enfermaría das residencias do maior dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña (Residencia do maior de Torrente Ballester), do 18 ao 22 de outubro; Pontevedra (Residencia de Campolongo), do 4 ao 8 de outubro; Oleiros (Residencia Asistida), do 8 ao 12 de novembro. Vigo (Residencia Asistida), do 25 ao 29 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 20 horas (A Coruña, Pontevedra e Oleiros) e das 16.30 ás 20.30 horas (Vigo).
- 3.4. Prazas: 25 por edición.

Curso sobre a nutrición e a alimentación na terceira idade. Menús adaptados. Opcións dietéticas. A psicoloxía do maior ante as súas limitacións alimentarias (2 edicións)

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

4. Contido

Sociodemografía e dependencia de coidados. Socioloxía do avellentamento. Epidemioloxía da vellez. Síndrome de inmovilidade. Caídas e accidentes. Medidas fiscais de contención: problemática. Transtornos do sono. Incontinencias. Hidratación e transtornos metabólicos. Programas de prevención non farmacolóxicos. Tratamento básicos para AVD nas persoas con síndrome demencial en centros. Transtornos psiquiátricos. Depresión e pseudodemencias. Alucinacións e delirios. Intervención non farmacolóxica. Coidados paliativos e traballo en equipo. O *burn-out* ou «estar queimado» no profesional xerontólogo. Podemos evitalo? Técnicas. Pautas e respostas positivas. Axudas técnicas á discapacidade. Utilidades domiciliarias e en institucións. Novas tecnoloxías. Valoración funcional xeriátrica. Enfermidade infecto-contaxiosa. Técnicas de traballo para a protección do doente e do profesional. Programas de psicoestimulación útiles nas residencias. Urxencias e emerxencias. Medidas básicas en centros xerontolóxicos. Futuros dos coidados a maiores en Galicia. Novos programas de axudas.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

1. Obxectivos

Calidade asistencial e coñecemento profesional.

2. Destinatarios

Persoal do departamento socio-sanitario, gobernantes e de cociña.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela (Residencia Porta do Camiño) os días 4, 5, 11, 12, 18, 19, 25, 26 de maio, e o 1 e 2 de xuño. Vigo (Asistida do Meixoeiro) do 18 ao 22 de outubro.
- 3.3. Horarios: das 16 ás 18 horas (Santiago) e das 16:30 ás 20:30 horas (Vigo).
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Primeiro módulo: nutrición e alimentación na terceira idade. Menús adaptados. Opcións dietéticas. Necesidades basais. Dietas recomendadas.

Segundo módulo: aspectos psicolóxicos e reaccións do maior ante as limitacións da súa dieta. Respostas ante o problema do maior e interacción psicolóxica co maior. Problemática sanitaria e importancia ante o incumprimento da dieta. Excepcións posibles á dieta e posibilidade de flexibilidade en relación á psicoloxía do maior. Factores educativos, sociais, de recursos e a súa incidencia na cultura do maior.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre o asociacionismo dentro e fóra do territorio español. A Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Emigración]

1. Obxectivos

Coñecer as características básicas das asociacións e os principios polos que se rexen. Afondar no dereito español de asociación a partir da nova Lei 1/2002.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Administración autonómica.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 7, 9 e 14 de xuño.
- 3.3. Horarios: das 9 ás 14 horas e das 16:30 ás 18:30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

O asociacionismo: características e principios xerais. A situación a partir da Lei 191/1964. Os cambios introducidos coa Lei 1/2002: a súa incidencia nas novas entidades e asociacións galegas no resto do estado español. A súa incidencia nas entidades e asociacións galegas xa constituídas. Nota comparativas coa situación doutros países (Alemaña, Arxentina, etc.)

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a inmigración e mediación intercultural

(Plan de formación continua)

[en colaboración coa Consellería de Emigración]

1. Obxectivos

Acadar a formación necesaria do persoal para o desenvolvemento do seu traballo.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C e persoal laboral dos grupos I, II e III da Administración autonómica.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 19, 20 e 21 de abril.
- 3.3. Horarios: das 10 ás 14 horas e das 16:30 ás 19:30 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Políticas migratorias e programas de intervención coa poboación inmigrante. Marco legal da inmigración. Situación social da poboación inmigrante. Habilidades para a relación de axuda con persoas inmigrantes. Prevención de conflitos: a sensibilización intercultural. A mediación intercultural como alternativa en contextos interculturais.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a introdución á Unión Europea

(Plan de formación continua)

[en colaboración cos Órganos Estatutarios]

1. Obxectivos

Familiarización co vocabulario e conceptos básicos do acervo comunitario. Coñecemento do entramado institucional europeo e o seu funcionamento. Aprendizaxe do manexo de ferramentas, bases de datos e recursos que faciliten a busca de información comunitaria.

2. Destinatarios

Persoal funcionario dos grupos C e D ou laborais asimilados ao servizo da institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 25, 26, 27, 28 de outubro; e o 2, 3, 4 e 8 de novembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Historia e construción europea. Sistema institucional da Unión Europea. Política de información, documentación e as súas fontes. Caso práctico. Acceso á documentación e lexislación europea. O sistema xurídico europeo. As liberdades fundamentais. A protección dos dereitos humanos na Unión Europea. Política ambiental e política común de pesca. Política de cohesión económica e social.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre as redes informáticas: a rede Internet

(Plan de formación continua)

[en colaboración cos Órganos Estatutarios]

1. Obxectivos

Divulgar as posibilidades e vantaxes do funcionamento a través das redes informáticas.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 14, 15, 16, 20, 21 e 22 de decembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 21 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

O acceso a internet. As conexións. As redes. As páxinas web e as canles de información. As canles de diálogo. Os foros de discusión (news).

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre a xestión do persoal

(Plan de formación continua)

[en colaboración cos Órganos Estatutarios]

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos en materia de xestión do persoal das administracións públicas.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 12, 13, 14, 15, 19, 20 e 21 de abril.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Introdución ao tema. O persoal ao servizo das administracións públicas. Réxime xurídico e características de xestión dos diferentes tipos de persoal.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso sobre o expediente administrativo e os documentos administrativos

(Plan de formación continua)

[en colaboración cos Órganos Estatutarios]

1. Obxectivos

Indicar os aspectos teóricos e prácticos involucrados na tramitación dos expedientes administrativos, así como estudar o documento administrativo desde o punto de vista xurídico e as principais formas documentais, todo iso relacionado cos dereitos dos cidadáns en relación cos expedientes administrativos e abordando a problemática xurídica dos rexistros, certificacións e compulsas.

2. Destinatarios

Persoal funcionario dos grupos C e D ou laborais asimilados ao servizo da institución do Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo de Galicia e Consello da Cultura Galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 27, 28, 29 e 30 de setembro.
- 3.3. Horarios: das 17 ás 20 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Custodia, formación e ordenación do expediente. Clases de documentos, formalidades documentais. Dereitos dos cidadáns en relación cos expedientes administrativos. Rexistros, certificacións e compulsas. Acceso ao expediente administrativo e aos arquivos e rexistros.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Actividades



**Actividades do Servizo de Formación
do Persoal da Administración Local
e doutras Administracións**

1. Área local

1.1. Cursos

O novo aplicativo informático do servizo público de emprego de Galicia

[en colaboración coa Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais]

1. Obxectivos

Estudo dos requirimentos definidos no marco do proxecto de Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE) que pasarán a xestionar o dominio da intermediación laboral en Galicia, recollendo tanto o modelo de datos e as regras de xestión de todos os procesos definidos a nivel do Estado español coma o modelo de datos e regras de xestión dos procesos específicos da nosa comunidade autónoma.

2. Destinatarios

Funcionarios, laborais e demais persoal da Xunta de Galicia que desenvolvan tarefas nas oficinas de emprego, Subdirección Xeral de Colocación e Servizos de Formación e Colocación das delegacións provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.



3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 25 horas por edición.

3.2. Lugar e datas:

Santiago: Servizos Centrais do Servizo Galego de Colocación, Edificio Administrativo San Caetano, s/n 15771

Santiago de Compostela: 1ª edición: do 2 ao 6 de febreiro de 2004, 2ª edición: do 9 ao 13 de febreiro de 2004;

A Coruña: Centro de Formación de Labañou, r/ Maestro Anta, 11 Ed. La Herradura 15011

A Coruña: 1ª edición: do 16 ao 20 de febreiro de 2004, 2ª edición: do 16 ao 20 de febreiro de 2004, 3ª edición: os días 23, 25, 26 e 27 de febreiro e 1 de marzo de 2004, 4ª edición: os días 23, 25, 26 e 27 de febreiro e 1 de marzo de 2004, 5ª edición: do 1 ao 5 de marzo de 2004, 6ª edición: do 8 ao 12 de marzo de 2004; 7ª edición: os días 15, 16, 17, 18 e 22 de marzo de 2004, 8ª edición: do 22 ao 26 de marzo de 2004, 9ª edición: do 29 ao 2 de abril de 2004;

Ourense: Oficina de Emprego de

Ourense-Centro, r/ Progreso, 11, 32005

Ourense: 1ª edición: do 16 ao 20 de febreiro de 2004, 2ª edición: os días 23, 25, 26 e 27 de febreiro e 1 de marzo de 2004, 3ª edición: do 1 ao 5 de marzo de 2004, 4ª edición: do 8 ao 12 de marzo de 2004;

Sistemas de actuación urbanística

[en colaboración co Colexio de Arquitectos de Galicia]

Vigo: Oficina de Emprego de Coia, r/ Baiona, 28, 36209 Vigo: 1ª edición: do 16 ao 20 de febreiro de 2004, 2ª edición: do 23 ao 27 de febreiro de 2004, 3ª edición: do 1 ao 5 de marzo de 2004, 4ª edición: do 8 ao 12 de marzo de 2004, 5ª edición: os días 15, 16, 17, 18 e 22 de marzo de 2004, 6ª edición: os días 15, 16, 17, 18 e 22 de marzo de 2004, 7ª edición: do 22 ao 26 de marzo de 2004, 8ª edición: do 22 ao 26 de marzo de 2004, 9ª edición: do 30 e 31 de marzo e 1, 2 e 5 de abril de 2004;

Lugo: Centro de Formación Ocupacional de Montirón, r/ Carballeira das Mercedes, s/n, 27002 Lugo: 1ª edición: do 1 ao 5 de marzo de 2004, 2ª edición: do 8 ao 12 de marzo de 2004, 3ª edición: os días 15, 16, 17, 18 e 22 de marzo de 2004, 4ª edición: do 22 ao 26 de marzo de 2004.

3.3. Horario: das 9:00 ás 14:00 horas.

3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Entidades comúns: persoa física, empresario e empregado. A demanda de emprego. A oferta de traballo. A intermediación laboral. Axenda do xestor. Informes e consultas. Ofimática aplicada. Seguridade informática.

5. Convocatoria

DOG n.º 15, do 23-01-04

1. Obxectivos

Promocionalle aos asistentes coñecementos dende unha perspectiva eminentemente práctica dos sistemas de actuación urbanística previstos na Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Analizando as novidades e modificacións efectuadas respecto á lexislación anterior.

2. Destinatarios

Arquitectos, arquitectos técnicos, avogados e funcionarios da Administración autonómica e local relacionados coas tarefas de xestión urbanística.

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 20 horas

3.2. Lugar e datas: EGAP, os días 7, 13, 14, 27 e 28 de febreiro de 2004

3.3. Horarios: venres das 16:30 ás 20:30 horas e sábados das 10:00 ás 14:00 horas.

3.4. Prazas: 50.

4. Contido

Os sistemas xerais de actuación urbanística. Sistema de expropiación. Obtención de terreos de sistemas xerais e de dotacións públicas. Instrumentos de execución dos plans en solo de núcleo rural. Sistema de cooperación. Sistema de compensación e de concerto. Realización dun proxecto práctico de compensación. Sistema de concesión e obra urbanizadora.

5. Convocatoria

Non publicada no DOG

A reforma da política agrícola común do ano 2003

[en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria]

1. Obxectivos

Explicar o novo esquema da Política Agrícola Común (PAC) derivada da reforma do ano 2003.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica que interveña na xestión de axudas FEOGA-Garantía.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 7 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, sede da EGAP, o día 28 de setembro de 2004
- 3.3. Horario: das 10:00 ás 14:30 e das 16:30 ás 19:00 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Pagamento único por explotación e desacoplamento das axudas á produción. Modulación de axudas e apoio ao desenvolvemento rural. Sistema integrado de xestión.

5. Convocatoria

DOG n.º 18, do 28-01-04

Principios básicos do control interno

[en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria]

1. Obxectivos

Introdución dos coñecementos teóricos básicos en relación co control interno dos gastos do FEOGA-Garantía.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica que interveña na xestión de axudas FEOGA-Garantía.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 5 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña –1 de marzo–, Lugo –15 de marzo–, Ourense –22 de marzo– e Pontevedra –29 de marzo– de 2004.
- 3.3. Horario: das 9:00 ás 14:00 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Concepto de control interno. Compoñentes do control interno. Limitacións. Funcións e responsabilidades.

5. Convocatoria

DOG n.º 18, do 28-01-04

Sancións, recuperacións e reintegros en materia de fondos FEOGA-Garantía

[en colaboración co Fondo Galego de Garantía Agraria]

1. Obxectivos

Que os xestores das axudas FEOGA-Garantía poidan ter un coñecemento básico da normativa e procedementos específicos en materia de irregularidades, fraudes, sancións e recuperacións, no ámbito dos fondos FEOGA-Garantía.

2. Destinatarios

Persoal da Administración autonómica que interveña na xestión de axudas financiadas polo FEOGA-Garantía.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 7 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago: 1ª edición - 1 de abril de 2004; 2ª edición - 11 de maio de 2004.
- 3.3. Horario: das 10:00 ás 14:00 e das 16:30 ás 19:30 horas.
- 3.4. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

Concepto de irregularidade e de fraude. Procedemento de reintegro. Procedemento sancionador. Sancións.

5. Convocatoria

DOG n.º 8, do 28-01-04

Xestor de bases de datos relacionais

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos introductorios no manexo do xestor de bases de datos relacionais.

2. Destinatarios

Funcionarios de Administración local pertencentes aos grupos A e B.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datas: os días 1, 3, 8, 10, 15, 17, 22 e 24 de marzo de 2004.
- 3.4. Horarios: das 17:00 ás 20:00 horas.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

Conceptos básicos: barras de ferramentas. Xestión de táboas. Consultas. Formularios. Informes.

5. Convocatoria

DOG n.º 19, do 29-01-04

Procedemento de outorgamento de licenzas e concesións

1. Obxectivos

Afondar nos coñecementos de outorgamentos de licenzas e concesións.

2. Destinatarios

Funcionarios de corporacións locais pertencentes aos grupos A, B e C ou asimilados.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas
- 3.2. Lugar e datas: A Coruña, os días 8, 9, 10, 11, 17 e o 18 de marzo de 2004
- 3.3. Horario: das 17:00 ás 20:30 horas.
- 3.4. Prazas: 25

4. Contido

As diferentes formas da actividade administrativa. A actividade de supervisión ou policía administrativa. Os principios reguladores da actividade de supervisión. As técnicas da actividade de supervisión: a regulamentación. Ordes, mandatos e prohibicións; outras formas de control preventivo. Estudo especial da autorización ou licenza. Concepto. Licenzas e concesións, diferenciación. Clases. Características. Transmisións. Extinción. As licenzas de apertura inocuas. Obxecto e procedemento de outorgamento. As licenzas para actividades clasificadas. Obxecto e procedemento de outorgamento. Características especiais. As autorizacións puntuais. Outras autorizacións: ambientais; policía sanitaria mortuoria; intervención no comercio; a venda ambulante; en materia de transportes. Estudo especial das licenzas urbanísticas. As autorizacións sectoriais previas. As relacións entre as licenzas de obras e aperturas. O outorgamento simultáneo.

O uso do dominio público. Actos sometidos a licenzas ou autorizacións e actos sometidos a concesións: estacionamentos e ocupacións: precariedade de primeiro e segundo grao. En especial, as concesións demaniais locais. Concepto, características, procedemento de outorgamento, extinción. O dereito funerario. As formas de xestión dos servizos públicos. O contrato de concesión do servizo. Concepto, características. Diferenzas entre concesión pura, contrato de servizos e concesión de obra pública. Os actos preparatorios da concesión de servizos: o anteproxecto de explotación e o regulamento de prestación do servizo. As relacións do xestor cos usuarios. Procedemento de adxudicación e formalización, criterios de admisión e adxudicación. A sucesión de empresa no eido da xestión indirecta do servizo. A concesión de obra pública. A execución do contrato de xestión de servizos. Relacións entre Administración e concesionario. Os poderes e facultades da Administración concedente. O principio de risco e ventura e o mantemento do equilibrio financeiro. A modificación do contrato. A subcontratación. A extinción do contrato. A reversión das obras e instalacións.

5. Convocatoria

DOG n.º 19, do 29-01-04

Follas de cálculo avanzado.

Microsoft Excel

1. Obxectivos

Profundar nos coñecementos do manexo do sistema operativo. Creación de follas de cálculo avanzado.

2. Destinatarios

Funcionarios de Administración local pertencentes aos grupos A e B.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datas: os días 2, 4, 9, 11, 16, 18 e 23 de marzo de 2004.
- 3.4. Horarios: luns das 17:00 ás 20:00 h e martes das 10:00 ás 14:00 e das 16:00 ás 18:00 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

Coñecementos avanzados das follas de cálculo. Introducción de datos. Os comandos das follas de cálculo. Copias de datos gráficos. Deseño de follas de cálculo avanzado.

5. Convocatoria

DOG n.º 19, do 29-01-04

Follas de cálculo-Excel, nivel iniciación

[en colaboración co Consello de Contas de Galicia]

1. Obxectivos

Adquirir coñecementos de informática xeral, imprescindible para o posterior traballo coas ferramentas informáticas específicas de fiscalización asistida por ordenador.

2. Destinatarios

Todo o persoal que non domine axeitadamente estas ferramentas ou vaia ser destinatario dos seguintes módulos, independentemente da categoría e as funcións que desempeñe.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, do 15 ao 19 de decembro de 2003 e do 12 ao 14 de xaneiro de 2004
- 3.3. Horario: das 9:00 ás 11:00 e das 11.30 ás 14.30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

O básico destas coñecidas aplicacións informáticas, orientado ao posterior traballo que se desenvolve nas tarefas de fiscalización, especialmente ao almacenamento e xestión de datos e determinadas tarefas na elaboración dos papeis de traballo.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Follas de cálculo-Excel, nivel iniciación

[en colaboración co Consello de Contas de Galicia]

1. Obxectivos

Adquirir coñecementos de informática xeral, imprescindible para o posterior traballo coas ferramentas informáticas específicas de fiscalización asistida por ordenador.

2. Destinatarios

Todo o persoal que non domine axeitadamente estas ferramentas ou vaia ser destinatario dos seguintes módulos, independentemente da categoría e as funcións que desempeñe.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, do 15 ao 19 de decembro de 2003 e do 12 ao 14 de xaneiro de 2004.
- 3.3. Horario: das 9:00 ás 11:00 e das 11:30 ás 14:30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

O básico destas coñecidas aplicacións informáticas, orientado ao posterior traballo que se desenvolve nas tarefas de fiscalización, especialmente ao almacenamento e xestión de datos e determinadas tarefas na elaboración dos papeis de traballo.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

VII Encontros de dereito penitenciario de Galicia

[en colaboración co Colexio de Avogados de Ourense]

1. Obxectivos

Analizar e debater as cuestións que figuran máis abaixo no punto catro.

2. Destinatarios

Avogados, funcionarios da Administración de xustiza, estudantes universitarios e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar: Ourense.
- 3.3. Datas: os días 20, 21 e 22 de maio de 2004.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 60.

4. Contido

A saúde mental nas cadeas. Convivir cunha enfermidade mental. Asistencia psiquiátrica penitenciaria. Modelos de atención psiquiátrica. O enfermo mental ante o proceso penal. Trastorno mental e imputabilidade. Medidas de seguridade. Trastornos de personalidade no medio penitenciario. Excarceración de persoal con problemas de saúde mental. Trastorno mental sobrevivido. Prisión e saúde mental. Consecuencias. Intervención en drogodependencias. Tratamentos específicos.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Follas de cálculo-Excel, nivel avanzado

[en colaboración co Consello de Contas de Galicia]

1. Obxectivos

Adquirir coñecementos de informática xeral, imprescindible para o posterior traballo coas ferramentas informáticas específicas de fiscalización asistida por ordenador.

2. Destinatarios

Todo o persoal que non domine axeitadamente estas ferramentas ou vaia ser destinatario dos seguintes módulos, independentemente da categoría e as funcións que desempeñe.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Santiago de Compostela, do 15 ao 19 de decembro de 2003 e do 12 ao 14 de xaneiro de 2004.
- 3.3. Horario: das 9:00 ás 11:00 e das 11:30 ás 14:30 horas.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

O básico destas coñecidas aplicacións informáticas, orientado ao posterior traballo que se desenvolve nas tarefas de fiscalización, especialmente ao almacenamento e xestión de datos e determinadas tarefas na elaboración dos papeis de traballo.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Linguaxe administrativa - técnicas de redacción

1. Obxectivos

Dominar as técnicas de redacción dos documentos administrativos complexos.

2. Destinatarios

Funcionarios dos grupos A, B e C de corporacións locais que no desempeño do seu posto de traballo desenvolvan tarefas relacionadas coas materias obxecto do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar: Lugo, aulas de formación da Deputación Provincial, r/ San Marcos, 8
- 3.3. Datas: os días 22, 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de abril de 2004.
- 3.4. Horarios: das 17:00 ás 20:00 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

A linguaxe administrativa como linguaxe e especialidade. Criterios xerais de estilo na redacción administrativa. Actas, ordenanzas, pregos de condicións, contratos, informes, resolucións e recursos.

5. Convocatoria

DOG n.º 59, do 25-03-04

Sobre o portal dos concellos de Galicia: O Eido local e o novo rexistro de entradas e saídas vía web (6 edicións)

1. Obxectivos

Formar ao persoal das corporacións locais da nosa Comunidade autónoma sobre a utilización dos contidos e servizos dispoñibles no portal Eido Local coa finalidade de facer completamente real o uso da internet como vía de comunicación entre a Administración local, os seus cidadáns e a Administración autonómica, e posibilitando que as xestións administrativas e as comunicacións poidan realizarse telematicamente. Especialmente formar aos actuais usuarios do Rexistro de E/S da Xunta (rexistro do Portelo Único) na nova versión do rexistro telemático vía web.

2. Destinatarios

Persoal das corporacións locais da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 horas cada edición.
- 3.2. Nº de edicións: 6.
- 3.3. Lugares: 1 edición por provincia e 2 en Santiago de Compostela: Santiago de Compostela: aula de informática do 21 andar da Escola Galega de Administración Pública, rúa Madrid, 2-4; A Coruña: aula de informática do Edificio administrativo de servizos múltiples, praza Luís Seoane, s/n; Lugo: aula de informática do edificio administrativo. Baixo 21. Ronda da Muralla, 70; Ourense: aula de informática da Delegación de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Avda. da Habana, 79; Pontevedra: aula de informática da Delegación de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Rúa Benito Corbal, 47. Planta baixa.

3.4. Datas:

Santiago de Compostela: 1ª edición: do 24 ao 27 de maio de 2004, 2ª edición: do 31 de maio ao 3 de xuño de 2004; A Coruña: do 7 ao 10 de xuño de 2004; Lugo: do 31 de maio ao 3 de xuño de 2004; Ourense: do 24 ao 27 de maio de 2004; Pontevedra: do 7 ao 10 de xuño de 2004.

3.5. Horarios: das 17:00 ás 19:30 horas.

3.6. Prazas: 20 por edición.

4. Contido

O portal dos concellos de Galicia na internet (EidoLocal). O novo rexistro de entradas e saídas do Portelo Único vía web. Contidos e servizos dispoñibles en EidoLocal: zona de acceso público e zona de acceso privado. Envíos telemáticos de anuncios ao *DOG* e da documentación á *DXAL*. Tramitación electrónica. Xestión de contidos por parte dos concellos. A certificación electrónica e a sinatura dixital.

5. Convocatoria

DOG n.º 66, do 05-04-04

Teórico-práctico de estatística oficial

[en colaboración co Instituto Galego de Estatística]

1. Obxectivos

Proporcionar coñecementos básicos en estatística pública, as súas fontes e ferramentas, de cara á correcta utilización dos instrumentos adecuados para a recollida de datos, o seu tratamento e posterior utilización na elaboración de informes.

2. Destinatarios

Persoal de calquera Administración da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas
- 3.2. Lugares: Instituto Galego de Estatística, complexo administrativo San Lázaro, rúa San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: os días 1, 7, 8, 9, 14, 15, 16, 21, 22 e 23 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: das 16.30 ás 19.30 horas.
- 3.5. Prazas: máximo de 20.

4. Contido

O sistema estatístico público. Organización e normativa. Ferramentas informáticas. Estatística descritiva. Fases no desenvolvemento de operacións estatísticas. Fontes estatísticas. Presentación e utilidade da información estatística.

5. Convocatoria

DOG n.º 77, do 22-04-04

A Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para persoal de Administración local

1. Obxectivos

Dar a coñecer o novo réxime xurídico urbanístico de Galicia.

2. Destinatarios

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de administración xeral de corporacións locais pertencentes aos grupos A e B.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugares e datas: Lugo, aulas de formación da Deputación provincial, rúa San Marcos, 8, os días 18, 19, 20, 21, 24, 25, 26, 27, 28 e 31 de maio de 2004; Pontevedra, aulas de formación da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, rúa Benito Corbal, 47, os días 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11, 14 e 15 de xuño de 2004.
- 3.3. Horarios: das 16:30 ás 20:00 horas.
- 3.4. Prazas:máximo de 30.

4. Contido

Lexislación autonómica de urbanismo. Clasificación e réxime xurídico do solo; solo núcleo rural e solo rústico. Disciplina urbanística. Planeamento, xestión e licenzas.

5. Convocatoria

DOG n.º 77, do 22-04-04

Viticultura e enoloxía

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Impartir unha formación básica para coñecer os criterios mínimos que permitan unha viticultura e unha enoloxía de calidade.

2. Destinatarios

Técnicos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, técnicos en viticultura e enoloxía.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 25 horas.
- 3.2. Lugar: Estación de viticultura e enoloxía de Galicia (Leiro-Ourense).
- 3.3. Datas: os días 14, 15, 16, 17 e 18 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: das 9:00 ás 14:00 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

Módulo de viticultura: as principais castes galegas. Deseño de plantación de viñedo. Sistema de produción e poda.

Módulo de enoloxía: elaboración de viños brancos e tintos.

Módulo de enoloxía: enfermidades e defectos dos viños.

Módulo de cata: iniciación á cata de viños brancos e tintos.

Módulo de cata: coñecemento da elaboración de oruxo de Galicia e a súa cata.

5. Convocatoria

DOG n.º 82, do 29-04-04

Fiscalidade e Seguridade social agraria

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Que os técnicos adquiran ou amplíen coñecementos que lles permitan asesorar correctamente aos agricultores sobre o contorno legal que rodea as actividades económicas que se desenvolven nas explotacións familiares agrarias, especialmente en termos de fiscalidade agraria, Seguridade social e normativa de interese agrario.

2. Destinatarios

Técnicos do MAPYA e das consellerías de agricultura das comunidades autónomas.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 28 horas.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Monforte de Lemos (Lugo).
- 3.3. Datas: os días 7, 8, 9, 10 e 11 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: das 9:30 ás 13:30 e das 15.30 ás 17.30 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Normas legais e tributarias de interese agrario. Seguridade social agraria. Sistemas de fiscalidade agraria. Réximes fiscais para os diferentes sistemas produtivos. Transmisión dun terzo dos elementos da explotación segundo a Lei 19/1995 de modernización de explotacións agrarias.

5. Convocatoria

DOG n.º 82, do 29-04-04

Formación de formadores de aplicadores-manipuladores

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Adquirir coñecementos teóricos e prácticos sobre a interrelación existente entre a técnica de distribución e a eficacia dos tratamentos fitosanitarios en cultivos extensivos, arboricultura, viticultura e horticultura e nas boas prácticas fitosanitarias. Tratamentos químicos, sustentabilidade do medio e seguridade persoal e alimentaria. Normas técnicas e lexislación relativa á maquinaria de tratamentos fitosanitarios.

2. Destinatarios

Profesorado dos cursos de aplicadores/manipuladores de produtos fitosanitarios que desenvolvan a súa actividade na Administración.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 25 horas.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Sergude (Boqueixón).
- 3.3. Datas: os días 21, 22, 23, 24 e 25 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: das 9:00 ás 14:00 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Eficacia das aplicacións e control de pragas, enfermidades e vexetación adventicia. Dosificación de produtos fitosanitarios. Equipos de tratamentos fitosanitarios: estudo de compoñentes. Pulverización. Boquillas. Selección e regulación de equipos para tratamentos fitosanitarios. Norma sobre seguridade nos pulverizadores agrícolas. Normas sobre pulverizadores agrícolas e protección ambiental. Inspección en pulverizadores agrícolas. Tratamentos fitosanitarios na Producción integrada. Prevención da contaminación (deriva). Regulación en campo de máquinas de tratamentos.

5. Convocatoria

DOG n.º 82, do 29-04-04

AutoCAD

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Darlles unha información axeitada aos xestores que interveñen no proceso de concentración parcelaria para que poidan aproveitar todas as utilidades da aplicación informática do AutoCAD.

2. Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia que interveña directamente no proceso de concentración parcelaria.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 horas.
- 3.2. Lugar: Aula de informática do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo (Ronda Muralla, 70).
- 3.3. Datas: do 24 de maio ao 18 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: das 8:00 ás 10:00 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

Introdución ao AutoCAD. Referencia a obxectos. Sistemas de coordenadas. Comandos de debuxo. Comando de modificación. Comandos de edición. Comandos de visualización. Propiedades dos obxectos. Sombreado. Debuxo no espazo modelo e no espazo papel. Textos. Escalas. Xestión de capas, cores e tipos de liña. Bloques e atributos. Acotación. Comandos de consulta. Trazados de debuxos. Exercicios prácticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 82, do 29-04-04

Produción integrada e agricultura ecolóxica nas explotacións agrarias do litoral cantábrico

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Coñecer novas técnicas de produción integrada e ecolóxica así como a normativa que lles afecta.

2. Destinatarios

Técnicos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 28 horas.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Pedro Murias-Ribadeo (Lugo).
- 3.3. Datas: os días 25, 26, 27 e 28 de maio de 2004.
- 3.4. Horarios: das 9:00 ás 14:00 e das 16:00 ás 19:00 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Principios da produción integrada e da agricultura ecolóxica. As microrrizas e o seu uso. Residuos das explotacións e os seus tratamentos. Compostaxe. Os nitratos e o seu uso: residuos. Melloras de manexo. Normativa actual.

5. Convocatoria

DOG n.º 82, do 29-04-04

O novo réxime xurídico das entidades locais

1. Obxectivos

Darlles a coñecer aos asistentes o contido e alcance da Lei de modernizaicón do Goberno local, e mellorar os coñecementos dos participantes sobre a normativa de réxime local vixente na actualidade na nosa Comunidade autónoma.

2. Destinatarios

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, e demais técnicos de corporacións locais pertencentes aos grupos A ou B, que realicen labores de asesoramento técnico e xurídico.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación da Deputación provincial de Ourense; rúa Progreso, 30
- 3.3. Datas: os días 14, 15, 16, 21, 22, 23, 24, 28, 29 e 30 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: das 17:00 ás 20:00 horas.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Réxime xurídico das entidades locais. Os municipios. Formas de xestión dos servizos públicos locais. Os bens das entidades locais. Municipios de gran poboación. A provincia. As infraccións e sancións ás ordenanzas das entidades locais. O fomento como actividade das entidades locais. O persoal ao servizo das entidades locais de Galicia. A normativa autonómica de Galicia en materia de réxime local. Réxime dos electos locais. Relacións inter administrativas dos entes locais co Estado e coas comunidades autónomas. Réxime de impugnación dos actos e acordos das entidades locais.

5. Convocatoria

DOG n.º 92, do 13-05-04

Xestión económico-administrativa grupos C e D

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Mellorar os coñecementos dos participantes na xestión orzamentaria e a contratación.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña pertencente aos grupos C-D.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: os días 14, 15, 16, 21, 22 e 23 de xuño de 2004.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Contido

Orzamentos das entidades locais: concepto e procedementos de elaboración. Estrutura do orzamento. Modificacións orzamentarias. Contratación: tipos de contratos, requisitos, procedementos de adxudicación. Expedientes de contratación.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Desenvolvemento directivo (*coaching*)

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Fomentar as habilidades de dirección mediante un proceso de adestramento.

2. Destinatarios

Persoal directivo do Concello da Coruña.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 horas.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 15 de xuño de 2004.
- 3.4. Prazas: 10.

4. Contido

Organización. Liderado. Delegación. Comunicación. Negociación.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Socioloxía da lectura

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Coñecer as necesidades sociais dos lectores e comprender o papel social das bibliotecas.

2. Destinatarios

Persoal do servizo de bibliotecas do Concello da Coruña.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 3 horas.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 4 de xuño de 2004.
- 3.4. Prazas: 28.

4. Contido

Enquisas de hábitos dos lectores. A promoción lectora.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Power Point (2 edicións)

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Formar no coñecemento de Power Point.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña que fai presentacións públicas.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 horas.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 1ª edición: 31 de maio; 2ª edición: 7 de xuño de 2004.
- 3.4. Prazas: 6 por edición.

4. Contido

Funcionalidades do Power Point.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Access

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Incrementar o coñecemento de Access entre os usuarios

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña usuario de Access.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 13 de outubro de 2004.
- 3.4. Prazas: 6 por edición.

4. Contido

Deseño de táboas. Consultas. Formularios e informes.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Excel profesional (2 edicións)

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Mellorar os coñecementos de Excel do persoal que habitualmente usa Excel no seu traballo.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña usuario habitual de Excel.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 horas.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 1ª edición : 14 de xuño; 2ª edición: 21 de xuño de 2004.
- 3.4. Prazas: 5 por edición.

4. Contido

Funcións avanzadas de Excel.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Actualización veterinaria en materia de inspección en saúde pública, medio e inspección en pesca

[en colaboración co Consello Galego de Colexios de Veterinarios]

1. Obxectivos

Formación, coñecemento da lexislación en materia de inspección en saúde pública, medio e inspección en pesca.

2. Destinatarios

Licenciados en veterinaria en la Comunidade autónoma Galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugares e datas: A Coruña: Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña; 1, 8, 15, 22, 29 de xullo e 2 de setembro de 2004. Santiago de Compostela: R/ Espiña, 4 baixo; 3, 10, 17, 24, 31 de xullo e 4 de setembro de 2004. Lugo: Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo; 30 xuño, 7, 14, 21, 28 xullo e 1 de setembro de 2004. Ourense: Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense; 2, 9, 16, 23, 30 xullo e 3 de setembro de 2004. Pontevedra: R/ Peregrina, 2ª planta; 29 xuño, 6, 13, 20, 27 xullo e 31 de agosto de 2004.
- 3.3. Horarios: de luns a venres das 17:00 ás 22:00 horas e sábados das 9.30 ás 14.30 horas.
- 3.4. Prazas: 45 por edición

4. Contido

Competencias en pesca, cultivos marinos. Competencia veterinaria no medio, etiquetaxe de froitos e verduras. Leite crú e produtos lácteos. Peixes, derivados e acuicultura. Lei xeral de Sanidade. Comidas preparadas e toxiinfeccións alimentarias. Inspección de matadoiros. Almacenamento e transporte de alimentos.

5. Convocatoria

Non publicado no *DOG*

Curso sobre a actualización normativa do galego (2 edicións)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Promover a reflexión sobre o traballo na Administración e as súas conexións cos procesos comunicativos; valorar a importancia do uso da lingua para mellorar a imaxe institucional. Valorar o papel dunha linguaxe administrativa actual e revocada no achegamento á cidadanía. Proporcionar as técnicas necesarias para mellorar a comunicación escrita na linguaxe administrativa galega. Reflexionar sobre a historia da lingua escrita. Actualizar o estilo da comunicación escrita no curso para facela máis sinxela e accesible.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 2.
- 3.2. Duración: 20 horas.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: 1ª edición: do 3 ao 13 de xuño de 2004; 2ª edición: do 1 ao 16 de xuño de 2004.
- 3.5. Horario: das 17:00 ás 19:30 horas.
- 3.6. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

Comunicar e atender na Administración: a importancia da comunicación na imaxe de calidade que proxecta calquera servizo e as posibilidades de mellorala. A reforma da normativa. Novidades que se introducen: introdución ao concepto de lingua estándar. Presentación da reforma da normativa. Traballo práctico coas novidades. A vixencia do marco lexislativo da lingua: o marco legal das linguas no ámbito administrativo. Historia da linguaxe administrativa. Reciclaxe e actualización da linguaxe administrativa: conceptos de variación lingüística e o rexistro. Trazos da linguaxe administrativa como linguaxe especializada. O «estilo claro e sinxelo». Técnicas de comunicación escrita: Deseño de documentos e redacción de documentos.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso para comunicarse cos cidadáns en galego

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Transmitirlles aos cidadáns os resultados da xestión pública, lograr crear un cruzamento de comunicación entre a cidadanía e os responsables das institucións, constitúe sen dúbida un dos grandes desafíos das administracións públicas.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N° de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 16 horas.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datras: do 20 ao 30 de setembro de 2004.
- 3.5. Horario: das 17:00 ás 19:30 horas.
- 3.6. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

Estratexias de atención aos diferentes tipos de cliente. Expresión corporal: qué di de nós a postura do noso corpo. Expresión oral: qué di de nós o noso xeito de falar. Visaxismo: qué di de nós o noso xeito de vestir. Deseño de estratexias de atención ao público. A atención ao público e a lingua. Ser quen de se adaptar aos diferentes tipos de cliente/a. Ser quen de empregar o corpo como unha ferramenta de expresión. Ser quen de empregar o corpo como unha ferramenta de expresión. Ser quen de escoller a indumentaria máis axeitada. Ser quen de escoller e empregar a lingua e o rexistro máis axeitados para cada tipo de situación e de cliente/a. Eliminación dos prexuízos sobre os diferentes tipos de cliente/a. Eliminación das actitudes negativas. Eliminar as falsas imaxes e representacións sobre o xeito de vestir. Eliminar as falsas imaxes e representacións sobre a escolla de rexistro lingüístico. Eliminar as falsas imaxes e representacións sobre lingua e mercadotecnia.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de follas de cálculo Excel

(4 edicións)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Coñecer e explotar as follas de cálculo Microsoft Excel 97.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 4.
- 3.2. Duración: 16 horas por edición.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: 1ª: do 19 ao 28 de maio de 2004; 2ª: do 8 ao 17 de xuño de 2004; 3ª: do 30 de xuño ao 7 de xullo de 2004; 4ª: do 16 ao 27 de setembro de 2004.
- 3.5. Horario: das 8:00 ás 10:00 ou das 13:00 ás 15:00 horas.
- 3.6. Prazas: 12 por edición.

4. Contido

Conceptos básicos de Excel 97. Creación dunha folla de cálculo. Formato das follas de cálculo. Fórmulas e funcións. Creación de gráficos. Proceso de datos.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de tratamento de textos

Word básico (3 edicións)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Familiarización no manexo do procesador de textos Microsoft Word para *Windows*.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 3.
- 3.2. Duración: 16 horas por edición.
- 3.3. Lugar:
- 3.4. Datas: 1ª: 20 ao 28 de setembro de 2004; 2ª: 28 de setembro ao 7 de outubro de 2004; 3ª: 8 ao 19 de outubro de 2004
- 3.5. Horario: das 8:00 ás 10:00 ou das 13:00 ás 15:00 horas.
- 3.6. Prazas: 12 por edición.

4. Contido

Introdución e conceptos básicos. Escribir e revisar. Imprimir. Buscar e reemprazar. Revisión ortográfica. Dicionario de sinónimos. Sangrías. Centrado e aliñado de párrafos. Tabulacións. Numeración e viñetas. Preparar páxinas. Marxes, encabezados e pés. Numeración. Columnas de estilo periodístico. Traballar con taboas. Notas finais e pé de páxina.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de tratamento de textos Word medio (5 edicións)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Que os usuarios de Word sexan capaces de aproveitar ao máximo as funcións avanzadas de que dispón o procesador de textos.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 5.
- 3.2. Duración: 16 horas por edición.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: 1ª: 6 ao 17 de maio de 2004; 2ª: do 17 ao 26 de maio de 2004; 3ª: do 27 de maio ao 7 de xuño de 2004; 4ª: do 22 ao 30 de xullo de 2004; 5ª: do 6 ao 15 de setembro de 2004.
- 3.5. Horario: das 8:00 ás 10:00 ou das 13:00 ás 15:00 horas.
- 3.6. Prazas: 12 por edición.

4. Contido

Os formularios e estilos. Gráficos. Columnas e estilo periodístico. Notas. Os campos. Referencias cruzadas. Índices e taboas. As macros. Personalizar menús e barras. Ortografía e gramática: novos dicionarios. Combinar correspondencia.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de base de datos Access básico (3 edicións)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Cofñecer os conceptos básicos en deseño e explotación dunha base de datos e ser capaz de crear, consultar e xerar informes mediante o xestor de base de datos Microsoft Access.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 3.
- 3.2. Duración: 16 horas por edición.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: 1ª: do 31 de maio ao 9 de xuño de 2004; 2ª: do 18 ao 29 de xuño de 2004; 3ª: do 12 ao 21 de xullo de 2004
- 3.5. Horario: das 8:00 ás 10:00 ou das 13:00 ás 15:00 horas.
- 3.6. Prazas: 12 por edición.

4. Contido

Conceptos básicos das bases de datos relacionais. Introducción a Access. Crear e editar táboas. Consultas e filtros. Relacións. Deseño de formularios. Deseño de informes. Macros.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de correo electrónico (7 edicións)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Dar a coñecer as posibilidades das novas tecnoloxías.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 7.
- 3.2. Duración: 8 horas por edición.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: 1ª: do 26 ao 28 de abril de 2004; 2ª: do 26 ao 29 de abril de 2004; 3ª: do 29 de abril ao 3 de maio de 2004; 4ª: do do 30 de abril ao 5 de maio de 2004; 5ª: do 4 ao 6 de maio; 6ª: do 7 ao 11 de maio de 2004; 7ª: do 12 ao 14 de maio de 2004.
- 3.5. Horario: das 8:00 ás 10:00 ou das 13:00 ás 15:00 horas.
- 3.6. Prazas: 12 por edición.

4. Contido

Conceptos básicos da internet. Acceso á internet desde Windows '98. Opcións básicas do navegador. Busca de información na WWW. Conceptos básicos do correo electrónico. Tipos de contas de correo. Creación dunha conta de correo. Envío e recepción de mensaxes. Configuración do Netscape Navigator e Outlook Express.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de follas de cálculo medio

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Que os usuarios das follas de cálculo Excel poidan aproveitar ao máximo as posibilidades de que dispón a dita ferramenta informática.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20.
- 3.3. Lugar:
- 3.4. Datas: do 20 ao 30 de setembro de 2004.
- 3.5. Horario: das 17:00 ás 19:00 horas.
- 3.6. Prazas: 20.

4. Contido

Mostrar datos nun mapa. Crear debuxos e importar imaxes. Administrar listas. Resumir os datos de listas e táboas. Analizar datos con táboas dinámicas. Realizar análises de hipótese nunha folla de cálculo. Analizar datos estatísticos. Compartir libros. Validar elementos de celas. Utilizar Excel coa Internet ou coa intranet. Automatizar tarefas. Visual Basic para Microsoft Excel.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de follas de cálculo Excel avanzado

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Que os usuarios das follas de cálculo Excel poidan aproveitar o máximo as posibilidades de que dispón dita ferramenta informática.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20 horas.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: do 4 ao 18 de outubro de 2004.
- 3.5. Horario: das 17:00 ás 19:00 horas.
- 3.6. Prazas: 20.

4. Contido

Mostrar datos nun mapa. Crear debuxos e importar imaxes. Administrar listas. Resumir os datos de listas e táboas. Analizar datos con táboas dinámicas. Realizar análises de hipótese nunha folla de cálculo. Analizar datos estatísticos. Compartir libros. Validar elementos de celas. Utilizar Excel coa Internet ou coa intranet. Automatizar tarefas. Visual Basic para Microsoft Excel.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de base de datos Access medio

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Que os usuarios das follas de cálculo Excel poidan aproveitar ao máximo as posibilidades de que dispón a dita ferramenta informática.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20 horas.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: do 19 de outubro ao 2 de novembro de 2004.
- 3.5. Horario: das 17:00 ás 19:00 horas.
- 3.6. Prazas: 20.

4. Contido

Bases de datos relacionais. Crear e editar táboas. Consultas e filtros. Deseño de formularios. Deseño de informes. Macros.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de xestión de proxectos (ms.project)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Que os usuarios das follas de cálculo Excel poidan aproveitar ao máximo as posibilidades de que dispón a dita ferramenta informática.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: do 19 de outubro ao 2 de novembro de 2004.
- 3.5. Horario: das 17:00 ás 19:00 horas.
- 3.6. Prazas: 20.

4. Contido

A creación dunha presentación. O traballo cunha presentación. Impresión. Cómo plasmar nun esquema as súas ideas á adición e modificación do texto. O uso e a modificación de plantillas. O uso das combinacións de cores. O debuxo e a modificación de obxectos. A inserción de información en Power Point.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de incidencia na Administración local (Lei 33/2003 do 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas. Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Actualización normativa.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20 horas.
- 3.3. Lugar:
- 3.4. Datas: do 18 ao 28 de outubro de 2004.
- 3.5. Horario: das 17 ás 19:30 horas.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

Bases do réxime patrimonial das Administracións públicas. A administración, defensa e conservación do Patrimonio. Principios xerais da nova lei. O concepto de subvención. A adaptación da normativa local ás disposicións da LXS. Adaptación do procedemento local aos sistemas de concesión de subvencións: concesión directa, concorrencia, xustificación e comprobación. Xestión orzamentaria de subvencións: o control financeiro e procedementos de reintegro.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de novidades legislativas nas entidades locais en materia tributaria

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Actualización normativa.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 1
- 3.2. Duración: 20 horas.
- 3.3. Lugar: Vigo
- 3.4. Datas: do 18 de outubro ao 3 de novembro.
- 3.5. Horario: das 17:00 ás 19:30 horas.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

A nova lei xeral tributaria e a súa especial relevancia na Administración local. Aspectos xerais. Aspectos relativos ás entidades locais. Caracteres da reforma. Actuacións do procedemento de recadación.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso sobre a Lei 57/2003, do 16 de decembro de modernización do goberno local (2 edicións)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Actualización normativa.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 2.
- 3.2. Duración: 20 horas.
- 3.3. Lugar: Vigo
- 3.4. Datas: 1ª edición: 18, 20 e 27 de outubro; 2ª edición: 2, 3 e 4 de novembro.
- 3.5. Prazas: 25 por edición.

4. Contido

Novidades xerais: dereitos e deberes dos veciños. Órganos de goberno. Funcionamento. Xestión de servizos públicos. Novidades do réxime sancionador.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de perfeccionamento administrativo

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Actualización normativa.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 40 horas.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: do 6 de maio ao 28 de xuño de 2004 (luns e xoves).
- 3.5. Horario: 17:30 a 20 horas.
- 3.6. Prazas: 20.

4. Contido

O Estado. Concepto. Elementos. Formas de Estado. A división de poderes. Relacións entre os poderes do Estado. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A coroa. O poder lexislativo. O poder xudicial. O goberno e a Administración do Estado. O Estatuto de autonomía de Galicia: principios xerais e contido. A Unión Europea. A Acta Única Europea. Exame xeral da Acta de Adhesión de España á Unión Europea. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de mercancías, de persoas, de servizos e de capitais. As institucións da Unión Europea. Órganos executivos e os seus poderes. A Administración pública no ordenamento español. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo. A Administración pública da Comunidade Autónoma. Estructura e funcións. A Administración periférica. Principios de actuación da Administración pública. Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Sometemento da Administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito público. A lei: as súas clases. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Principios xerais do procedemento administrativo. Normas reguladoras. Dimensión temporal do procedemento administrativo: días e horas hábiles. Cómputo de prazos. Recepción e rexistro de documentos. Fases do procedemento administrativo xeral. O silencio administrativo. A teoría da invalidez do acto administrativo. Actos nulos e anulables. Validación. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: concepto e clases. Concepto e clases de contratos administrativos. A selección do contratista. Dereitos e deberes do contratista e a Administración.

Curso de actualización do dereito urbanístico

[en colaboración co Concello de Vigo]

As formas da actividade administrativa. O fomento. A policía. O servizo público: nocións xerais. Os modos de xestión dos servizos públicos. O réxime local español: principios constitucionais. A provincia no réxime local. Organización provincial. competencias. Estructuras supramunicipais. Mancomunidades. O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento. Organización e competencias municipais. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. A función pública local e a súa organización. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Incompatibilidades. Faltas e sancións dos funcionarios. O procedemento sancionador. Os bens das entidades locais. Réxime de utilización dos bens de dominio público. As formas de actividade das entidades locais. A intervención administrativa na actividade privada. Procedemento de outorgamento de licenzas. O servizo público na esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión. Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacóns e notificacións. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Requisitos de constitución. Votacións. Actas e certificados de acordos. Lexislación sobre réxime do solo e ordenación urbana: os seus principios inspiradores. Competencia urbanística municipal. Facendas locais. Clasificacións dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Os orzamentos locais. Contabilidade e contas.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

1. Obxectivos

Actualización normativa.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datás: do 24 de maio ao 3 de xuño de 2004 .
- 3.5. Horario: 17:00 a 19:30 horas.
- 3.6. Prazas: 20.

4. Contido

Introdución ao dereito urbanístico. Réxime urbanístico da propiedade do solo. Planeamento urbanístico. Execución do planeamento. Normativa sectorial. Disciplina urbanística e responsabilidade. Intervención na edificación do solo. A perspectiva rexistral e fiscal.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso da potestade normativa municipal. Ordenanzas, regulamentos, normas urbanísticas e bandos

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Actualización normativa.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N° de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 20.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datat: do 13 ao 28 de outubro de 2004.
- 3.5. Horario: 17:00 a 20:15 horas.
- 3.6. Prazas: 20.

4. Contido

A potestade normativa municipal: Titularidade da potestade. Límites. Normas regulamentarias locais. Réxime xurídico e procedemento de aprobación. Publicación, entrada en vigor e impugnación de ordenanzas e regulamentos. O principio de legalidade en materia sancionadora. Tratamento da cuestión do pacto local e na lei 57/2003. As ordenanzas municipais como regulamentos con eficacia externa. Os regulamentos municipais como regulamentos organizativos ou de eficacia interna. Normas e ordenanzas urbanísticas. Os bandos da Alcaldía

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de *coaching* (como desenvolver aos seus colaboradores)

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Identificar os puntos clave do entrenamiento. Adaptar a actuación do entrenador á situación do contorno. Analizar as cualidades básicas para ser un bo entrenador. Coñecer as fases a seguir no entrenamiento dun colaborador e dun equipo. Desenvolver un Plan de entrenamiento.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. N° de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 16.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: do 5 ao 20 de outubro de 2004.
- 3.5. Horario: tarde.
- 3.6. Prazas: 10.

4. Contido

1. O entorno do *coaching*: que é o *coaching*. O *coaching* e a súa relación co contorno. Que esperamos das técnicas de *coaching*. 2. De xefes a entrenadores: a relación entre «lideradgo e *coaching*». Como deixar os xefes para converterse en entrenadores. Desenvolverse para entrenar aos demais: as cualidades dun entrenador. Da escoita á comunicación non verbal. Da motivación ao pensamento positivo. 3. O proceso de entrenamiento individual e as etapas. Como desenvolver ao máximo as capacidades. O entrenamiento ao equipo (as fases). Como conseguir un equipo de alto rendemento. Aplicacións prácticas. 4. O desenvolvemento dun plan de entrenamiento: os cinco puntos básicos do Plan. Establecemento de metas persoais de progreso. Beneficios do entrenamiento.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso de habilidades directivas: o desenvolvemento persoal a través da intelixencia emocional

[en colaboración co Concello de Vigo]

1. Obxectivos

Importancia que ten desenvolver a intelixencia emocional como vía para acadar o éxito profesional e a eficacia persoal.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo do Concello de Vigo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Nº de edicións: 1.
- 3.2. Duración: 16.
- 3.3. Lugar: Vigo.
- 3.4. Datas: do 19 ao 27 de outubro de 2004.
- 3.5. Horario: de tarde.
- 3.6. Prazas: 25.

4. Contido

Que é e para que serve a intelixencia emocional. A intelixencia intrapersoal: competencias persoais. Ferramentas para a autoxestión. A intelixencia interpersoal. Competencias sociais.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

A Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

1. Obxectivos

Dar a coñecer o novo réxime xurídico urbanístico de Galicia

2. Destinatarios

Preferentemente, técnicos das entidades locais, pertencentes aos grupos A e B, que teñan asignadas nos seus postos de traballo tarefas de xestión ou asesoramento en materia de urbanismo, así como, funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e demais persoal ao servizo das corporacións locais que realice funcións de carácter técnico na área urbanística.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar: Centro de Formación da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso, 30.
- 3.3. Datas: do 20 de setembro ao 1 de outubro de 2004.
- 3.4. Horarios: De 17:00 a 20:00 horas, de luns a venres.
- 3.5. Prazas: 40.

4. Contido

Os principios xerais da nova Lei do solo de Galicia (LSG). Réxime urbanístico do solo. Planeamento urbanístico. A execución dos planos de ordenación. Instrumentos de intervención no mercado do solo. Intervención na edificación e no uso do solo e disciplina urbanística. Organismos con competencias en materia urbanística. Os convenios urbanísticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 143, do 26-07-04

Novidades normativas no eido económico de aplicación ás entidades locais

1. Obxectivos

Analizar as principais novidades normativas; mellorar a preparación técnica na área económica dos participantes; dar a coñecer os aspectos orzamentarios; actualizar os coñecementos dos participantes con relación á xestión patrimonial dos entes locais e afondar no estudo dos cambios que aporta a Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas, e a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2. Destinatarios

Secretarios-interventores, interventores, tesoueiros e demais técnicos da Administración local que presten servizos na área económica-financeira das corporacións locais. Persoal das entidades locais adscrito aos servizos de intervención, tesouraría e recadación, que realice tarefas de xestión administrativa, contable, económica ou financeira nestes departamentos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 25 horas por edición.
- 3.2. Lugares e datas: Pontevedra; 20, 21, 22, 23, 27, 28, 29 e 30 de setembro de 2004. Ourense: Centro de Formación da Deputación Provincial, rúa Progreso, 30; do 15 ao 25 de novembro de 2004.
- 3.3. Horarios: de 17:00 a 20:00 horas, de luns a xoves.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

A Lei 13/2003, de concesión de obras públicas (I): aspectos orzamentarios, contables e de fiscalización. A Lei 13/2003, de concesión de obras públicas (II): relacións económicas co concesionario. A Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas. Previsións en materia de persoal das administracións públicas contidas na Lei de orzamentos xerais do Estado, e na restante normativa básica. Preceptos en materia de financiamento dos entes locais contidos nas normas orzamentarias do Estado e da Comunidade autónoma. Principais novidades contidas na futura Lei de modernización do Goberno local. O novo réxime das subvencións públicas contido na nova Lei 38/2003, xeral de subvencións. Consecuencias para as entidades locais da Lei «de morosidade». A nova Lei xeral tributaria (I): aspectos xerais. A nova Lei xeral tributaria (II): xestión e inspección tributaria. A nova Lei xeral tributaria (III): recadación dos ingresos de dereito público.

5. Convocatoria

DOG n.º 143, do 26-07-04

O novo réxime xurídico das entidades locais

1. Obxectivos

Dar a coñecer aos asistentes o contido e alcance da Lei de modernización do Goberno local, e mellorar os coñecementos dos participantes sobre a normativa de réxime local vixente na actualidade na nosa Comunidade autónoma.

2. Destinatarios

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, e demais técnicos de corporacións locais, pertencentes aos grupos A ou B, que realicen labores de asesoramento técnico e xurídico.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Pontevedra: 4, 5, 6, 7, 13, 14, 18, 19, 20 e 21 de outubro de 2004, de luns a xoves.
- 3.3. Horarios: de 17:00 a 20:00 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Réxime xurídico das entidades locais. Os municipios. Formas de xestión dos servizos públicos locais. Os bens das entidades locais. Municipios de gran poboación. A provincia. As infraccións e sancións ás ordenanzas das entidades locais. O fomento como actividade das entidades locais. O persoal ao servizo das entidades locais de Galicia. A normativa autonómica de Galicia en materia de réxime local. Réxime dos electos locais. Relacións interadministrativas dos entes locais co Estado e coas comunidades autónomas. Réxime de impugnación dos actos e acordos das entidades locais.

5. Convocatoria

DOG n.º 143, do 26-07-04

A calidade nos sistemas de inspección

[en colaboración co Instituto Galego de Consumo]

1. Obxectivos

Difundir os conceptos básicos dun sistema de calidade. Coñecer o modelo europeo de xestión da calidade e as habilidades necesarias para a súa implantación nos servizos de Inspección de Consumo.

2. Destinatarios

Persoal de control de mercado e instrución de procedemento do Instituto Galego de Consumo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, na sede da Escola Galega de Administración Pública.
- 3.3. Datas: 7, 14, 21 e 28 de outubro de 2004.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 50.

4. Contido

Introdución á calidade. Xestión da calidade total (TQM). Modelo europeo da calidade total. Ferramentas (remuíño de ideas, TGN, diagramación, follas de recolla de datos etc.). A implantación de criterios de calidade na inspección de consumo. Experiencias.

5. Convocatoria

DOG n.º 170, do 01-09-04

Deseño e avaliación de proxectos

[en colaboración co Instituto Galego de Consumo]

1. Obxectivos

Introducir os responsables das oficinas municipais de información ao consumidor e das organizacións de consumidores no deseño, xestión e avaliación de proxectos formativos de consumo. Proporcionar as ferramentas necesarias para o desenvolvemento e avaliación dos proxectos.

2. Destinatarios

Persoal das OMIC e das organizacións de consumidores que deseñan e xestionan os proxectos.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, na sede da Escola Galega de Administración Pública.
- 3.3. Datas: 4 e 5 de novembro de 2004
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 50

4. Contido

Elementos da planificación. Tipos e niveis. A planificación no proceso de xestión. A análise da realidade. A formulación da hipótese e a definición dos obxectivos. A elaboración e desenvolvemento do proxecto. Os niveis da avaliación. Definición dos marcadores e deseño de instrumentos da avaliación. Elaboración de memorias e informes.

5. Convocatoria

DOG n.º 170, do 01-09-04

Calidade e seguridade na industria agroalimentaria

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Abordar o tema da calidade e a seguridade alimentaria desde unha perspectiva ampla, desde a normativa legal ata os sistemas de control nos procesos de produción de alimentos.

2. Destinatarios

Técnicos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 28 horas
- 3.2. Lugar de realización: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo-Bergondo (A Coruña).
- 3.3. Datas: do 25 ao 29 de outubro de 2004.
- 3.4. Horario: 10.00 a 14.00 e de 15.30 a 17.30 horas.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

A calidade na industria alimentaria: a calidade comercial ou obrigatoria e a calidade voluntaria. As denominacións de orixe e outras certificacións de calidade. O control de calidade. Autocontrol e control pola administración. A seguridade alimentaria: bases legais. Organismos para a seguridade alimentaria: a Autoridade Europea da Seguridade Alimentaria e a Axencia Española de Seguridade Alimentaria. Trazabilidade. Análise de Perigos e Puntos de Control Críticos (APPCC).

5. Convocatoria

DOG n.º 177, do 10-09-04

Interpretación de análises de solos, forraxes e pensos

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Formación de técnicos na práctica da mostraxe e metodoloxías de análise, así como na interpretación dos resultados e a súa incidencia no manexo da explotación agraria.

2. Destinatarios

Técnicos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural involucrados no proceso de transferencia de tecnoloxía ao sector agrario.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar de realización: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Abegondo-A Coruña).
- 3.3. Datas: do 18 ao 22 de outubro de 2004.
- 3.4. Horario: 10.00 a 14.00 horas.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Análise de solos. A práctica do fertilizado. Análise de forraxes e pensos. A práctica do racionamento.

5. Convocatoria

DOG n.º 77, do 10-09-04

Instalacións agrarias. Análise e tipoloxía de elementos construtivos de carácter estrutural

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Analizar os principais sistemas construtivos das instalacións agrarias galegas. Ver as diferentes opcións e solucións para cubertas e paramentos exteriores. Minoración do impacto ambiental estudando as diferentes alternativas. Analizar a problemática dos residuos agrarios coas alternativas e investigación realizadas.

2. Destinatarios

Persoal da Administración, técnicos das cooperativas, AXES e outro persoal técnico, relacionados con dita materia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 horas.
- 3.2. Lugar de realización: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo-Bergondo (A Coruña).
- 3.3. Datas: do 4 ao 8 de outubro de 2004.
- 3.4. Horario: mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Cálculo estrutural de cubertas e paramentos exteriores. Tipoloxía e características. Elementos prefabricados e realizados en obra. Condicionantes medioambientais nas axudas estruturais. Alternativas técnicas adaptadas ás construcións agropecuarias galegas. Estudo de alternativas noutros países. Estudo e seguimento da investigación agraria relacionada cos residuos gandeiros. Caracterización e valorización.

5. Convocatoria

DOG n.º 177, do 10-09-04

AutoCAD

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Coñecemento dunha ferramenta de traballo moi útil na xestión dos traballos coa concentración parcelaria.

2. Destinatarios

Enxeñeiros e delineantes da Delegación de Ourense da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural cun traballo relacionado coa xestión de grandes superficies agrícolas e parceladas.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 52 horas.
- 3.2. Lugar de realización: Academia Delta PC en Ourense.
- 3.3. Datas: desde o 2 de novembro ao 23 de decembro, excepto a semana do 6 ao 12 de decembro de 2004.
- 3.4. Horario: 8.00 a 10.00 horas, de luns a xoves.
- 3.5. Prazas: 15.

4. Contido

Autocad 2D (10 horas), Autocad 3D (18 horas), AutocadMap (12 horas) e Bases de datos Access (12 horas).

5. Convocatoria

DOG n.º 177, do 10-09-04

A norma UNE-ENE ISO/IEC 17025. Curso práctico da súa implantación nun laboratorio de ensaio

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Formación do persoal para o mantemento e ampliación da acreditación das diferentes técnicas analíticas segundo a Norma UNE-EN ISO/IEC 17025. Cumprimento da Norma en canto á obriga de formación continua das persoas que interveñen nas análises. Concienciación do persoal da necesidade e obrigatoriedade da acreditación.

2. Destinatarios

Persoal de laboratorios químicos acreditados.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 40 horas.
- 3.2. Lugar: Escola de Formación e Capacitación Agraria de Guísamo-Bergondo (A Coruña).
- 3.3. Datas: do 18 de outubro ao 11 de novembro de 2004.
- 3.4. Horario: 16.00 a 19.30 horas.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Organización do laboratorio. Xestión documental do sistema de xestión de calidade. Solicitudes, ofertas e contratos. Compras e subcontratacións. Servizo ao usuario. Control de conformidades. Control de rexistros. Auditorías e revisións pola Dirección. Xestión do persoal. Instalacións e condicións ambientais. Control de equipos e trazabilidade das medidas. Métodos de ensaio e control de datos. Mostraxe e manipulación de mostras. Informes de ensaio.

5. Convocatoria

DOG n.º 177, do 10-09-04

O desenvolvemento persoal como base para o desenvolvemento profesional na Administración pública

[en colaboración coa Escuela para las Administraciones Públicas Caixanova]

1. Obxectivos

Identificar, valorar, dirixir e expresar a vontade e as emocións e advertir os sentimentos para o seu emprego no exercicio do liderado e da xestión profesional das organizacións.

Conquistar un excepcional «don de xentes» para o exercicio dun liderado emocionalmente intelixente, a fin de enriquecer as relacións persoais e grupais en toda clase de organizacións e negocios e no medio familiar, profesional e social.

Desenvolver habilidades de automotivación, sentando as bases da orientación persoal, profesional e empresarial. Potenciar as calidades individuais e servirse con oportunidade da intuición na toma das decisións máis significativas e no condicionamento dos acontecementos máis favorables ao desenvolvemento das actividades e ás metas perseguidas.

2. Destinatarios

Persoal das distintas administracións públicas de Galicia, cadros directivos de empresas privadas que desenvolvan toda ou parte da súa actividade comercial en relación co sector público: subministradores, concesionarias de servizos públicos, consultoras, etc.

En xeral, a aqueles dirixentes, directivos, executivos, funcionarios e profesionais que desexen acadar óptimos resultados nas súas actividades e responsabilidade de toda clase, con soportes e técnicas conducentes a optimizar a xestión persoal-emocional.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 60
- 3.2. Lugar: Pontevedra e Santiago de Compostela
- 3.3. Datas: do 8 de outubro ao 27 de novembro de 2004
- 3.4. Horario: venres de 9:00 a 14:00 e de 15:30 a 20:30 horas e sábados de 9:00 a 14:00 horas.
- 3.5. Prazas: 50.

4. Contido

Intelixencia emocional na xestión profesionalizada.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Iniciación á informática. O procesador de textos para o persoal ao servizo dos concellos de Galicia, na modalidade de teleformación

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos básicos de informática, con especial atención ás posibilidades que ofrecen os tratamentos de textos na realización das tarefas administrativas.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Administración local da Comunidade autónoma galega, con coñecementos elementais de informática e acceso á Internet.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas (26 de autoestudo con titorías telemáticas e 4 horas presenciais).
A realización do autoestudo complementárase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que os alumnos poidan formular ao profesor todas as dúbidas relacionadas coa materia do curso.
Sesións presenciais: realizaranse dúas sesións presenciais de 2 horas, a primeira ao comezo do curso co fin de explicar o seguimento e a estrutura deste e a segunda ao final para a realización da proba de avaliación para poder obter o diploma de aproveitamento.
- 3.2. Datras: do 22 de outubro ao 17 de decembro de 2004.
- 3.3. Prazas: 50.

4. Contido

Coñecementos básicos. Sistema operativo. Procesador de textos: introdución e garda de texto. Labores de edición. Labores de automatización.

5. Convocatoria

DOG n.º 189, do 28-09-04

Contratación administrativa para o persoal da Administración local

Acto de apertura do curso sobre contratación administrativa para o persoal da Administración local (A Coruña, 8 de novembro de 2004)

De esquerda a dereita: Luis Jaime Rodríguez Fernández, xefe do servizo de Contratación e Patrimonio da Excm. Deputación Provincial da Coruña; e o director da EGAP.



1. Obxectivos

Actualización de coñecementos en materia contractual, analizando dende un punto de vista práctico as diversas clases de contratos e os seus respectivos réximes xurídicos.

2. Destinatarios

Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e técnicos de corporacións locais pertencentes aos grupos A/ B ou asimilados.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 45 horas.
- 3.2. Lugar: Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública; Edificio administrativo de Monelos, praza Luís Seoane, s/n, 15008 - A Coruña
- 3.3. Datas: 8, 9, 10, 11, 15, 16, 17, 18, 22, 23, 24, 25, 29, 30 de novembro e 1 de decembro de 2004.
- 3.4. Horario: 17.00 a 20.00 horas.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

A contratación nas administracións públicas. Ámbito de aplicación da lei, disposicións comúns aos contratos das administracións públicas. Capacidade e solvencia das empresas. A Xunta consultiva e a clasificación e rexistro das empresas. Garantías esixidas para os contratos coa administración. Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, perfección e formalización dos contratos. Prerrogativas da Administración. Invalidez dos contratos. Actuacións administrativas preparatorias dos contratos. Tramitación dos expedientes de contratación. Os principios da contratación administrativa. Ética e contratación. Adxudicación dos contratos. Execución e modificación dos contratos. Revisión de prezos nos contratos da Administración. Extinción dos contratos. Cesión dos contratos e da subcontratación. Contratación no estranxeiro. Contrato de obras. As autorizacións, permisos e licenzas para a execución das obras. O estudo da seguridade e saúde. O estudo básico da seguridade e saúde. Coordinación da seguridade e saúde e prevención de riscos laborais. Financiamento da obra pública mediante a concesión de dominio público. Publicidade dentro do ámbito da Comunidade Europea e dos procedementos de adxudicación do contrato de obras. Execución e modificación do contrato de obras. Modificación do contrato de obras. Extinción do contrato de obras. Resolución do contrato de obras. Execución das obras pola propia administración. Contrato de xestión de servizos públicos. Modificación do contrato de xestión de servizos públicos. Efectos e extinción do contrato de xestión de servizos públicos. Resolución do contrato de xestión de servizos públicos. Subcontratación do contrato de xestión de servizos públicos. Contrato de subministro. Contrato de consultoría e asistencia e dos servizos. Contrato de concesión

de obras públicas. Réxime económico-financieiro da concesión. Enbedamento das entidades locais. Os contratos de seguros nas administracións públicas e os contratos patrimoniais. Contratos privados de utilización máis frecuente polas administracións públicas. Aspectos de fiscalización, de contabilidade e de orzamentos da contratación administrativa.

5. Convocatoria

DOG n.º 190, do 29-09-04

Actualización veterinaria en materia de inspección en saúde pública e política agroalimentaria

[en colaboración co Consello Galego de Colexios de Veterinarios]

1. Obxectivos

Formación, coñecemento da lexislación en materia de inspección en saúde pública e política agroalimentaria.

2. Destinatarios

Licenciados en veterinaria na Comunidade autónoma galega.

3. Desenvolvemento

3.1. Duración: 60 horas.

3.2. Lugares e datas:

A Coruña: Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña; 9, 10, 16, 17, 23, 24 e 30 de setembro, 1, 7, 8, 14, 15, 21, 22, 28 e 29 de outubro, 4, 5, 11, 12, 18, 19, 25 e 26 de novembro, 2 e 3 de decembro de 2004.

Santiago de Compostela: R/ Espiña, 4 baixo; 11, 18 e 25 de setembro, 2, 9, 16, 23 e 30 de outubro, 6, 13, 20 e 27 de novembro, 4 de decembro de 2004.

Lugo: Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo; 8, 9, 15, 16, 22, 23, 29 e 30 de setembro, 6, 7, 13, 14, 20, 21, 27 e 28 de outubro, 3, 4, 10, 11, 17, 18, 24 e 25 de novembro, 1 e 2 de decembro de 2004.

Ourense: Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense; 10, 11, 17, 18, 24 e 25 de setembro, 1, 2, 8, 9, 15, 16, 22, 23, 29 e 30 de outubro, 5, 6, 12, 13, 19, 20, 26 e 27 de novembro, 3 e 4 de decembro de 2004.

Pontevedra: R/ A peregrina, 2ª planta; 7, 14, 21 e 28 de setembro, 5, 12, 19 e 26 de outubro, 2, 9, 16, 23 e 30 de novembro, 7 de decembro de 2004.

3.3. Horarios: de luns a venres de 17:00 a 22:00 horas e sábados de 9:30 a 14:30 horas.

3.4. Prazas: 45 por edición.

4. Contido

A lei de sanidade animal. Enfermidades da lista A da OIE. Controis veterinarios e zootécnicos aplicables no movemento e comercio pecuarios. Os programas de erradicación e prevención das enfermidades animais do gando vacún en Galicia. As encefalopatías esponxiformes transmisibles (EET). Os programas de erradicación e prevención das enfermidades animais do gando ovino e cabrún en Galicia. A ordenación zootécnica e a cualificación sanitaria das explotacións porcinas. A ordenación zootécnica e a cualificación sanitaria das explotacións avícolas e das salas de incubación. Identificación dos equipos. A ordenación das explotacións apícolas. Enfermidades infecto-contaxiosas na acuicultura. Trazabilidade nas producións gandeiras. O Plan Nacional de Investigación de Residuos. Alimentación animal. Os aditivos en alimentación animal. Autorización e rexistro dos establecementos e dos intermediarios do sector da alimentación animal. A Lei do medicamento. Os pensos medicamentosos e as premesturas medicamentosas. A protección animal na explotación gandeira. A protección dos solípedos domésticos e dos animais domésticos das especies bovina, ovina, cabrúa e porcina durante o seu transporte. Condicións de protección dos animais de abasto no momento do seu sacrificio ou matanza. As asociacións de defensa sanitaria gandeira en Galicia. A economía da sanidade animal. A escolma e mellora no gando vacún. As razas de gando autóctonas de Galicia. A regulación comunitaria de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano. O control da calidade do leite cru de vaca nas explotacións de produción da Comunidade autónoma de Galicia.

5. Convocatoria

Non publicado no *DOG*

Procedemento administrativo**(1ª edición – grupos A, B,C)**

[en colaboración co Concello de Ferrol]

1. Obxectivos

Formación en materia de procedemento administrativo.

2. Destinatarios

Persoal do Concello de Ferrol.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 20 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Ferrol, novembro de 2004.
- 3.3. Horarios: tarde.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Convocatoria

Non publicado no *DOG*

Procedemento administrativo**(1ª edición – grupos D, E)**

[en colaboración co Concello de Ferrol]

1. Obxectivos

Formación en materia de procedemento administrativo.

2. Destinatarios

Persoal do Concello de Ferrol.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas
- 3.2. Lugar e datas: Ferrol, novembro de 2004.
- 3.3. Horarios: tarde.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Convocatoria

Non publicado no *DOG*

Xestión económico-orzamentaria

[en colaboración co Concello de Ferrol]

1. Obxectivos

Formación en materia de xestión económico-orzamentaria.

2. Destinatarios

Persoal do Concello de Ferrol.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 15 horas
- 3.2. Lugar e datas: Ferrol, novembro de 2004.
- 3.3. Horarios: tarde.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Convocatoria

Non publicado no *DOG*

Lei de modernización do goberno local

[en colaboración co Concello de Ferrol]

1. Obxectivos

Formación en materia de modernización do goberno local.

2. Destinatarios

Persoal do Concello de Ferrol.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas
- 3.2. Lugar e datas: Ferrol, novembro de 2004.
- 3.3. Horarios: tarde.
- 3.4. Prazas: 20.

4. Convocatoria

Non publicado no *DOG*

Curso selectivo para o acceso á subescala de intervención-tesouraría, categoría de Entrada (XII promoción)

[en colaboración co INAP]

Módulo de dereito autonómico

1. Obxectivos

Que os alumnos profunden na normativa da Comunidade autónoma na que pode atoparse o posto de traballo onde van exercer.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Desenvolvemento

Do 18 ao 24 de maio de 2004.

4. Contido

Lexislación autonómica local: especial referencia á Lei de administración local de Galicia. Normativa da función pública da Comunidade autónoma: implicación na Administración local de Galicia. Réxime urbanístico da propiedade do solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Réxime económico financeiro local: especialidades da normativa autonómica. Réxime urbanístico da propiedade de solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Eido local e linguaxe administrativa galega.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso selectivo para o acceso á subescala de secretaría-intervención (IX promoción)

[en colaboración co INAP]

Primeira fase: formación xeral

1. Obxectivos

Proporcionarlles aos funcionarios de novo ingreso unha formación e capacitación suficientes para desenvolver as funcións que eles teñen encomendadas aos secretarios-interventores dentro da Administración local, todo iso desde unha perspectiva metódica de carácter, eminentemente, práctico.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 185 horas.
- 3.2. Lugar: sede da EGAP, r/ de Madrid, 2-4.
- 3.3. Datas: do 4 de outubro ao 26 de novembro de 2004, de luns a venres.
- 3.4. Horarios: 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- 3.5. Prazas: 14.

4. Contido

■ Área de coñecementos técnico-profesionais: facendas locais. Xestión orzamentaria, control e fiscalización. Contabilidade local e sistema de aplicación contable para a Administración local. Tesouraría e recadación. Organización e funcionamento das entidades locais. Procedemento e réxime xurídico. Xestión de contratación local. Xestión dos servizos públicos. Recursos humanos. Bens das entidades locais. Habilidades directivas. Visita á institución.

■ Área de tecnoloxías da información e das comunicacións: tratamento de textos *Word* e *Excel*.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso selectivo para o acceso á subescala de secretaría-intervención (IX promoción)

[en colaboración co INAP]

Módulo de dereito autonómico

1. Obxectivos

Que os alumnos profunden na normativa da Comunidade autónoma na que pode atoparse o posto de traballo onde van exercer.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Desenvolvemento

Do 22 de novembro ao 3 de decembro de 2004.

4. Contido

Lexislación autonómica local: especial referencia á Lei de administración local de Galicia. Normativa da función pública da Comunidade autónoma: implicación na Administración local de Galicia. Xestión de axudas financiadas con fondos europeos. Réxime urbanístico da propiedade do solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Réxime económico financeiro local: especialidades da normativa autonómica. Réxime urbanístico da propiedade de solo, especial referencia á normativa autonómica de Galicia. Eido local e linguaxe administrativa galega.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Curso selectivo para o acceso á subescala de secretaría-intervención (IX promoción)

[en colaboración co INAP]

Fase de prácticas en corporacións locais

1. Obxectivos

O obxectivo deste período é integrar os coñecementos recibidos na fase anterior e aplicalos ao exame dunha organización concreta, á Corporación local onde se realizan as prácticas.

Durante dita fase o alumno deberá realizar un traballo de prácticas que comprenderá un comentario analítico dos expedientes examinados durante as prácticas correspondentes ás materias avaliadas establecidas nas normas académicas.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Desenvolvemento

As prácticas en municipios realizaranse do 15 de decembro de 2004 ao 21 de xaneiro de 2005.

4. Contido

Durante o período de prácticas cada alumno individualmente realizará un traballo de prácticas que comprenderá:

■ Un comentario analítico dos expedientes examinados durante as prácticas correspondentes ás materias avaliadas establecidas na primeira fase do curso selectivo que a continuación se relacionan:

■ Facendas locais. Xestión orzamentaria control e fiscalización. Contabilidade local e o sistema de aplicación contable pra a Administración local. Tesouraría e recadación. Organización

e funcionamento das entidades locais. Procedemento e réxime xurídico. Xestión da contratación local. Xestión dos servizos públicos. Recursos humanos. Bens das entidades locais. Urbanismo e medio.

■ Un estudo detallado dun expediente dos examinados que pola súa especialidade o problemática suscitada reviste, a xuízo do alumno, un interese xeral.

5. Valoración e avaliación

O responsable de asumir a dirección das prácticas en cada Corporación local emitirá un informe sobre o aproveitamento do alumno e sobre a realización das prácticas nas datas e condicións establecidas.

O traballo de prácticas que realizarán os alumnos nas corporacións locais será avaliado de 0 a 40 puntos pola comisión que se determine ao efecto, debendo emitir un informe de cada un dos traballos.

A comisión de avaliación reunirse para efectuar a corrección e emisión dos correspondentes informes o día 24 de xaneiro de 2005.

Curso selectivo para o acceso á subescala de intervención-tesouraría, categoría de entrada (XII promoción)

[en colaboración co INAP]

Fase de prácticas en corporacións locais

1. Obxectivos

O obxectivo deste período é integrar os coñecementos recibidos na fase anterior e aplicalos ao exame dunha organización concreta, a Corporación local onde se realizan as prácticas.

Durante dita fase o alumno deberá realizar un traballo de prácticas que comprenderá un comentario analítico dos expedientes examinados durante as prácticas correspondentes ás materias avaliadas establecidas nas Normas Académicas.

2. Organización

Deseñado polo INAP e realizado pola EGAP, en virtude do Convenio de colaboración do 4 de xullo de 1988.

3. Desenvolvemento

As prácticas en municipios realizaranse do 25 de maio ao 25 de xuño de 2004.

4. Contido

Durante o período de prácticas cada alumno individualmente realizará un traballo de prácticas que comprenderá:

■ Un comentario analítico dos expedientes examinados durante as prácticas correspondentes ás materias avaliadas establecidas na primeira fase do curso selectivo que a continuación se relacionan:

- Facendas locais. Xestión orzamentaria. Control e fiscalización. Contabilidade pública local. Tesouraría. Recadación. Xestión da contratación local. Xestión dos servizos públicos. Recursos humanos. Xestión pública local. Urbanismo e medio.

Un estudo detallado dun expediente dos examinados que pola súa especialidade ou problemática suscitada reviste, a xuízo do alumno, un interese xeral.

5. Valoración e avaliación

O responsable de asumir a dirección das prácticas en cada Corporación local emitirá un informe sobre o aproveitamento do alumno e sobre a realización das prácticas nas datas e condicións establecidas.

O traballo de prácticas que realizarán os alumnos en corporacións locais, será avaliado de 0 a 30 puntos, pola comisión que se determine ao efecto, debendo emitir un informe de cada un dos traballos.

A comisión de avaliación reunirse para efectuar a corrección e emisión dos correspondentes informes o día 25 de xuño de 2004.

1.2. Xornadas, seminarios

Xornadas



Xornadas informativas de novidades normativas sobre réxime xurídico e xestión económico-financeira das corporacións locais de Galicia

1. Obxectivos

Coñecemento e debate das novidades normativas sobre réxime xurídico e xestión económico-financeira das corporacións locais de Galicia.

Xornadas informativas das novidades normativas sobre o réxime xurídico e a xestión económico-financeira das corporacións locais de Galicia (Salón de actos da EGAP, 2 de marzo de 2004)

De esquerda a dereita: Alfonso Rueda de Valenzuela, director xeral de Administración Local; e o director da EGAP.



2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Administración local galega, persoal ao servizo da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datas: 2 e 3 de marzo de 2004.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

Novidades no réxime xurídico do patrimonio das entidades locais. Regulación xeral das subvencións públicas e a súa aplicación ás entidades locais. Modificacións en materia de xestión económico-financeira das entidades locais contidas na Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local na Lei 61/2003, de orzamentos xerais do estado e na Lei 62/2003, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Modificacións en materia de organización e funcionamento das entidades locais contidas na Lei para a modernización do goberno local. A nova regulamentación dos tributos. O Fondo Galego de Cooperación Local do exercicio 2004.

5. Convocatoria

DOG n.º 2, do 16-02-04

I Xornadas de responsabilidade civil

[en colaboración coa Universidade da Coruña]



I Xornadas de responsabilidade civil (Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, 10 de marzo de 2004)

*De esquerda a dereita:
José M.ª Pena López, decano da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña;
José M.ª Barja Pérez, reitor da Universidade da Coruña;
e o director da EGAP.*

1. Obxectivos

Coñecemento e debate da importancia da responsabilidade civil extracontractual no ámbito do dereito civil.

2. Destinatarios

Estudantes da Universidade da Coruña, de calquera das súas titulacións, con preferencia dos alumnos da Facultade de dereito.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 6 horas.
- 3.2. Lugar: A Coruña, Facultade de dereito, Campus de Elviña.
- 3.3. Datas: 10, 11 e 12 de marzo de 2004.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 440.

4. Contido

Función, significado, natureza e sistema da responsabilidade extracontractual no ordenamento xurídico español. Responsabilidade civil por danos ocasionados ao medio. Responsabilidade civil da Administración pública sanitaria. Responsabilidade civil por vicios construtivos na edificación. Responsabilidade civil por danos causados por vehículos a motor.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Seminario de formación Programa Xuventude

[en colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado]

1. Obxectivos

Que os participantes adquiran unha información ampla e, eminentemente, práctica sobre o Programa Xuventude, en todas as súas accións.

Que tomen conciencia do valor pedagóxico dos intercambios e do seu papel como vehículo intercultural.

Que adquiran unha formación básica e práctica na planificación, xestión e realización das distintas accións do programa.

Que sirvan de axentes multiplicadores do programa, potenciando e impulsando no seu medio a realización de proxectos.

Coñecer experiencias reais levadas a cabo por grupos de mozos/as e fomentar o mutuo coñecemento entre as organizacións e participantes.

2. Destinatarios

Responsables do programa na Dirección Xeral de Xuventude, servizos provinciais de xuventude, técnicos xuvenís dos concellos, informadores xuvenís, responsables de asociacións, entidades e grupos xuvenís, directivos de escolas de tempo libre, animadores socioculturais, dinamizadores de xuventude que sexan posibles organizadores de proxectos de intercambio dentro do programa Xuventude.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar e datas: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, praza do Matadoiro, s/n. 15703 Santiago de Compostela. Tel.: 981 519 848. Os días 15, 17, 22 e 24 de marzo de 2004.
- 3.3. Horario: 9 a 14 e de 16 a 19.30 horas.
- 3.4. Prazas: 30.

4. Contido

Marco xeral do Programa Xuventude. A Unión Europea e a xuventude. Acceso a fontes e programas da Unión Europea. Obxectivos, planificación e programación dun intercambio. Fases na elaboración dun proxecto: descrición e financiamento. Creación de talleres, casos prácticos. Programa Sócrates e Leonardo da Vinci. Difusión e información xuvenil en Galicia. Iniciativas de grupo, obxectivos e prioridades, experiencias prácticas. Medidas complementarias de apoio ao programa. Avaliación dos proxectos feitos nos talleres.

5. Convocatoria

DOG n.º 43, do 02-03-04

I Congreso sobre seguridade, defensa e internet

[en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela]

1. Obxectivos

Analizar e debater cuestións de seguridade, defensa e internet.

2. Destinatarios

Persoal das administracións públicas, estudantes universitarios e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 10 h.
- 3.2. Lugar e datas: Salón de graos da Facultade de dereito, os días 16, 17 e 18 de marzo de 2004.
- 3.3. Prazas: 144.

4. Contido

O elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu Seminario de Estudos de Defensa.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Xornada sobre a reforma da política agraria común

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Cñecer a normativa que define a reforma intermedia da PAC e a súa repercusión no sector agrario galego.

2. Destinatarios

Persoal da administración, técnicos das cooperativas e outro persoal técnico relacionado con dita materia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da Escola Galega de Administración Pública
- 3.3. Datas: 3 e 4 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: de 10 a 14 e de 15.30 a 19.30 h.
- 3.5. Prazas: 30.

4. Contido

Antecedentes da Reforma intermedia da PAC na axenda 2000. Contidos do regulamento horizontal (CE) 1787/2003. Contidos dos regulamentos de desenvolvemento rural, OCM do leite e da taxa láctea. Repercusións para o sector agrario galego.

5. Convocatoria

DOG n.º 82, do 29-04-04

Xornada sobre a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

[en colaboración coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural]

1. Obxectivos

Dar a coñecer as normas de ordenación urbanística e protección do medio rural, segundo a Lei 9/2002 e o anteproxecto da Lei de medidas de mobilidade das terras obxecto de concentración parcelaria. Coñecer sobre as normas de aplicación de ordenamento urbanístico no medio rural de Galicia, así como todo o relacionado coa acreditación e recoñecemento administrativo da situación urbanística da explotación agropecuaria que se ten que realizar antes do 30 de abril de 2004.

2. Destinatarios

Técnicos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 8 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da Escola Galega de Administración Pública.
- 3.3. Datas: 1 de xuño de 2004.
- 3.4. Horarios: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- 3.5. Prazas: 25.

4. Contido

A Lei 9/2002, no medio rural. O solo rústico de protección agropecuaria na Lei 9/2002. As vivendas vinculadas ás explotacións agropecuarias. Réxime legal das explotacións agrícolas e gandeiras existentes no solo de núcleo rural e solo rústico á entrada en vigor da Lei 9/2002. Ampliacións e reformas. O recoñecemento das explotacións e das vivendas vinculadas a elas. Réxime legal aplicable ás novas explotacións desde a entrada en vigor da Lei 9/2002. Condicións e procedemento de autorización. Réxime de parcelacións e segregacións en solo rústico. Avaliación do anteproxecto da Lei de medidas de mobilidade das terras obxecto de concentración parcelaria.

5. Convocatoria

DOG n.º 82, do 29-04-04

I Xornada de migracións

[en colaboración coa Universidade da Coruña]

1. Obxectivos

Debater sobre os procedementos de traballo cos colectivos de inmigrantes.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña e interesados en xeral

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 24 de maio de 2004.
- 3.4. Horario: de mañán e tarde.
- 3.5. Prazas: 19.

4. Contido

Colectivos de inmigrantes. Problemas legais. Problemas asistenciais.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

III Seminario de xestión pública local

[en colaboración co Concello da Coruña]

1. Obxectivos

Ampliar os coñecementos e a capacidade de xestión do persoal municipal.

2. Destinatarios

Persoal do Concello da Coruña pertencente aos grupos A-B.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 80 horas.
- 3.2. Lugar: A Coruña.
- 3.3. Datas: 1 de xuño de 2004.
- 3.4. Prazas: 55.

4. Contido

Avaliación de servizos. Dirección de persoas. Xestión de procesos e mellora continua. *Marketing* público.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*

Xornadas de estudo sobre a reforma da xustiza penal

[en colaboración coa Universidade da Coruña]

1. Obxectivos

Coñecemento e debate sobre a reforma da xustiza penal.

2. Destinatarios

Interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 12 horas.
- 3.2. Lugar: Facultade de dereito da Universidade da Coruña.
- 3.3. Datas: 21 e 22 de xullo de 2004.
- 3.4. Horarios: de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 19:00 h.
- 3.5. Prazas: limitadas á capacidade do local.

4. Contido

A fase de investigación do procedemento penal. As medidas cautelares persoal e reais no proceso penal. A fase de plenario ou xuízo oral. Os recursos no proceso penal. Procedementos penais ordinario e especiais. A execución penal.

5. Convocatoria

DOG n.º 143, do 26-07-04

II Congreso Internacional Antigos Espazos para Novos Tempos: o material pétreo e ás súas fábricas no patrimonio

[en colaboración co Consorcio de Santiago]

1. Obxectivos

Informar sobre o material pétreo e as súas fábricas no patrimonio.

2. Destinatarios

Interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 21 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, no Centro Galego de Arte Contemporánea.
- 3.3. Datas: 25, 26 e 27 de novembro de 2004.
- 3.4. Horarios: xoves e vernos de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:30 horas e sábado de 9:30 a 14:00 horas.
- 3.5. Prazas: 150.

4. Contido

O material pétreo e as súas fábricas no patrimonio. A construción en granito nas cidades históricas. Analíticas e diagnoses fronte ao deterioro. Terapias de conservación. A pedra nos espazos públicos.

5. Convocatoria

Non publicada no DOG

Xornada sobre a implantación dos parques eólicos nos concellos galegos: análise dunha nova realidade

1. Obxectivos

Analizar e debater sobre as principais cuestións derivadas da crecente implantación de parques eólicos para a xeración de enerxía eléctrica nos concellos de Galicia.

Este fenómeno descoñecido ata hai pouco tempo supuxo, sen dúbida, a aparición dun novo escenario que, ao lado das grandes vantaxes que implica, leva tamén aparelada unha serie de aspectos, a miúdo problemáticos, que esta xornada pretende analizar.

Xornada sobre a implantación dos parques eólicos nos concellos galegos: análise dunha nova realidade (EGAP, 23 de novembro de 2004)

De esquerda a dereita: Alfonso Rueda de Valenzuela, director xeral de Administración Local, o director da EGAP; e Carlos Gómez Martínez, subdirector xeral de Enerxía da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.



Así, a implantación de parques eólicos singulares e a súa xestión desde os concellos, os conflitos territoriais que moitas veces xorden á hora de situalos, a interrelación que se establece entre as empresas promotoras, as comunidades de montes e os propios concellos, e, en definitiva, o conxunto de aspectos xurídicos, medioambientais e económicos que se xeran en torno a esta nova realidade, serán abordados e debatidos por expertos e profesionais desta materia.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Administración local galega, da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 7 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela, sede da EGAP.
- 3.3. Datat: 23 de novembro de 2004.
- 3.4. Horarios: de mañá e tarde.
- 3.5. Prazas: 312.

4. Contido

Trataranse estes temas:

- Parques eólicos singulares: planificación e tramitación.
- Os parques eólicos desde a perspectiva do urbanismo e da ordenación do territorio.
- Análise dos aspectos fiscais e tributarios derivados da instalación dos parques eólicos.
- Tramitación e xestión ambiental de parques eólicos.
- Problemática derivada dos deslindes na instalación dos parques eólicos.

5. Convocatoria

DOG n.º 217, do 08-11-04

VII Xornadas internacionais sobre a Universidade e a Administración en Europa: entre o pasado e o futuro (séculos XII-XXI)

[en colaboración coa Universidade da Coruña]

1. Obxectivos

Analizar e debater as cuestións relacionadas coa universidade e a Administración en Europa desde o século XII ao XXI.

2. Destinatarios

Interesados en xeral.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 8 horas.
- 3.2. Lugar: Facultade de dereito da Universidade da Coruña.
- 3.3. Datas: 16, 19 e 22 de novembro de 2004.
- 3.4. Horarios: de 17:00 a 19:00 h.
- 3.5. Prazas: limitadas á capacidade do local.

4. Contido

Unha actividade complementaria da docencia universitaria: os cursos de verán nos séculos XX e XXI. Viaxar cara a Bolonia: vivir en Bolonia. A universidade e as raíces da identidade europea. A arte da disputa na universidade medieval. A «licencia docendi»: comezo e desenvolvemento da carreira universitaria.

5. Convocatoria

Non publicada no *DOG*



Acto de inauguración das VII Xornadas internacionais de lus Commune: universidade e administración en Europa, entre o pasado e o futuro (séculos XII-XXI) (A Coruña, 16 de novembro de 2004)

De esquerda a dereita: Eduardo Cebreiros Álvarez, secretario das xornadas; José Antonio Escudero, catedrático de historia do dereito da Universidade Complutense de Madrid; o director da EGAP; e Emma Montanos Ferrín, catedrática de historia do dereito e das institucións da Universidade da Coruña.

1.3 Outras actividades

Participación nas probas selectivas de acceso á subescala de secretaría-intervención

[en colaboración co INAP]

Convocatoria: Orde do 2 de outubro de 2003, do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE do 18-10-03).

Tribunal cualificador: Resolución do 18 de novembro de 2003, do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE do 02-12-03).

Tribunal n.º 5 de Galicia

Presidente:

Titular:

D. Domingo Bello Janeiro
Catedrático de Universidade

Suplente:

D. César García Novoa
Catedrático de Universidade

Vogais:

Titulares:

D.ª Ana Encarnación Gago Fernández
Escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional

D.ª María Luisa López López
Escala de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional

D. Jesús Suárez de Centi Buján
Corpo de avogados do Estado

Suplentes:

D.ª Carmen Domínguez Lage
Técnico de Administración Xeral de Administración Local

D.ª Lucía León Álvarez
Escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional

D. Fernando García Agudín
Corpo de avogados do Estado

Secretario:

Titular:

D.ª Loreto Díaz Sánchez
Corpo superior da Administración da Xunta de Galicia

Suplente:

D.ª M.ª Concepción Campos Acuña
Escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional

Participación nas probas selectivas de acceso á subescala de secretaría-intervención

[en colaboración co INAP]

Convocatoria: Orde do 10 de maio de 2004, do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE do 9-06-04).

Tribunal cualificador: Resolución do 28 de outubro de 2004, do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE do 12-11-04).

Tribunal n.º 5 de Galicia

Presidente:

Titular:

D. Domingo Bello Janeiro
Catedrático de Universidade

Suplente:

D. César García Novoa
Catedrático de Universidade

Vogais:

Titulares:

D. Juan Antonio Sardina Páramo

Corpo de avogados do Estado

D. Manuel Paz Taboada

Escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional

D.^a Concepción Campos Acuña

Escala de Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional

Suplentes:

D. Juan José Vázquez Seijas

Corpo de avogados do Estado

D. Leopoldo Moure García

Escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional

D. Javier Siro Suárez Rodríguez

Escala de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional

Secretario:

Titular:

D. Rafael Colina Garea

Profesor titular de Universidade

Suplente:

D.^a Loreto Díaz Sánchez

Corpo superior da Administración da Xunta de Galicia

Designación de representantes da EGAP en tribunais de selección de persoal da Administración local galega

Apelidos e nome	Cargo	Denominación da Praza que hai que cubrir	Nº de prazas	Concello	VT / VS
Bermúdez de la Puente Villalba, Luís María	Secretario do Concello de Sanxenxo	Técnico de xestión	2	Deputación Provincial de Pontevedra	VT
López Castro, José	Secretario do Concello de Láncara	Conserxe	1	Concello de Baralla	VS
López Castro, José	Secretario do Concello de Láncara	Auxiliar administrativo	1	Concello de Baralla	VS
Lorenzo Morandeira, Antonio	Secretario do Concello do Páramo	Conserxe	1	Concello de Baralla	VT
Lorenzo Morandeira, Antonio	Secretario do Concello do Páramo	Auxiliar administrativo	1	Concello de Baralla	VT
Núñez Rodríguez, Guillermina	Xefa do Servizo de Administración Local da EGAP	Técnico de administración xeral	3	Deputación Provincial de Pontevedra	VT
Pardo Cabarcos, José Ramón	Secretario xeral da EGAP	Técnico de administración xeral	3	Deputación Provincial de Pontevedra	VS
Rodríguez Castro, Xesús María	Secretario do Concello de Barro	Técnico de xestión	2	Deputación Provincial de Pontevedra	VS

Actividades



**Actividades do Servizo de Estudos,
Investigación e Publicacións**

1. Cursos

Curso medio de linguaxe administrativa galega (24 edicións)

[en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística]

1. Obxectivos

Facilitar a capacitación no uso da lingua galega do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.

2. Destinatarios

O curso vai dirixido ao persoal que realiza funcións administrativas nas diferentes administracións públicas de Galicia. Reservarase o 75% das prazas para o persoal da Administración autonómica galega.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 75 h.
- 3.2. Lugares: A Coruña (4 edicións), Lugo (3 edicións), Ourense (3 edicións), Pontevedra (3 edicións), Vigo (2 edicións), Santiago de Compostela (7 edicións), Ferrol (1 edición), Viveiro (1 edición).
- 3.3. Datas: 1ª quenda, de marzo a abril;
2ª quenda, de outubro a novembro de 2004.
- 3.4. Horarios: de 17.00 a 20.00 h.
- 3.5. Prazas: 35 por edición.



4. Contido

O contido do curso está establecido pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

5. Convocatoria

Orde do 26 de decembro de 2003, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (*DOG* n.º 10, do 16-01-2004)

Curso de francés básico

1. Obxectivos

Ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos elementais da lingua francesa.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 80 h.
- 3.2. Lugar: EGAP.
- 3.3. Datas: do 21 de abril ao 15 de decembro de 2004.
- 3.4. Horarios: en sesións de tarde.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

- Vocabulario.
- Pronuncia.
- Estruturas gramaticais.
- Compresión básica.
- Formulación e contestación de preguntas.
- Análise de situacións concretas da vida corrente.

5. Convocatoria

DOG n.º 55, do 18-03-2004

Curso de conversa en inglés (2 edicións)

1. Obxectivos

A aprendizaxe para conseguir unha fluidez na expresión oral da lingua inglesa.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h. por edición.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: do 26 de abril ao 16 de xuño.
- 3.3. Horarios: luns e mércores, das 17.00 ás 18.30 h (1ª edición); das 18.30 ás 20.00 h (2ª edición).
- 3.4. Prazas: 7 por edición.

4. Contido

Contidos comunicativos. Contidos semánticos. Contidos fonéticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de inglés medio

1. Obxectivos

O curso iniciado no ano 2003 remata en xuño de 2004 e, ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos da lingua inglesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países anglófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Absteranse de solicitar este curso as persoas que xa o fixeron anteriormente. A selección efectuarase en función do resultado dunha proba escrita de nivel de coñecementos de inglés que deberán realizar os candidatos o día 2 de setembro ás 17:00 h no salón de actos da EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia aos candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 150 h., das que 90 terán lugar neste ano.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 8 de xaneiro ao 22 de xuño do 2004
- 3.4. Horarios: martes e xoves, de 17.00 a 19.00 h.
- 3.5. Prazas: 20, das que 11 serán para o persoal da Xunta, sempre que reúna os requisitos de nivel derivados da realización da proba que se practique.

4. Contido

- Consolidación dos tempos verbais, facendo fincapé na correspondencia dos tempos: condicionais, compostos, etc.
- Afondamento no uso dos *phrasal verbs*.
- Adquisición de vocabulario especializado.
- Pronunciar as formas distintas da lingua inglesa e a súa comprensión.
- Desenvolvemento de ideas complexas.

5. Convocatoria

DOG n.º 108, do 05-06-2003

Curso de conversa en francés (2 edicións)

1. Obxectivos

A aprendizaxe para conseguir unha fluidez na expresión oral da lingua francesa.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 24 h. por edición.
- 3.2. Lugares e datas: Santiago de Compostela: do 20 de abril ao 15 de xuño.
- 3.3. Horarios: martes e xoves, das 17.00 ás 18.30 h (1ª edición); das 18.30 ás 20.00 h (2ª edición).
- 3.4. Prazas: 7 por edición.

4. Contido

Contidos comunicativos. Contidos semánticos. Contidos fonéticos.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de inglés superior

1. Obxectivos

O curso iniciado no ano 2003 remata en xuño de 2004 e ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos máis profundos da lingua inglesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países anglófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Absteranse de solicitar este curso as persoas que xa o fixeron anteriormente. A selección efectuarase en función do resultado dunha proba escrita de nivel de coñecementos de inglés que deberán realizar os candidatos o día 2 de setembro ás 17:00 h. no salón de actos da EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia aos candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 150 h., das que 90 terán lugar neste ano.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 8 de xaneiro ao 22 de xuño.
- 3.4. Horarios: martes e xoves, de 19.00 a 21.00 h.
- 3.5. Prazas: 20, das que 11 serán para o persoal da Xunta, sempre que reúna os requisitos de nivel derivados da realización da proba que se practique.

4. Contido

- Consolidación dos tempos verbais, facendo fincapé na correspondencia dos tempos: condicionais, compostos, etc.
- Afondamento no uso dos *phrasal verbs*.
- Adquisición de vocabulario especializado.
- Pronunciar as formas distintas da lingua inglesa e a súa comprensión.
- Desenvolvemento de ideas complexas.

5. Convocatoria

DOG n.º 108, do 05-06-2003

Curso de inglés medio

1. Obxectivos

O curso que rematará en maio 2005 ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos da lingua inglesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países anglófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valorador do Pobo. Absteranse de solicitar este curso as persoas que xa o fixeron anteriormente. A selección efectuarase en función do resultado dunha proba escrita de nivel de coñecementos de inglés que deberán realizar os candidatos o día 2 de setembro ás 17:00 h no salón de actos da EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia aos candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 120 h., das que 50 terán lugar neste ano.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 14 de setembro ao 16 de decembro.
- 3.4. Horarios: martes e xoves, de 17.00 a 19.00 h.
- 3.5. Prazas: 20, das que 11 serán para o persoal da Xunta, sempre que reúna os requisitos de nivel derivados da realización da proba que se practique.

4. Contido

- Consolidación dos tempos verbais, facendo fincapé na correspondencia dos tempos: condicionais, compostos, etc.
- Afondamento no uso dos *phrasal verbs*.
- Adquisición de vocabulario especializado.
- Pronunciar as formas distintas da lingua inglesa e a súa comprensión.
- Desenvolvemento de ideas complexas.

5. Convocatoria

DOG n.º 55, do 18-03-2004

Curso de inglés superior

1. Obxectivos

O curso rematará en maio de 2005 e ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos máis profundos da lingua inglesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países anglófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Absteranse de solicitar este curso as persoas que xa o fixeron anteriormente. A selección efectuarase en función do resultado dunha proba escrita de nivel de coñecementos de inglés que deberán realizar os candidatos o día 2 de setembro ás 17:00 h. no salón de actos da EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia aos candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 120 h., das que 50 terán lugar neste ano.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 14 de setembro ao 16 de decembro.
- 3.4. Horarios: martes e xoves, de 19.00 a 21.00 h.
- 3.5. Prazas: 20, das que 11 serán para o persoal da Xunta, sempre que reúna os requisitos de nivel derivados da realización da proba que se practique.

4. Contido

- Consolidación dos tempos verbais, facendo fincapé na correspondencia dos tempos: condicionais, compostos, etc.
- Afondamento no uso dos *phrasal verbs*.
- Adquisición de vocabulario especializado.
- Pronunciar as formas distintas da lingua inglesa e a súa comprensión.
- Desenvolvemento de ideas complexas.

5. Convocatoria

DOG n.º 55, do 18-03-2004

Curso de inglés comunitario

1. Obxectivos

Introducir os alumnos na realidade institucional e de traballo da Unión Europea, e poñer á súa disposición as ferramentas lingüísticas necesarias para que poidan desenvolver eficazmente o traballo relacionado cos temas comunitarios.

2. Destinatarios

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 48 h.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 13 de setembro ao 7 de outubro.
- 3.4. Horarios: de luns a xoves, de 17.00 a 20.00 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido

Desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas: lectura, comprensión auditiva, comunicación oral e comunicación escrita.

5. Convocatoria

DOG n.º 38, do 24-02-2004

Curso de francés superior

1. Obxectivos

O curso iniciado no ano 2003 remata en xuño de 2004 e, ten por obxectivo proporcionar uns coñecementos máis profundos da lingua francesa para relacionarse de forma eficaz, oralmente ou por escrito, con persoas ou institucións de países francófonos.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Absteranse de solicitar este curso as persoas que xa o fixeron anteriormente. A selección efectuarase en función do resultado dunha proba escrita de nivel de coñecementos de francés que deberán realizar os candidatos o día 3 de setembro na aula 11 da EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia aos candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 150 h. das que 92 terán lugar no 2004.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 12 de xaneiro ao 28 de xuño.
- 3.4. Horarios: luns e mércores, de 19.00 a 21.00 h.
- 3.5. Prazas: 20, das que 11 serán para o persoal da Xunta, sempre que reúna os requisitos de nivel derivados da realización da proba que se practique.

4. Contido

- Introducción.
- A comunicación telefónica.
- A correspondencia.

5. Convocatoria

DOG n.º 108, do 05-06-2003

Curso de portugués, nivel básico (2 edicións)

1. Obxectivos

Comprender a información global e específica das mensaxes orais e escritas da lingua portuguesa relativas ás diversas situacións habituais da comunicación, emitidas directamente polos falantes ou polos medios de comunicación.

Producir mensaxes orais e escritas en portugués, utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos, nas diversas situacións habituais da comunicación para conseguir que esta sexa fluída e satisfactoria.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Daráselles preferencia aos candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 80 h.
- 3.2. Lugar, horarios e datas: Santiago de Compostela: martes e xoves, de 17.00 a 19.00 h., do 29 de abril ao 30 de novembro; Vigo: luns e mércores de 17.00 a 19.00 h, do 29 de abril ao 30 de novembro.
- 3.3. Prazas: 20, das que 11 serán para a Administración autonómica, 4 para a local, 2 para a universitaria, 1 para a do Parlamento, 1 para o Consello de Contas e 1 para o Valedor do Pobo.

4. Contido básico

- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Actitudes.

5. Convocatoria

DOG n.º 55, do 18-03-2004

Curso de portugués, nivel I

1. Obxectivos

Proporcionar uns coñecementos da lingua portuguesa a un nivel medio, de xeito que permita establecer contactos nesta lingua e acadar unha comunicación e comprensión cun bo grao de eficacia.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, da Administración local, das universidades de Galicia, do Parlamento, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Abasteranse de solicitar este curso as persoas que xa o fixeron anteriormente. A selección efectuarase en función do resultado dunha proba escrita de nivel de coñecementos de portugués que deberán realizar os candidatos o día, a hora e o lugar que determine a EGAP. Dentro do nivel adecuado daráselles preferencia aos candidatos que acrediten a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 80 h.
- 3.2. Lugar, horarios e datas: Santiago de Compostela: martes e xoves, de 19.00 a 21.00 h., do 29 de abril ao 30 de novembro.
- 3.3. Prazas: 20.

4. Contido básico

Adaptarase o nivel do grupo seleccionado.

5. Convocatoria

DOG n.º 55, do 18-03-2004

Curso de introdución á linguaxe de signos

1. Obxectivos

Desenvolver alternativas de comunicación na atención ao público.

2. Destinatarios

Persoal da Administración da Xunta de Galicia, preferentemente o destinado nas unidades de información e atención directa ao cidadán. Acreditarse a relación do posto de traballo co contido do curso.

3. Desenvolvemento

- 3.1. Duración: 30 horas.
- 3.2. Lugar: Santiago de Compostela.
- 3.3. Datas: do 24 de maio ao 8 de xuño.
- 3.4. Horarios: luns a xoves, de 17.00 a 20.00 h.
- 3.5. Prazas: 20.

4. Contido


Coñecemento básico da linguaxe de signos. Desenvolvemento de técnicas para favorecer a comunicación.

5. Convocatoria

DOG n.º 55, do 18-03-2004

2. Seminarios, xornadas, etc.

Actos en conmemoración do Día das Letras Galegas: mesa redonda sobre a vida e obra de Xaquín Lorenzo Fernández



1. Obxectivos

Con motivo de dedicar a Real Academia Galega o Día das Letras Galegas do ano 2004 a Xaquín Lorenzo Fernández, a EGAP súmase, como institución pública galega, á homenaxe deste personaxe, organizando unha mesa redonda sobre a súa vida e obra. Esta acción formativa completárase cunha viaxe de interese cultural.

2. Destinatarios

Na mesa redonda poderá participar o persoal das administracións públicas e calquera outra persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 40 prazas); no caso de presentarse máis solicitudes que prazas terá preferencia o persoal da Xunta. A inscrición na viaxe implica a obrigatoriedade de asistir á mesa redonda.

3. Desenvolvemento

3.1. Mesa redonda:

- Data: 11 de maio.
- Hora: 13.00 h.
- Lugar: EGAP.

3.2. Viaxe cultural: 17 de maio.

4. Contido

Análise da vida e obra de Xaquín Lorenzo Fernández.

5. Convocatoria

DOG n.º 79, do 26-04-2004

3. Investigación

3.1. Bolsas de investigación

Bolsas de linguaxe administrativa inglesa (1 bolsa)

Convocatoria: *DOG* n.º 4, do 8 de xaneiro de 2004.

1. Obxectivos

A realización na EGAP de estudos e prácticas sobre linguaxe administrativa inglesa.

2. Destinatarios

Licenciados en filoloxía inglesa.

3. Solicitudes presentadas

11.

4. Adxudicación

Resolución do 1 de abril de 2004.

5. Adxudicatarios e período de gozo

- ABEL VÁZQUEZ, Blanca (16-02-04 ao 31-04-04).
- PASTOR GÓMEZ, Iria (01-04-04 ao 31-12-04).

Bolsas de linguaxe administrativa galega (2 bolsas)

Convocatoria: *DOG* n.º 4, do 8 de xaneiro de 2004.

1. Obxectivos

A realización na EGAP de estudos e prácticas sobre linguaxe administrativa galega.

2. Destinatarios

Licenciados en filoloxía galega.

3. Solicitudes presentadas

27.

4. Adxudicación

Resolución do 1 de abril de 2004.

5. Adxudicatarios e período de gozo

- RODRÍGUEZ PARADA, Raquel (01-04-04 ao 30-09-04).
- GONZÁLEZ BUENO, M.^a do Carme (01-04-04 ao 31-08-04).
- SAYÁNS GÓMEZ, Antonio (01-09-04 ao 31-12-04).
- GONZÁLEZ TARRELA, Mar (15-10-04 ao 31-12-04).

Bolsas de colaboración en tarefas de estudo e análise sobre materias xurídicas e político-administrativas (5 bolsas)

Convocatoria: DOG n.º 4, do 8 de xaneiro de 2004.

1. Obxectivos

Catro bolsas serán para a realización de estudos e análise sobre materias xurídicas e unha sobre materias político-administrativas.

2. Destinatarios

Licenciados en dereito e en ciencias políticas.

3. Solicitudes presentadas

44 solicitudes para bolsas sobre materias xurídicas.

14 solicitudes para bolsas sobre materias político-administrativas.

4. Adxudicación

Resolución do 25 de maio de 2004.

5. Adxudicatarios e período de gozo

Bolsas sobre materias xurídicas

- VERA FRAIZ, Borja (27-05-04 ao 15-11-04).
- BARREIRO PEREIRA, Xosé Antón (07-06-04 ao 31-12-04).
- PARDO GATO, José Ricardo (27-05-04 ao 31-12-04).
- REBOLLEDO VARELA, José M.ª (26-05-04 ao 31-12-04).
- REBOREDO ORTEGA, Diego Ricardo (renuncia o 26-05-04).
- VILLOCH BAÑOBRE, M.ª Dolores (22-11-04 ao 31-12-04).

Bolsas sobre materias político-administrativas

- GONZÁLEZ HILTNER, Juan Manuel (27-05-04 ao 04-10-04).
- LORENZO FERNÁNDEZ, Anselmo (15-10-04 ao 19-10-04).
- CAMBA MARIÑO, Mariana ((27-10-04 ao 31-12-04).

Bolsas de biblioteconomía e documentación (3 bolsas)

Convocatoria: *DOG* n.º 4, do 8 de xaneiro de 2004.

1. Obxectivos

Para a execución de tarefas de biblioteconomía e documentación na biblioteca desta escola.

2. Destinatarios

Titulados superiores universitarios con especialidade en bibliotecas ou licenciados en dereito con formación e experiencia en bibliotecas.

3. Solicitudes presentadas

38.

4. Adxudicación

Resolución do 1 de abril de 2004.

5. Adxudicatarios e período de gozo

- FANDIÑO SUÁREZ, M.^a Carmen (01-04-04 ao 30-09-04).
- DOMÍNGUEZ MÉNDEZ, Gaspar (01-04-04 ao 31-12-04).
- CANA VILLAR, María (01-04-04 ao 15-05-04) renuncia.
- GRILLE LEIS, Mónica (27-05-04 ao 31-12-04).
- VILLAMAYOR TORRES, Ana M.^a (15-10-04 ao 31-12-04).

3.2. Premios

XIII Premio Manuel Colmeiro

1. Obxectivos

Fomentar estudos e traballos inéditos sobre a Administración pública de Galicia desde unha perspectiva xurídica, económica, sociolóxica, etc.

2. Destinatarios

Investigadores no eido da Administración pública.

3. Dotación

4.510 €.

4. Convocatoria

Orde do 16 de marzo de 2004 (DOG n.º 67, do 06-04-2004).

5. Adxudicatario

Jaime Concheiro del Río.

6. Título do traballo premiado

Los tribunales autonómicos de defensa de la competencia.



Reunión do xurado do Premio Manuel Colmeiro (EGAP, 29 de outubro de 2004)

De esquerda a dereita: José Ramón Vázquez Sandes, valedor do pobo; Jesús Souto Prieto, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; o director da EGAP; Luciano Fariña Busto, conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia; e José Antonio García Caridad, presidente do Consello Consultivo de Galicia.

4. Publicacións

4.1. Publicacións periódicas

Memoria 2003

Páx.: 319.

Formato: 24,5 x 18,5.

Tiraxe: 600 exemplares.

Revista Galega de Administración Pública (REGAP)

N.º 34

Páxinas: 333.

Formato: 24 x 17.

Tiraxe: 500.

Resumo do índice:

Estudos:

- Enrique López López, *La nueva prisión provisional.*
- Ana María Pita Grandal, Jaime Aneiros Pereira, *A colaboración entre as distintas administracións tributarias. Especial referencia á Facenda local*
- María del Carmen Calvo Sánchez, *El nuevo juicio de faltas regulado por Ley 38/2002, de reforma parcial de la Ley de Juiciamiento Criminal (BOE de 28 de octubre).*

Notas e Comentarios

Xurisprudencia

Crónica parlamentaria

Crónica administrativa

Bibliografía e recensións



N.º 35

Páxinas: 347.

Formato: 24 x 17.

Tiraxe: 500.

Resumo do índice:

Estudos:

- Domingo Bello Janeiro, *As persoas maiores na Constitución*
- José Luis de los Mozos y de los Mozos, *Anomalías del contrato y sus remedios: inexistencia, nulidad y anulabilidad en el ante proyecto de código europeo de contratos de la Academia de Pavía*
- Juan Miguel de la Cuétara Martínez, *Debates parlamentarios y derechos de autor*
- Juan Cadarso Palau, *Escritos e informes forenses, sentencias y propiedad intelectual*

Notas e Comentarios


Xurisprudencia

Crónica parlamentaria

Crónica administrativa

Bibliografía e recensións





N.º 36

Páxinas: 320.

Formato: 24 x 17.

Tiraxe: 500.

Resumo do índice:

Estudos:

- José M. Otero Lastres, *Concepto legal de diseño y requisitos de protección*
- Carlos Rogel Vide, *El diseño y la propiedad industrial*
- Hipólito Pérez Novo, *El régimen del suelo del núcleo rural*
- Andrés Cernadas Ramos, Rocio Fentanes Fortes, *Cultura política y participación ciudadana en la Administración local de Galicia*

Notas e Comentarios

Xurisprudencia

Crónica parlamentaria

Crónica administrativa

Bibliografía e recensións

4.2. Publicacións non periódicas

Título:

Los consorcios administradores de zonas francas. El consorcio de la Zona Franca de Vigo.

Autor: Juan José

Vázquez-Portomeñe Seijas.

Páxinas: 255.

Editan: Atelier Administrativo,
Consortio da Zona Franca de Vigo.

Formato: 17 x 24.

Resumo:

O libro é unha monografía que foi galardoada cunha mención especial no Premio Colmeiro convocado pola EGAP no ano 2003.



5. Biblioteca - Centro de documentación

1. Servizos

Durante o ano 2004 realizáronse os seguintes servizos:

1.1 Servizo de préstamo

Realizáronse 903 préstamos de libros.

1.2. Servizo de información e referencia

Houbo 109 peticións de información sobre temas xurídicos, solicitadas persoalmente, por vía telefónica ou por correo. Normalmente a información requirida foi bibliográfica, legislativa e xurisprudencial sobre un tema e un período concreto, e os solicitantes foron persoal investigador da EGAP, da universidade ou funcionarios.

Para efectuar as buscas de información bibliográfica empregáronse as bases de datos en disco óptico do ISBN, CSIC e Bibliografía Española, así como boletíns de información de organismos oficiais, repertorios bibliográficos, libros e publicacións periódicas da biblioteca.

Para realizar as buscas de lexislación e xurisprudencia, empregáronse as bases de datos *on-line* e DVD-ROM de Aranzadi de lexislación (desde 1929), xurisprudencia (estatal desde 1979 –Salas do Tribunal Supremo e Tribunal Constitucional– e de tribunais superiores de xustiza e audiencias provinciais), convenios colectivos e lexislación das comunidades autónomas, a base de datos en CD-ROM da lei *ecoiuris*; tamén se utilizaron nesta tarefa boletíns oficiais, revistas xurídicas, coleccións de textos legais e repertorios impresos de lexislación e xurisprudencia española e estranxeira.

Para a elaboración das ditas buscas accedeuse, tamén a través de internet, aos distintos catálogos de bibliotecas nacionais (Biblioteca Nacional de España, Library of Congress, British Library...), bibliotecas universitarias, etc. así como as diferentes páxinas web de organismos oficiais, entre elas, ás do Congreso dos Deputados e do Senado de España.

A biblioteca conta cun OPAC (Catálogo Público de Acceso en Liña), no cal os usuarios poden consultar os rexistros informatizados no Sistema Integral de Bibliotecas do programa Biblio 3000.

2. Incorporación de fondos

2.1. Libros

Neste ano entraron na biblioteca, ben mediante doazón, ben mediante compra, 330 títulos de libros. Actualmente o fondo de monografías da biblioteca está composto por 10.930 unidades bibliográficas.

2.2. Publicacións periódicas

Fixéronse as seguintes subscricións:

■ *Revista Práctica Derecho de Daños*

O fondo de publicacións periódicas está constituído actualmente por 270 títulos, sendo 11 deles títulos de boletíns e diarios oficiais.

3. Difusión

3.1. Boletín de sumarios

Elaboráronse 12 boletíns de sumarios que recollen os índices das revistas que a biblioteca ten en subscripción, tanto nacionais coma estranxeiras, elaborándose mensualmente. Este boletín distribúese actualmente a bibliotecas xurídicas e a determinados organismos públicos.

3.2. Boletín de novidades

Realizáronse 12 boletíns de novidades onde se recollen as adquisicións mensuais, e que se lles facilita aos distintos servizos da escola e que se lle pon tamén á disposición dos usuarios da biblioteca.



Profesores colaboradores

■ **ABEL VILELA, Fernando**

Profesor titular de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela

Curso o expediente administrativo e os documentos administrativos

■ **ABEL SOUTO, Miguel**

